

# A NOSA TERRA



Emigrantes na Suíza poderán reclamar as pensións complementarias de velez

7

Os institutos do Salnés só cumpren coa metade da lei do galego

8



Alfredo Suárez Canal: "Máis que un cambio político, o que está en xogo é a supervivencia de Galiza"

9

Felipe González conta agora o golpe de Estado que puido comezar na Coruña en 1984

15

Emilio Cao: "Trunfan os cantautores españois porque non os hai galegos"

21

5 DE DECEMBRO • 1996 • ANO XIX

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 755 • 200 PTA

## Inquietude no PP e apoio dalguns alcaldes populares ás protestas Galiza mobilízase, a Xunta calada



Traballador de Endesa fronte á sede da Xunta en Santiago o pasado día 3.

A. IGLESIAS

- Folgas xerais na Limia e nas Pontes
- Manifestación dos produtores de leite
- Manifestación dos traballadores de Endesa
- Concentracións dos funcionarios
- Mobilizacións de traballadores en cinco cidades
- Tres días de mobilizacións estudantis
- Asembleas e encerros nos centros de ensino

### GUIA DOS MOLUSCOS DE GALICIA

Emilio Rolán-Jorge Otero Schmitt

### GUIA DAS PLANTAS MEDICINAIS DE GALICIA

Antonio Rigueiro, Rosa Romero, F.J. Silva-Pando, Enrique Valdés

Dúas guías verdes, amplamente ilustradas, realizadas por especialistas e orientadas á divulgación. Libros prácticos e de coitado deseño. Inclúen numerosos índices que facilitan o seu uso.

galaxia



## A política correcta de Fraga

Fraga sempre puxo como escudo da súa política galega ao Goberno central e máis á UE. O Goberno central converteuse en *Goberno amigo* e só lle quedan como disculpa as directrices comunitarias para xustificar o sistemático ataque aos sectores produtivos e ás clases máis desfavorecidas. Até de agora foi quen de disfarzar a súa política claramente de dereitas dándolle ao hisopo populista con recendos galeguistas. Mais as últimas actuacións das FOP puxeron de manifesto a súa verdadeira faciana política.

Na Franza os camioneiros bloquearon as estradas durante 12 días, interrompindo mesmo unha boa parte do comercio comunitario. Os mineiros do Bierzo tamén cortaron durante oito días a principal arteria comunicativa coa meseta castellana. A policía non actuou. Na Galiza, cunhas protestas moito menores, a contundencia e alevosía do Guardia Civil e da Policía trae a lembranza de Gasteiz ou Rentería. Non é algo anecdótico nen feitos isolados. Esta política mostrouse en Povisa aos poucos días do cambio de Delegado do Goberno e continuou en Pontevedra e Compostela. Fraga non só xustifica estas actuacións, senón que impartiu ordes directas de que esta é a *política correcta*. ♦

O día 14 mobilización nacional de traballadores, convocada pola CIG en Santiago.

O día 15 tractorada en todas as estradas de Galiza en contra da multa por producir leite.

## A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:

Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE:  
Cesáreo Sánchez Iglesias.VICEPRESIDENTE:  
Xaquín Acosta.CONSELLEIRO DELEGADO:  
Xosé Fernández Puga.VOGAIS:  
Alberte Ansedo, Xosé M<sup>a</sup>  
Doberro, Manuel Dios, Manuel  
Veiga, Xosé Castro Rato, Manuel  
Portas e Xan Costa.SECRETARIO:  
Xan Piñeiro.

Director:

Alfonso Eiré López

Redacción:

Gustavo Luca de Tena,  
Xan Carballa, Manuel Veiga,  
Horacio Vixande,  
Arantxa Estévez, Carme Vidal,  
Paula Castro.FOTOGRAFÍA:  
Anxo IglesiasDIRECCION ESPECIAL:  
Xosé Enrique Acuña.DISEÑO GRAFICO:  
Xoselo Taboada.

Colaboradores:

PESCA:  
Severino Xestoso.SANIDADE:  
María Alonso.AGRO:  
Xoán C. Garrido.DEPORTES:  
Rodolfo Dacuña.MADRID:  
Manuel Seoane.BARCELONA:  
Iria Varela.PORTUGAL:  
Gonzalo Nuno.CULTURA:  
Xoán M Estévez,  
Celso López Pazos,  
Manuel Vilar, Lupe Gómez,  
Oscar Losada, Gonzalo Vilas,  
Xosé M. Eiré Val,  
Xosé M<sup>a</sup> de Castro Erroleta,  
Xesus González Gómez.LEGER:  
Iago LucaFotografía:  
Andrés Panaro,  
Xosé Marra,  
Voz Noticias.Ilustración:  
Xosé Lois, Pepe Carreiro,  
Cairos Silvar, Gonzalo Vilas.Publicidade:  
Carlos Martínez MuñozXefa de Administración:  
Blanca CostasSubscripcións:  
Lola Fernández PugaVendas:  
Xosé M. Fdez. AbraidesRedacción e Administración:  
Rúa do Príncipe 22, baixo,  
36202 Vigo  
Apartado 1371. 36200 Vigo

Teléfonos:

Redacción:  
(986) 43 38 86 - 22 24 05  
Fax (986) 22 31 01ADMINISTRACIÓN, SUBSCRIPCIÓN E  
PUBLICIDADE:  
(986) 43 38 30'Imprenta:  
E.C. C-3 1958Depósito Legal:  
C-963-1977ISSN:  
0213-3105Non se mantén  
correspondencia sobre  
orixinais non solicitados.Está permitida a reprodución  
sempre que se cite a  
procedencia.

Os gandeiros maniféstanse en Santiago e anuncian que paralizarán Galiza cos tractores o día 15

## Todos os ramos produtivos mobilízanse ante a pasividade da Xunta

♦♦ PAULA CASTRO

As mobilizacións, xa frecuentes nos últimos meses, acadaron na última semana un dos seus puntos máis álxidos dos últimos anos. Traballadores de *Endesa*, gandeiros, produtores de pataca, funcionarios, estudantes do ensino universitario e médio, profesorado de institutos e obreiros en xeral están a protagonizar estes días dúcias de manifestacións, enceros e asambleas. O Goberno autónomo non ofreceu aínda resposta a nengun destes sectores. Péis a dureza policial nalgúns actos, descoñecida nos últimos tempos, é moi probábel que as protestas se recrudezan na próxima semana.



Os gandeiros ocuparon toda a Avenida Xoan XXIII de Compostela.

Reportaxe Gráfica: ANXO IGLESIAS

**U**nha multitudinaria manifestación de gandeiros, moitos deles con tractores, percorría as rúas de Santiago o pasado día 4. Pero este puido ser só un novo acto das protestas do sector leiteiro. Para o 15 de Xaneiro anunciábase unha tractorada que pode paralizar toda Galiza e a data podería mesmo adelantarse se as industrias comezan a cobrar a supertaxa. A Mesa do Leite afirma non ter nengunha noticia directa da "rebaixa" manifestada polo Conselleiro de Agricultura ante os medios de comunicación. Lidia Senra, do SLG, calificou esta proposta de "manobra electoral".

Na anterior manifestación convocada pola Mesa para o Sector Lácteo, Lidia Senra, Secretaría Xeral do Sindicato Labrego, aseguraba que se non se lle daban solucións ao problema da supertaxa traerían os tractores. Transcurridos dous meses e sen que desde o goberno autonómico ou central se lles dese nengunha saída, o día 4 uns cinco mil gandeiros acompañados por 200 tractores achegáronse a Compostela para ratificar as

suas reivindicacións.

A manifestación foi interrompida na rúa Xoan XXIII por unha furgoneta da policía cruzada na calzada que impediu o paso dos tractores. Os condutores foron obrigados a baixarse e a continuar a pé co resto dos manifestantes. Na Praza do Obradoiro varias dúcias de policías fortemente armados e numerosos furgóns agardaban apostados, nunha actitude que xa é común desde que o Partido Popular se fixo cargo dos gobernos civís.

As intervencións finais serviron para lembrar aos estudantes pechados na Facultade de Historia e para criticar a actitude policial do día anterior. Un dos oradores informou das tentativas dos alcaldes da bisbarra de Ordes para que non se celebrase a mobilización labrega.

### Adianto da tractorada

Lidia Senra calificou de "manio-



bra electoral" as palabras do Conselleiro Pérez Vidal o día anterior quen sinalara que quedarían exentos de pagar a multa os gandeiros que non sobrepasaron os 7 mil quilos de produción. Posteriormente soubose que a postura do Conselleiro de Agricultura fora difundida através dos medios de comunicación, pe-

ro non tiña carácter real a outros niveis. A secretaria do SLG respondería, contodo, a estas palabras apondo que aínda que quedasen exentos os gandeiros por baixo de 7 mil, os de máis cuota non poderían pagar e os que están limitados a 7 mil non poderían sobrevivir. Lidia Senra engadiu que "seguro que cando pasen as eleccións repítennos que temos que pagar a multa tal e como estaba previsto". A responsable do SLG afirmou tamén que aínda que a Consellería tache a súa postura de irresponsábel, nunca ían permitir que "siga entrando leite de fora do Estado diante dos nosos fuciños".

Tomás Díaz, de Xóvenes Agricultores, responsabilizou a Lolyola del Palácio do que estaba a suceder e asegurou que a situación do sector era moi crítica, porque "en ningún caso se pode asumir o pago dos 2.800 millóns de multa que se nos impón". O representante de

Pasa á páxina seguinte

## Os traballadores de Endesa afirman que incrementarán as protestas

Vários miles de traballadores de Endesa e familiares manifestáronse o día 3 en Santiago, mentres a vila de As Pontes permanecía pechada a cal e canto na segunda folga xeral que vivía en menos dun mes. Membros do comité de empresa afirman que nos próximos días as mobilizacións irán a máis.

As doce da mañán saían da Alameda as primeiras columnas de traballadores da mina e da central eléctrica que proporciona máis de 40 mil millóns de pesetas de beneficios anuais ao Estado e que vive actualmente un proceso de cerre, debido as importacións de carbón exterior. A factoría das Pontes tampouco está en boas condicións para a importación do mineral dado o espectacular abandono das vías de comunicación entre a central eléctrica e o porto de Ferrol. As promesas de crear empregos alternativos foron desouvidas, pésie a que a veta de lignito da localidade, unha das máis importantes do continente, proporcionou inxentes beneficios durante anos, dos que Galiza apenas saiu beneficiada.

Desde a tarde do Luns, a sé do

governo galego no Pazo de San Caetano aparecía atrincheirada tras un valado situado a máis de tres metros de distancia da verxa de ferro que rodea as súas dependencias.

Manuel Fraga, lonxe de recoller as reivindicacións dos traballadores ante o goberno central, dera xa orde indirecta a semana anterior (Diz Guedes, o Delegado do goberno central, é un dos máis coñecidos fieis do presidente) de disolver con contudencia as protestas, a consecuencia do cal se produciu a masiva acometida da Garda Civil contra traballadores e cidadáns de Pontedeume (ver páxina 4). Esta vez eran douscentos policías armados e 40 furgonetas as que agardaban polos empregados de Endesa. Nas ruas conlindantes a San Caetano e no outeiro das Cancelas, xusto enriba do pazo, permaneceron agachados outros grupos de policías, tamén armados, dispostos para actuar.

Os representantes sindicais tranquilizaron en todo momento aos manifestantes, claramente molestos polo provocativo despregue policial. As columnas chegaron,



Traballadores e familiares de Endesa manifestáronse ante a sede da Xunta, rodeada por máis de 200 policías.

pésie a todo, ao perímetro dunha silenciosa sé governamental. O presidente encontrábase en Vigo visitando a Fotobienal. ♦



Manifestación da CIG en Vigo o pasado día 28.

## A CIG mobilizou a milleiros de persoas en toda Galiza

"Paremos as agresións contra a clase traballadora" foi o lema que encabezou as manifestacións celebradas nas diferentes cidades galegas, seguindo a convocatoria da CIG. O Xoves 28 uns catro mil traballadores percorrían as ruas de Vigo e aproximadamente a metade desta cifra facían en Ourense. Tamén en Ferrol se celebraba outra manifestación para criticar os recortes sociais e laborais, pedir creación e estabilidade no emprego e defender as empresas e os servizos públicos. O día 3, o

lugar da protesta sería Santiago. Meios da central nacionalista calificaban de éxito esta múltiple convocatoria en solitario —CCOO e UGT preferiron esperar as próximas decisións do goberno—. O próximo 14 a CIG espera realizar unha concentración masiva en Santiago, de carácter nacional.

### "Silencio da prensa" en Ourense

O Secretariado Comarcal da CIG de Ourense facía, ao día seguinte

de celebrarse a manifestación nesta cidade, unha fonda crítica da actitude dos medios de comunicación. Segundo un comunicado desta central *La Voz de Galicia* dedicou sete palabras ao acto e *La Región* 101. Tamén se resaltaba o papel das televisións públicas "que nuns casos silenciaron a existencia do acto e noutros manipularon o seu contido". En contraposición a dirección da CIG en Ourense considera que se tratou "dunha das maiores manifestacións obreiras celebradas en Ourense nos últimos anos". ♦

funcionar no agro galego.

### A venda de Larsa

Ante as noticias aparecidas, simultaneamente a estes actos, de que o grupo francés proprie-

tario de Larsa podería desprenderse da mesma para entregarlle a un grupo asturiano, representantes dos gandeiros xulgan que esta é a oportunidade de que a empresa volte a mans galegas. ♦

## Eleicións anticipadas, xa!

As eleicións anticipadas son a única saída para un país con graves problemas e cun goberno autónomo claramente esgotado e desbordado polos acontecementos. Mentres en todo o Estado, nos seus parlamentos e en todas as esferas de decisión se negocia e se estudan alternativas, en Galiza os distintos sectores económicos non teñen máis medios que a mobilización para facerse escoitar. Como se as súas necesidades non fosen xustas e evidentes!

Os sete anos de Manuel Fraga a cargo da presidencia da Xunta merecerán as valoracións e análises pertinentes, pero do que non cabe dúbida é de que a súa etapa está chegando ao final. Non porque o digan xa tamén os inquérutos, senón, e sobre todo, porque o reclama a sociedade. Nestes casos, en todas as democracias, ás que tanto se alude para outras cuestións, o que procede é unha convocatoria inmediata de eleicións.

É absolutamente negativa para Galiza unha situación na que a sé do goberno debe estar permanentemente rodeada de dous centenares de policías, porque os máis variados sectores manifestan alí as súas urxentes demandas. Desde os despachos non se ofrece diálogo, non con certeza por unha obcecación transitória dos seus responsábeis, senón pola súa carencia manifesta de alternativas e programas que ofrecer aos afectados e á sociedade en xeral, máis alá do turismo rural e de lemas pretenciosos e mesmo paradóxicos neste momento como o de *Galiza Pórtico da Glória*.

O PP e a Xunta son hoxe realidades virtuais e a conciencia de que iso é así non se lle escapa aos seus membros que están a reaccionar con nervosismo crecente, como mostra de modo palpábel o recurso reiterado ás forzas de orde público para aplacar unha situación que os desborda.

O cinturón de silencio informativo móstrase ineficaz porque a sociedade non precisa ser informada do que sofre. De nada serve agachar que está a descender a poboación activa, cando o paro é evidente en todas as familias. Mesmo é cada vez máis claro para o raciocinio común un contexto político que mostra a Manuel Fraga reivindicando a "débeda histórica" con seis meses de retraso a respecto de todas as demais comunidades. Unha Xunta incapaz de conseguir do Estado 2.800 millóns para sufragar como en anos anteriores a supertaxa, mentres o mesmo Estado central gasta —como apuntou o presidente dos empresarios— 225.000 millóns en soste o carbón do Bierzo. Un Goberno galego incapaz de exibir unha mostra de dignidade do presidente Aznar que ven de reunirse con Major, non para que este o apoie no tema de Cuba, como contan os xornais, senón para que o británico imponha o idioma inglés obrigatorio en todos os barcos que pescan baixo o seu pabillón, entre eles moitos galegos. Unhos parlamentarios populares, eleitos polas nosas circunscricións, que aceitan a humillación do seu xefe de filas madrileño de ter que ser eles propios os que responden nas Cortes ás propostas galegas, veiculadas polo BNG, pero expostas e sentidas polos sectores económicos implicados.

Por todo iso non cabe menos que emular unha coñecida consigna e decirlle ao presidente, desde os catro puntos cardinais deste país: Vaiase, señor Fraga! ♦

Ven da páxina anterior

Unións Agrarias rexeitou a opción ofrecida dun crédito a tres anos para pagar as multas, sinalando que esa non era a solución para as máis de 50 mil explotacións que están a

## Maria Calvo Leira, nai da nena ferida en Pontedeume por un disparo da Guardia Civil 'Danlle un chisco máis abaixo e non se salva'

◆ G. LUCA DE TENA

Maria Calvo, a nai da cativa de dous anos ferida por unha bala de goma da Guardia Civil na carga de Pontedeume, está convencida de que a súa filla vive de milagro. "O disparo pegoulle na parte baixa do oso frontal e fixo cachizas unha viseiriña con oreilleiras que levaba; os médicos din que se lle dan un chisco máis abaixo estaría morta".

Lanzado desde menos cen metros de distancia, o disparo bateu contra a cara da nena cando estaba no colo da nai. Maria Calvo paseaba co seu pai e a súa filla Maria pola Rúa Real de Pontedeume acompañada por unha curmá e a filla desta. Ao lonxe, os obreiros de Endesa de As Pontes cortaban a estrada da Coruña. "Sabiamos que había unha manifestación e por iso non baixamos en coche desde a rúa Ricardo Sánchez ao centro. Fomos a pé a miña curmá e mais eu e recollimos polo camiño á miña sobriña e ao meu pai, que estaba na praza dos taxis".

As balas de goma sorprendéron ao grupo familiar á altura da Praza do Campo, antes que unha parte dos manifestantes escapasen por alí da carga da Guardia Civil. Unha bola rebotou na cara da pequena e aínda gardou inercia abondo para golpear á Maria Calvo con moita forza na vidalla esquerda. A contusión tirounas por terra. "Amparámonos do barullo no bazar de regalos que hai no número 8 da Rúa Real. Case me matan á nena que tiña un golpe tremendo entre os ollos. Chegou un home que dixo que era médico e pediu xelo para aplicarllo na fronte á cativa. O meu pai estaba fora de si de indignación".

Dez metros máis abaixo, unha rapazada saía do *Salón Recreativo* alarmados polos trallazos da balas contra portas e fiestras da praza. Ramón Allegue, de 15 anos sentiu como se lle abrasaran a orella esquerda. Era unha bala de goma que non se lle esnafrou na caluga por un dedo. "Estabamos nos xogos e non sabiamos que bronca era aquela. Namais asomarnos, pegáronlle ao Ramón na orella que se lle puxo toda colorada e doialle", conta Iván Placer, de 15 anos, alumno de 1º de FP.

### Unha bala na galeiría

O estrondo dunha segunda andanada de balas e botes de fume conmoveu a centos de persoas que ás sete e cuarto da tarde paseaban polo centro. Pilar Leira Varela sufriu un ataque de nervios polo que tería que recibir máis tarde asistencia no hospital. Nunha galeiría do paseo, a non moita distancia da sucursal da *Caixavigo*, unha bala rachou unha cristaleira e aínda pegou con forza en mobles e



Obreiro de Endesa ferido na carga da Garda Civil.

alzadeiros. "Da a vida que non estabamos na casa nese momento", comenta Fina Castro. "Tiraban contra todo e aínda teñen a cara de culpar por pasearen pola Rúa Real aos pais desa nena que feriron, a moita distancia de onde facían o corte. Que salvaxada!".

O obreiro de Endesa Xúlio Sánchez xacía derrubado por outra bala de goma, ao pé do

Bazar Charo, na Praza dos taxis. O sangue da sobrancela dereita cobrialle toda a cara e a camisa. Alguns viciños fixeron por asistilo pero foron obrigados a retroceder por ameazas da Guardia Civil. O taxista do *Citroen Xantia* C-6594-BG que estaba na parada da praza, sentiu como o faro esquerdo saltaba en cachizas doutro disparo e pediu repetidamente aos axentes que lle deixasen

retirar o coche, antes que o fume os botase fora do estacionamento.

Asustado polos disparos e confundido polo fume, un vello que cruzaba a Rúa Real amparouse contra unha columna. Un guardia civil con casco, coraza e fusil preguntoulle *Que coño haces aquí?* O anciano tateaba unha explicación cando o axente prendeu polas lapelas do abrigo e apartouno con violencia.

Xosé Ramón Varela, correspondente da *Rádio Galega* en Ferrol contaba a carga da Guardia Civil desde o paseo, a traveso dun teléfono móbil, cando unha bala de goma queimoulle na man dereita e mandou o transmisor contra as lousas. Aínda coa man dolorida recollía os restos do teléfono celular feito cachizas cando un Garda lle berrou que se apartase.

"O corte comezara ás sete -explica Xosé Luis Peón de *Rádio Eume*-. Serían uns trescentos obreiros de Endesa que atracaaron á ponte, diante da rotonda. Un mando da Guardia Civil preguntoulles canto tempo pensaban parar e despois falou polo transmisor con alguén que parecía do Goberno Civil. Á volta, colleu o megáfono para anunciar que cargarían en cinco minutos, pero o relé do altavoz non funcionou. A penas se lle escoitaba. Non pasaran nen dous minutos e comezaron a disparar botes e balas de goma e iso que había moita xente no paseo e na parada do autobús".

Ao alcalde Belarmino Freire avísouno o concelleiro do BNG Xesús Piñeiro ás sete e cuarto, cando asistía a un acto público. "Chamei ao Goberno Civil e o secretario díxome que non tiña noticia de ningún problema en Pontedeume. Lembreille que eu era o responsable do orde público na vila e que estaba na miña man evitar un enfrontamento. Todo o que pasou podería terse evitado porque os traballadores estaban dacordo en acabar o corte en cinco minutos. Foi unha intervención fascista: a típica demostración de forza contra os débiles".

Belarmino Freire comenta indignado a acusación que o delegado do Goberno de Madrid, Diz Guedes, fixo contra Maria Calvo por *estar sorprendentemente próxima a esta concentración*. "A nai e a filla paseaban polo centro da vila, a cen metros da manifestación".

Maria Calvo pasou cada segundo da viaxe en ambulancia desde Pontedeume ao hospital *Arquitecto Marcide* de Ferrol pendente de que a súa filla non esvaecece. O hematoma sobre o arco superciliar aumentaba até o tamaño dunha pelota de tenis. "A nena levantaba o flequillo e repetía *déronme pum*

na cabeza. Estaba confundida pero non perdeu o coñecemento". Na cama contigua, o ferido de Endesa choraba de dor e de rabia.

A nai de Marja Núñez tiña 8 anos cando Vitoria e Montejurra. Mentres os médicos recoñecían o traumatismo craneal da pequena, un capitán da Guardia Civil esperaba á porta do ascensor. "Ao baixar, preguntoume como estaba a nena; foi o único que dixo". Antes, a pouco de entrar no hospital, a nai recibira desculpas dun representante do comité de empresa de Endesa. "Cando eles -comenta conmovida Maria Calvo-, non tiñan nada por que pedilas. Foron outros os que lesionaron á miña filla e agrediron á vila de Pontedeume. Non estiveran dous días sen autobús en León? Aquí foi menos de meia hora e miren a que armaron".

A esa hora da noite do mércores 27, Maria estaba decidida a denunciar a agresión da Guardia Civil. "Pero por se non o tiña claro, ás oito da mañá do día seguinte pedironme que lese no xornal a declaración na que Diz Guedes chamábame nai sen conciencia por levar á miña filla á manifestación. É mais do que se pode aguantar".

O delegado do Goberno de Madrid redactaba unha explicación do sucedido segundo o cliché *tolerancia da forza armada-intransixencia dos obreiros-inevitábel recurso á forza*, de uso habitual nos tempos en que Fraga era ministro do Interior. "Ante a atitude de continua negativa, a contestación violenta dalguns manifestantes que repostaron con lanzamento de obxectos e tendo en conta do enorme prexuízo de que era obxecto a cidadanía, membros da garda civil disolveron a concentración".

Maria Calvo é fisioterapeuta e todos os días ás seis da mañá colle ao autobús en Pontedeume para ir traballar ao hospital de Conxo. Despois da choiva de balas de goma sobre o paseo de Pontedeume, viveu cinco sen poder apartar os ollos das dúas regandixas moradas en que se convertiran os ollos da súa filla de dous anos. "Non os podía abrir co hematoma. Os médicos din que a gorra parara o golpe e que a bala pegara no frontal, que é o oso mais duro da cabeza. Un pouco mais abaixo e din que non se salvaba".

Cinco días nos que recibiu continuas chamadas de interese pola cativa e de ofrecementos para testemuñar diante da xustiza.

O deputado do BNG do Congreso Francisco Rodríguez preguntou ao ministro do Interior onde estaba a razón de invadir Pontedeume a disparos, con perigo da integridade do vecindario e de que maneira se tomara a decisión "dunha actuación tan desproporcionada e inxustificada".◆

A. EIRÉ

## A Fraga caeulle o rimel

Fraga Iribarne iniciou unha operación cosmética de *marketing* electoral anunciando que ía reclamar a débeda histórica de Galiza. Non se poñía unha cifra sobre a mesa, non se valoraba o déficit en infraestruturas, non se cuantificaba por transferencias concretas o déficit producido, non se pretendía conseguir un acordo parlamentario sobre as cifras do débito para que a reivindicación teña a máxima forza posíbel. Non. Semella que aplicaba a *lógica* do agrávio comparativo nunha escandalosa falta de iniciativa política, pois antes sempre negou as carencias producidas polas transferencias, negouse a reclamar investimentos que paliasen a situación da carencia de infraestruturas e non se utilizou a débeda na negociación do financiamento autonómico. Máis a iniciativa non chegaba sequer a un seguidismo de outras comunidades. No último Consello de Ministros, o Goberno central decidira compensar as transferencias das distintas comunidades autónomas, como recollía o acordo de financiamento. Fraga tivo cinco días para *reivindicar* o que ía anunciar Rodrigo Rato como unha medida para todas as autonomías. O Mércores caeulle a maquilaxe: o vicepresidente falou. Para algo se ten un *Goberno amigo*, para coñecer antes que ninguén as iniciativas que vai tomar.◆



DENIS MESA

Peche en Historia e masiva manifestación "contra a represión" o Mércores 4

## Once estudantes feridos pola policía en Santiago

◆ P. CASTRO

Se na pasada semana eran os mozos e mozas de *Galiza Nova* os que recibían os golpes da policía, o Martes 3 a violencia cebouse cos estudantes universitarios. Era unha xornada de folga na que se reclamaba o financiamento plurianual que permita a autonomía das universidades, petición compartida polos tres reitores. A folga acompañouse dunha manifestación que, cando camiñaba cara as instalacións da Xunta, foi reprimida sen previo aviso. A manifestación era legal pero a teima policial era impedir que os estudantes chegasen a San Caetano, onde se atopaban os traballadores de Endesa.

Desde as primeiras horas da mañá do Martes 3, a policía nacional distribuíase pola vila e entanto un helicóptero sobrevolaba a zona, axentes das forzas de seguridade impedían aos piquetes informativos formados por estudantes acceder ás facultades. O principal altercado tivo lugar na entrada de Farmacia, onde se produciron enfrontamentos e obrigouse aos estudantes a retirarse e mesmo se lle requeriu a documentación.

A manifestación saíu da Alameda pouco despois de ter iniciado a marcha dos traballadores de *Endesa*. Para evitar que se uniran un cerco policial rodeou completamente aos universitarios a uns cincocentos metros do parque impedindo todo movemento. Comezaron o percorrido media hora máis tarde escoltados polas furgonetas e policías que querían un compromiso de non achegarse a San Caetano e que non se uniran as dúas mobilizacións.

Ao chegar á praza de Praterias, os estudantes ergueron a voz

contra a represión policial e decidiron achegarse á Xunta, apesar das ameazas recibidas. Xa había máis de media hora que rematara a manifestación dos traballadores das Pontes. A medio quilómetro do acceso ao pazo de San Caetano, na rúa dos Basquiños, sen provocacións nen previo aviso as furgonetas da policía dividiron a manifestación, os policías saíron do seu interior e comezou a carga. Os estudantes comezaron a fuxir sendo os que portaban as pancartas e os que se protexeron nos portais os que padeceron os golpes indiscriminados. Non houbo contemplacións nen para os que ían axudar aos feridos nen para os que na confusión caían ao chan. O resultado: once feridos, algun deles con once puntos de sutura na fronte. Non houbo detencións pero requisáronse pancartas e bandeiras que serviron na feble xustificación policial para argumentar que había membros da AMI e de *Estudantes Independentistas* provocando ás forzas de seguridade.

### Peche e solidariedade

Despois da carga, os estudantes

decidiron pechase indefinidamente na facultade de Historia. Ali, en asemblea, pediron a Dario Villanueva, rector compostelán, que se posicionase sobre a carga ao tempo que solicitaban a dimisión do gobernador civil da Coruña, Fernando Rodríguez Corcoba. O Mércores 4 informaron no resto das facultades, nas que tamén se celebraron asembleas, da carga policial, exhibindo fotografías da mesma. A folga e posteriores mobilizacións sumáronse tamén os estudantes de Ensino Secundario, que tamén recibiron o Martes a súa ración de paus. Milleiros de estudantes encheron as rúas o Mércores en resposta á carga.

O BNG e a CIG amosaron a repulsa pola carga. Bieito Lobeira, parlamentario nacionalista, participou na manifestación e tamén foi agredido. Representantes da CIG achegáronse até Historia para amosar a súa solidariedade cos estudantes. "Ao fin e ao cabo son os traballadores os que financian cos seus impostos a Universidade e o acontecido é un problema de todos", asegurou Ramiro Ouviaña, un dos responsables da central nacionalista. ◆



DENIS MESA

## O alcalde de Ponteareas inhabilitado un ano para exercer cargo público

Xosé Castro, alcalde de Ponteareas desde o franquismo, e actualmente nas filas do PP, foi condenado pola Audiencia de Pontevedra a un ano de inhabilitación como cargo público por impedir o exercicio dos seus dereitos, en Marzo de 1994, ao presidente da asociación Xuventudes Culturais de Ponteareas, en concreto por privarlle da súa condición de vocal da fundación pública Centro Cultural Municipal, en calidade de representante de Xuventudes Culturais. O impedimento do exercicio dos dereitos ao presidente da devandita organización xuvenil produciuse a raíz dunhas declaracións suas preguntándose polo destino dunha subvención do Instituto da Xuventude. O alcalde asegurou que recorrerá o fallo da Audiencia. ◆



## A Xunta proxecta 40 novos encoros

A produción de enerxía é a nova aposta do Goberno de Fraga —despois de non conquistar en sete anos máis proxectos industriais na Galiza que o vertedoiro de residuos perigosos das Somozas. Ademais dos numerosos encoros e mini encoros que asulagaron os mellores vales dos pais, a Xunta quer facer outros novos cuarenta encoros. Os planos enerxéticos da Xunta —coñecidos através do Instituto Galego de Promoción Económica— tamén inclúen a creación de varios parques eólicos na Costa da Morte e no Cantábrico. ◆

## A demanda de contenedores de recollida selectiva desborda á Xunta

A oferta da Consellería de Política Territorial aos concellos para lles subministrar contenedores para a recollida selectiva do lixo desbordou as previsións da Administración galega. En total fixéronse 9.423 peticións para recipientes de papel, plásticos, vidro e metais e 15.545 solicitudes de contenedores xenéricos. A Xunta dispuña de 2.127 recipientes dos primeiros e 2.078 dos segundos.

Malia a masiva respostas das administracións municipais galegas, a Xunta non tomou boa nota, pois continua coa súa intención de pór en marcha un Plano de Resíduos Sólidos Urbanos que contempla a incineración do lixo, opción incompatible coa reciclaxe porque para incinerar o lixo é necesario incluír o papel, xa que é o material combustíbel de maior aproveitamento enerxético (a Xunta planea producir enerxía eléctrica co lixo incinerado). ◆

## Ex alcalde de Cambados condenado por malversación e apropiación

Un ex alcalde de Cambados, Xaquín Fole Villar, foi condenado pola Audiencia de Pontevedra a unha pena de un ano de prisión menor por malversación e tres meses de arresto por apropiación indebida. Os delitos foron cometidos mentres o inculcado era secretario do Xulgado de Cambados, no que, en 28 ocasións, detraeu diferentes pagamentos efectuados por distintas persoas para satisfacer multas impostas en sentencias. A cantidade sustraída superou os dous millóns de pesetas. Fole non ingresará en prisión debido á súa idade, 72 anos. ◆

## Rexeitan o programa de investimentos da Universidade do Sul por consideralo pouco claro

O presidente do Consello Social da Universidade do Sul de Galiza, Alfonso Zulueta, retirou da orde do día da reunión do ente que preside o programa cuatrianual de investimentos e as novas titulacións da Universidade do Sul por considerar que non estaban claras "as metas previstas por esa programación". A actitude de Zulueta sorprendeu á equipa reitoral, xa que o programa de investimentos contaba co apoio da Xunta de Goberno e do Claustro. Zulueta asegurou que non quer que o programa aporte novas tensións sociais ao Sul do país, onde hai discusións en torno á ubicación das novas titulacións e asegurou que o plano do reitorado infrinxía a Lei de Reforma Universitaria, que exige ter unha subvención global que anualmente fixan as comunidades autónomas. O reitor, Xosé Antón Rodríguez Vázquez, dixo que a medida tomada por Zulueta ten que rematar votándose antes ou despois. ◆

## OPINIÓN

O REMATE DO PERIODO DE VIXENCIA DO PLANO DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO APROBADO POLO PARLAMENTO DE GALIZA NO OUTONO

DO ANO 1989 TEN PROVOCADO UN CERTO DEBATE NA OPINIÓN PÚBLICA A RESPEITO DO PRESENTE E DO FUTURO DO FINANCIAMENTO DO ENSINO UNIVERSITARIO.

## A MORTE DA AUTONOMIA UNIVERSITARIA

XESUS VEGA

Nese debate debuxan-se dous posicionamentos radicalmente diferenciados. Para os responsábeis educativos da Xunta actual non é necesario elaborar un novo Plano de Financiamento plurianual. Para os grupos políticos da oposición parlamentar, para as equipas de goberno das tres Universidades galegas e para as principais organizacións estudantís, a opción debería ser xustamente a contraria: encetar un proceso de discusión que permita programar o financiamento do sistema universitario para un horizonte temporal de 4 ou 5 anos.

Por qué non acepta o PP unha reivindicación que suscita un nivel de apoios tan elevado? A resposta non admite moitas dúbidas: porque non quer ficar condicionado por un compromiso plurianual que dificultaría a instalación das Universidades galegas na lóxica do clientelismo político. Os responsábeis do PP non queren ser os xestores dun Plano que sexa froito dun amplo consenso entre as forzas políticas e a comunidade universitária. Prefiren practicar a coñecida política da chantaxe caciquil: "darei fondos para tal Universidade só na medida na que manteña un comportamento sumiso cara o poder político".

As consecuencias da non existencia dun novo Plano plurianual de financiamento son, certamente, preocupantes. Representa, en primeiro lugar, un ataque frontal á autonomía universitária, provocando unha maior dependencia política das Universidades galegas. Por outra banda, introduce no sistema universitario unha incertidume económico-financieira moi notábel, alimentando posibles alternativas que, ante o estancamento ou diminución dos recursos públicos, postulen unha maior restrición no acceso de estudantes a certas titulacións ou que defendan o medre das taxas actualmente existentes.

Por último, aínda que non o menos importante, a carencia dun novo Plano abre as portas a unha posíbel dinámica de enfrontamentos entre as Universidades galegas. Por non establecer unha canle que posibilite a discusión racional dos criterios de reparto dos recursos entre as Universidades, podemos asistir a un espectáculo moi pouco construtivo para quen arelamos un sistema universitario orientado cara un proceso de vertebración nacional que favoreza os intereses maioritarios da nosa sociedade.

Nos orzamentos para 1997, as dotacións destinadas ao Sistema Universitario Galego experimentan un descenso do 2% a respecto das que se contemplaban nos orzamentos de 1996. Rexístrase, xa que logo, un escandaloso incumprimento do compromiso verbal adquirido polo conselleiro de Educación nun debate parlamentar celebrado no mes de Setembro, asegurando que as cantidades para o ensino universitario medrarián na mesma porcentaxe que o fixesen os recursos globais da Consellería. Mentres estes experimentan un crecemento do 2,3% a respecto de 1996, o sistema universitario disporá de 700 millóns menos que no presente ano.

Se analizamos o capítulo dos investimentos, a situación é absolutamente insultante. A Administración autonómica ten unha débeda acumulada —cifrada, polos seus responsábeis, en 7.500 millóns de pesetas— pola non actualización do capítulo de investimentos durante os sete anos de vixencia do Plano

que agora remata. Pois ben: para 1997 dedica 3.600 millóns a este capítulo fronte aos 4.700 millóns de 1996 e anuncia que deses 3.600 millóns, 2.100 millóns corresponden ao pago dunha parte da devandita débeda. O sistema de pago amosa unha indecencia exemplar: no canto de medrar os fondos destinados a investimentos para compensar o volume das obrigas que non se cumpriron anteriormente, reducen-se sustancialmente as cantidades "netas" —descontadas as débedas— destinadas a unha finalidade tan importante (edificios para docencia e investigación, residencias estudantís...).

As previsións orzamentarias para 1997 constitúen un sintoma revelador do que vai significar a inexistencia dun Plano plurianual. Se a comunidade universitária non o remedia podemos estar nas vespas da defunción da autonomía universitária. ♦

XESUS VEGA é deputado do BNG no Parlamento Galego

## 6 DE DECEMBRO GALEGO

ENCARNA OTERO

A recuperación da memoria histórica na andaina de coñecer o que Galiza como comunidade colectiva construíu durante séculos debe ser un traballo prioritario a prol da construción nacional e mesmo da autoestima como persoas en colectividade, e o 6 de Decembro foi unha data relevante que nen as institucións autonómicas nen os centros de ensino subliñan como tal: un 6 de Decembro hai 65 anos nun hotel de Pontevedra, desenvolvíase a Asemblea Constituínte do Partido Galeguista. Esta organización converte-se no facho acceso na conquista dos dereitos de Galiza, formación progresista, cunha composición social variada tal e como Galiza era, onde labregos, artesáns, obreiros, intelectuais, mariñeiros, artistas, emigrantes, xóvenes e mulleres traballan xuntos no soño dun país propio, onde as persoas que nel militan combinan xenerosidade, ética, esforzo e confluencia ideolóxica sempre ao servizo da conquista dos dereitos nacionais galegos. E esta semente deu froito: o Estatuto do 36 (aprobado por máis do 80% do povo galego), o primeiro proxecto de lei de fazendas galego, o desenvolvemento autóctono e a modernización en sectores básicos da economía (agrogandeiro, mar,...) a construción dunha cultura propia baseada na ferramenta do idioma, o Seminario de Estudos Galegos, a Misión Biolóxica, medios de comunicación propios —encabezados por A Nosa Terra como xornal senlleiro—, o traballo nas comunidades emigradas no continente americano, a igualdade de dereitos civís para a muller, as mocidades galeguistas, os grupos femininos galeguistas e xa na noite escura da represión o primeiro xérmolo de goberno galego coa fundación no ano 1944 do Consello de Galiza en América. Todo isto e moito máis foron a seitura desa semente que un 6 de Decembro puxo en marcha o Partido Galeguista e que rematou co sangue dos seus homes e mulleres vertido nas cunetas ou no drama do exilio exterior e interior.

Mais agora, que volta agromar a luz dun mencer novo porque tamén unha forza nacionalista —neste caso o BNG— pode nuclear un goberno propio que permita recuperar o timón do barco que hai 65 anos tomaba o rumbo do propio porto, cumpre máis que nunca dar á luz á Galiza do alén coa nosa propia historia e, así, saber que esta terra de granito e lousa dispón dun pasado e terá futuro. ♦

ENCARNA OTERO é Historiadora e membro do BNG



# Orbi Sport

## A UNIVERSIDADE DO DEPORTE

### ¡¡Faga agora a súa compra mestra!!

CHÁNDALES DE MARCA

3.995 Pts.

5.995 Pts.

7.995 Pts.

11.995 Pts.

ABRIMOS  
OS SÁBADOS  
POLA TARDE

Sudadeiras dende 1.995 pts.

Orbi Sport

Rosalía de Castro 56 - Teléfono 59 61 88 - SANTIAGO

A acción do Consulado só busca aos afectados polas xubilacións da vellez

## Miles de emigrantes na Suíza poden reclamar os fondos de pensións complementarios

◆ XAN CARBALLA

A iniciativa do *Syndicat Interprofessionnel de Travailleuses et Travailleurs* (SIT), levou ao programa *¿Quien sabe donde?* a lanzar un chamamento na procura de emigrantes que deixaran de perceber parte da súa xubilación de vellez. O Consulado e a Xunta anunciaron a súa disposición a colaborar na procura que o SIT comezou no 1994, pero só no referente ás pensións de vellez. A denominada Vellez Complementaria, que non entra nos acordos da Seguridade Social española e o Estado Suízo, podería supor tamén uns rendementos millonarios que moitos emigrantes deben reclamar.

Foi un sindicalista galego, Xesus Gómez, o que fixo o chamamento desde a rede Internet, "levabamos desde 1994 buscando á xente cos poucos medios nosos, cando se me ocorreu poñer unha mensaxe na Internet e os do programa da TVE —tamén emitida na Internacional— *¿Quien sabe donde?* interesáronse. Houbo trescentas chamadas e puideron solucionarse 22 casos. Pero hai que distinguir entre as pensións de vellez convencionais e a denominada LPP, ou Vellez Complementaria".

A aparición no programa televisivo do cónsul español en Xenebra deu a sensación de que o problema estaba definitivamente solucionado. "Benvindo sexa que agora se ocupen, porque hai tres meses non fixeron moito caso do chamamento dos sindicatos. Axudan porque eles dispoñen de listas informatizadas e poden valerse da estrutura dos concellos para localizar á xente. Pero só se van ocupar da regularización das pensións de vellez, que son as que entran no acordo entre Suíza e o Estado español. Iso é sinxelo porque está todo concentrado nunha única Caixa para toda Suíza, con sede en Xenebra. No que queda todo por facer é no asunto das Caixas de Pensións ou Vellez Complementaria".

### A Vellez Complementaria

O sistema de protección na Suíza é distinto e pouco coñecido nos seus inicios. Desde 1970 a 1985 constituíronse fondos ou Caixas de Pensións por profesións ou con acordos nas empresas, que axudaban a conseguir unha renda supletoria á escasa da vellez oficial. Desde o 1 de Xaneiro do 1985 reguláronse pola *Loi sur la prévoyene professionnelle* e é obrigado constituílas. A lei obrigaba en moitos casos ás antigas caixas a disolver os seus fondos e adaptalos á nova normativa.

A xubilación convencional (AVS) obtense da cotización dun 6,05%, e recébase despois dun período de cotización de dez anos. Prodúcese problemas cando o traballador marcha da Suíza, pero o acordo entre o estado español e o suízo, facilitan o labor de reclamación dos emigrantes retornados, pois a xestión faina a propia Seguridade Social española en colaboración coa Caixa Suíza de Compensación. De feito esta cotización mantense ao día nun impreso único du-

rante toda a vida laboral aínda que o traballador cámbie de empresa.

A Vellez Complementaria (LPP) nótase dunha porcentaxe de cotización variábel cun mínimo do 4%, que se deduce do seu salario; a empresa ten que cotizar unha cantidade igual á do traballador. Sobre ese total cotizado un 30% vai parar a un seguro risco que serve para financiar unha renda en caso de invalidez, orfandade ou viudedade, para os nenos ou o cónxuge do asegurado. O 70% restante vai a unha Caixa de Pensións de onde se vai obter a renda de Vellez Complementaria.

Ese 70% debe seguir ao traballador ao cámbiar de empresa ou de sector que non cotice na mesma Caixa de Pensións. O traballador pode escoller entre retirar o capital acumulado durante a súa vida laboral ou recibir unha renda mensual. Pero así como a renda oficial só se pode cobrar a partir dos 65 anos, os cartos da Caixa de Pensións pódense retirar en varios supostos, basicamente tres: cando o traballador se pon a traballar por conta propia; cando constrúe casa que sexa primeira vivenda ou cando deixa Suíza definitivamente.

### Fundo social e control democrático

As Caixas de Pensións deben ser xestionadas por unha comisión de representantes dos traballadores e da dirección da empresa. Como o despido é libre na Suíza a presenza e o control dos traballadores en ocasións é escaso. As cousas funcionan mellor onde hai comisións paritarias formadas por sindicatos e patronal.

Moitos emigrantes xa retornados definitivamente da Suíza poderían reclamar os cartos cotizados pola vellez complementaria.



LISTA 1				JUN 1992	
CODES	TEXTES			SALAIRE BRUT	SALAIRE PAYE
	SALAIRE DE BASE	19,83			
	CLASSE DE SALAIRE : CLASSE B1.				
298	13EME MOIS	13771,65	8,30	1143,05	1143,05
360	VAC. SAISONNIERS	12716,20	8,30	1055,45	
361	JOURS FERIES SAIS.	12286,20	3,50	430,00	1485,45
499	SALAIRE BRUT				2628,50
501	RETENUES AVS	1143,05	5,05	57,70	
502	RETENUES CHOMAGE	1143,05	0,20	2,30	
503	RETENUES ANP/CNA	1143,05	1,42	16,25	
505	RET. PREVOY. PROF. CCB	1143,05	4,00	45,70	
508	COTISAT. ASS. MALADIE	1143,05	4,10	46,85	
512	IMPOTS A LA SOURCE	2628,50	13,65	358,80	
515	CHARGES VAC. SAIS.	1485,45	15,77	234,25	
581	RECTIF. IMPOTS SOURCE		10,75	432,50	329,35
810	SALAIRE NET				2299,15
813	SALAIRE A PAYER				2299,15

As follas de salario indican os descontos pero as dificultades co idioma e o descoñecemento dos dereitos laborais provocan que se deixe de recibir cartos aos que teñen dereito. No capítulo 501 está o desconto da Vellez e no 505 o da Vellez Complementaria.

A experiencia dos primeiros anos, antes da entrada en vigor da LPP, demostrou que a falla de información deu lugar a que moitos traballadores que finalizaban o seu contrato non reclamasen o que lles correspondía. A falla de regulación e información adecuada durante moitos anos, deu lugar a que houbera unha cantidade indeterminada de emigrantes que non cobraron os cartos cotizados tendo dereito a facelo. O feito de que a burocracia destas Caixas de Pensións non contemple un impreso único ao longo da vida laboral, senón que cámbie segundo a empresa ou o sector, provoca un verdadeiro caos á hora de restituír dereitos e cobrar os cartos cotizados.

Para Xesus Gómez (SIT) a situación obriga a un esforzo de investigación "quizais non tan

preocupante, porque finalmente se trata dun fondo social que serve aos traballadores, pero dada a cantidade de cartos dos que estamos a falar, é importante". Dependendo do período de cotización a Vellez Complementaria pode supoñer varios millóns de pesetas, aínda que o período de menor control (1970 a 1985) supón reclamacións que os sindicatos estiman de até 2 millóns de pesetas.

As comisións que controlan as Caixas de Pensións están obrigadas a poñer en produción os cartos, polo que chegan a manexar cantidades moi grandes de diñeiro. Só a Caixa Cantonal de Xenebra da Construción, que en tempos tivo 20.000 traballadores, xuntou un capital de máis de 8.000 millóns de pesetas. "Sabemos que houbo Caixas, sobretudo onde non estaban presentes os sindicatos, que especularon cos cartos sobretudo no tempo do boom inmobiliario dos 80", comenta Xesus Gómez, "pero sobretudo sabemos de moitos traballadores —aqueles que chamaban *temporeiros*— que marchaban coa liquidación e pensaban que xa non tiñan máis que reclamar, deixando atrás os cartos da LPP. Como as nóminas eran difíciles de ler para alguén que non dominaba a lingua eses traballadores poden ter cartos por cobrar".

Os cartos das Caixas de Pensións están garantidos, en caso de insolvencia, polo Estado, e o período de reclamación prolongase durante setenta e cinco anos. ◆

### Inmigrantes e mendigos, obxectivo do alcalde de Vigo

Habia tempo que Manuel Pérez, alcalde popular de Vigo, non recibía tantas críticas á súa actuación como as que tivo que escoitar o Martes 3 de Decembro. O motivo: as súas intencións de *limpiar* as ruas céntricas da cidade de mendigos e inmigrantes que se adican á venda ambulante. "Non se pode consentir que Vigo se convirta nun lugar de acollida destes vendedores e mendigos", declarou na rolda de prensa na que presentaba a iluminación para o Nadal e na que amosou a súa disposición a expulsar *legalmente* a estas persoas. Aínda que a policía municipal ten ordes de desmontar aqueles postos de venda ilegais, as leis de expulsión están derogadas. A Pérez uniuselle Antón Reguera Repiso, presidente dos comerciantes da provincia de Pontevedra, e moi significado na represión dos ambulantes de Vigo, xa que, en ocasións, el mesmo acompaña aos axentes locais cando desmontan os postos na rua. "A min danme moita mágoa estes inmigrantes pero máis os meus fillos", dixo Reguera, quen responsabiliza aos inmigrantes da crise do comercio cando precisamente este ano ven de aprobar a apertura de establecementos todos os Domingos de Decembro seguindo a política das grandes superficies. "O ideal sería como en Madrid, un rastro os Domingos no que poidan vender selos, libros, discos e toda esa *borralla*", afirmou. As críticas a Pérez e a Reguera non só arreciaron dentro dos colectivos sociais e políticos de Vigo senón que trascenderon en todo o Estado, onde algunhas cidades populares estanse poñendo en práctica políticas similares nas zonas céntricas das cidades. ◆

### Califican de "montaxe" as oposicións a persoal da Xunta


Ceferino Díaz, deputado do PSOE, presentou unha interpelación no Parlamento pola "burda montaxe" das oposicións á persoal da Xunta que se celebraron nos últimos meses. Díaz expuxo os resultados do grupo E (persoal subalterno) no que se presentaron 17.755 persoas para 81 prazas, que representaban aos interinos con reserva de praza. Aínda obtendo os 20 puntos das probas non se obtiña a praza, xa que se precisaban 47 e os interinos contan con 16 e 18 puntos de saída. O deputado socialista afirma que as regras do xogo non eran limpas cando o 97% dos presentados non tiñan ningunha opción e que a convocatoria ten "miseros intereses economicistas" ao aproveitarse das taxas que pagan os que se presentan ás probas. ◆

## ENSINO

## Nos institutos de ensino medio do Salnés apenas se cumpre a lei nun 50% As equipas de normalización lingüística deciden controlar o uso do galego nos centros

⇨ P.C.

Un cento de mestres reuníronse o pasado 30 de Novembro en Compostela no I Encontro de Equipas de Normalización Lingüística de Centro, organizado pola AS-PG e a CIG-Ensino. Deste encontro saíu o compromiso de coordinar as equipas e que estas controlen o uso do galego nos centros. Un estudo feito no Salnés amosa que apenas se cumpre a lei no 50% dos casos, variando grandemente dun centro a outro.



"Para nós, normalizar a lingua é usala", aseguraba Susana Blanco, representante da equipa de normalización lingüística do Instituto de Bacharelato O Pazo de Fene, "pero por parte do profesorado non hai vontade, só atrancos". O instituto de Fene presentaba, ao igual que o facían outros membros das equipas de normalización lingüística procedentes de centros de toda Galiza, as iniciativas postas en marcha nos distintos centros e os problemas cos que se atopan para conseguir un seguimento eficaz.

Un dos principais problemas sinalados foi a falta de aplicación do Decreto de Normalización Lingüística aprobado en Marzo do ano 1988 que establece as directrices do uso do galego nos centros de ensino primario, secundario (ESO, BUP, COU) e Formación Profesional de grao medio e superior.

### Decisións adoptadas

Unha das decisións adoptadas no I Encontro de equipas de normalización foi realizar un inquérito no que se plasme o uso do galego por parte dos mestres tanto nas aulas como fora delas, ademais de tratar de avaliar o grao de coñecemento que teñen os docentes dos contidos do decreto. Unha vez recollidos os datos enviaráanse cartas informativas aos inspectores, ao conselleiro de Educación e ao director xeral de Política Lingüística co fin de pór no seu coñecemento "o

escaso avance da normalización lingüística no ensino, a pesar do tempo trascorrido e das leis promulgadas", indica Louzao.

Os representantes das equipas participantes no Encontro sinalaron as dificultades derivadas da posta en práctica do Decreto. "A lexislación existente debería ser suficiente para que os Claustros puidesen decidir a súa liña lingüística en galego, pero á hora da verdade teñen máis conflitos os centros que normalizan o ensino que aqueles que incumpren de forma sistemática a norma xa vella de impartir unha materia como Coñecemento do Meio", aseguraba Susana Fernández Muñiz, do Coléxio Público de Palmeira. Na mesma liña, Luis Bará, do I.B. Torrente Ballester de Pontevedra, daba conta do fracaso dos cursos de galego para profesorado, que "só cumpren a función de dar puntos para o currículo" e criticaba á administración porque "baixo as etiquetas de cooficialidade e bilingüismo harmónico agáchase unha descarada discriminación e marxinalización do idioma galego en todas as esferas da vida social, económica e cultural".

### A mostra do Salnés

O pasado día 2 de Decembro a

coordinadora de equipas da comarca do Salnés, apresentou o estudo realizado nos centros da comarca, no que se constata o grao de cumprimento da lei sobre a normalización do galego. As conclusións das equipas é que nengun centro cumpre totalmente a normativa actual sobre a utilización do galego nas aulas, variando grandemente dun centro a outro. O arco vai do 78% de cumprimento (IESP Vilanova) ao 18% (IB Carril). Polo medio están IESP O Grove (60%), IESP Vilalonga (54%), IFP Bouza Brey-Vilagarcía (52%), IESP Asorei-Cambados (39%), IB Cabanillas-Cambados (35%) e IESP Armandotorelo-Vilagarcía (34%).

Na análise da coordinadora a variación dun curso a outro na galeguización depende de factores ás veces casuais (cambios no profesorado) pero tamén dunha positiva mudanza na actitude dos docentes, "pois o informe sobre o cumprimento no curso pasado debatiuse nos claustros e iso influíu nos profesores e nas direccións dos centros".

### Proxecto nacionalista

Cargos institucionais, mestres e asesores do BNG reuníronse o pasado 30 de Novembro en Compostela para debater as liñas programáticas e de actuación do partido nacionalista no ámbito educativo de cara ás próximas eleccións. No encontro a deputada do BNG Pilar García Negro lembrou que desde a administración tampouco se fai un seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística. "O uso do galego como lingua veicular cinguese á asignatura de lingua ou literatura galegas, apesar de que existe un decreto que impón que determinadas áreas distintas a esas se impartan no noso idioma", sinala a parlamentaria nacionalista. Ao seu entender, o seguimento do cumprimento dese decreto é imprescindible, sobretudo na educación infantil, a fin de que se garanta "a presenza do galego no ensino".



## Nada de racismo

"O alcalde de Vigo, Manuel Pérez (PP), anunciou ordes concretas aos mandos da Policía Local para botar da cidade a vendedores ambulantes e pobres de pedir", anuncia o FARO DE VIGO. "Non debe verse nada de racismo nen de xenofobia, nen parecido, nesta decisión", dixo o Alcalde que insistiu en que "non podemos consentir que Vigo se convirte no centro de atención destas persoas que a maiores doutros problemas negativos transmiten unha imaxe da cidade que non queremos. Antonio Reguera, presidente da Federación de Comerciantes chegou a calificar de *morralla* aos pobres de pedir". No mesmo xornal, Saladino Meneses, que toda o acordeón na rua di: "Se me tiran a música, entérranme vivo". Antonio Prado, que toca a frauta, pregunta "que damos unha imaxe negativa? A impresión ruín da cidade ven doutras cousas, non de nós". O mimo Mário conta "hoxe mesmo chantouse a policía diante de min e díxome que o meu can non podía estar subido ao banco; calei e sentei o can no colo e con iso puxéronse chulos, pedíronme a documentación e chamáronme *cerdo de mierda*".

O pobre Fernando Jiménez di "Eu estou aquí para poder comer e non porque teña vicio de nada; o alcalde, que vive tan regaladamente, debería pensar no que di, porque aquí pásase frío e chove por ti e pasa xente que che resposta con aldraxes". Anxel Vence califica desde a súa sección *Crónicas Galantes* a pragmática do PP: "Cidade aberta, construída por sucesivas arriadas de inmigrantes, Vigo é de certo o lugar menos indicado do mundo para erguer barreiras entre nativos e foráneos. A historia di que aquí sentou todo o que quixo, incluído o alcalde do Lugo interior que agora goberna a cidade".

## A caída de Cavallo

Andrés Gaudin escribe en BRECHA de Montevideo sobre a caída do ministro de economía do goberno de Bós Aires, Domingo Cavallo. "O ministro foise pelexado con medio gabinete e con xuramentos de vinganza. O presidente Menem pensou dúas xogadas para calar a Cavallo: a primeira, unha cruzada anti-corrupción económica na que caerían Cavallo e os seus amigos; a segunda, unha ofensiva antidroga na que chegou a entregar ao seu amigo Guillermo Cópola, e que enlameirou ao seu maior sostén electoral, o gobernador da provincia de Bós Aires Eduardo Duhalde. O ministro do Interior Carlos Corach, coa xenreira que sempre lle tivo ao Cavallo, anunciou que comezaba un tempo no que o ex-ministro thatcheriano non daría saído dos xulgados. Nunha reunión de deputados peronistas, Corach chamou a Cavallo *psicópata, buchón, extorsionador, alcahuete e delincuente*".

JAVIER AGUILERA / FARO DE VIGO



# Paremos as agresións á clase traballadora

## MANIFESTACIÓN

Infórmate das saídas de autobuses dende os locais da CIG

14 de Decembro ás 12h. na Alameda de Santiago de Compostela

En defensa da empresa pública, non ás privatizacións  
Polo emprego fixo, non á eventualidade e ás ETT  
Por un salario digno, non á conxelación e á rebaixa dos salarios  
Por unhas pensións dignas nun sistema público de Seguridade Social

CIG

Confederación Intersindical Galega



# Alfredo Suárez Canal

'Nós próximos anos xogámonos moito máis que un simples cambio político'

➔ A. EIRÉ

PARA O RESPONSÁBEL DE POLÍTICA INSTITUCIONAL E COORDENADOR DO GRUPO PARLAMENTAR DO BNG, GALIZA ATÓPASE NUNHA ENCRUCILLADA QUE VAI MOITO MÁIS ALÁ DUN SIMPLES CÁMBIO POLÍTICO, "ESTASE A XOGAR A NOSA SUPERVIVENCIA COMO NACIÓN, COMO PAÍS DIFERENCIADO". SUÁREZ CANAL PON COMO REMÉDIO UN GOVERNO DO BNG TRAS AS PRÓXIMAS ELEIÇÕES, AFIRMANDO QUE O PSOE NON TERÁ OUTRO REMÉDIO QUE PACTAR, "POIS ASI O FAI NOUTRAS NACIÓNS CANDO A SOCIEDADE LLE FAI ABANDONAR O SEU XACOBINISMO ESPAÑOL".

**Galiza ferve en protestas nas que participan a maioría dos sectores sociais pero non teñen a mesma resposta gubernamental que noutras partes do estado.**

Son foito da política de agresións que están a sofrer os distintos sectores básicos da nosa economía, como o agro, empresas claves como Endesa ou, en xeral, os servizos públicos. A reacción é lóxica na sociedade, como o é a demanda dun cambio de rumbo político. A resposta de Fraga é propagandística e puramente política, como nos anos do franquismo. A función que os distintos partidos españois, mesmo os seus membros galegos, teñen interiorizado: o papel de nación dependente, colonizada, fai que os partidos españois se comporten de destinto xeito con Galiza. A dirección política submisiva, claudicante e sucursalista, leva a que Galiza sexa ninguneada no contexto estatal. É preciso que a sociedade galega se dea conta das nosas potencialidades. De que pertencemos a un país empobrecido polas decisións políticas, non a un país pobre. Aínda así, cun executivo que asuma unha dirección clara de defensa dos nosos intereses, ás cousas non van ser fáciles pois a actual situación é froito de múltiples decisións históricas difíciles de superar só nunha lexislatura.

## Tan grave é a situación?

O futuro como país está en xogo nestes momentos. Non se trata de facer alarmismo. É a triste realidade. Están desarticulando a nosa base demográfica, agredindo a nosa cultura e o idioma. Tamén tentan desmantelar todo o noso sistema productivo, tanto o tradicional como os novos sectores. Se consuman estes procesos, Galiza, como tal, deixará de existir. Nos próximos anos está moito máis en xogo que un cambio político, poden significar un punto de inflexión na desfeita actual. Sempre adoitam dicir os políticos que os próximos comicios son os máis importantes, neste caso hai razóns obxectivas para afirmalo, non é un tópico.

## O punto de inflexión

**Pode a política institucional mudar o estado de cousas?**

**No BNG non prima o traballo nas institucións en detrimento da mobilización social?**

Quen ten que ter o protagonismo é a sociedade galega. O BNG apostou e aposta pola mobilización social como método político. O BNG está presente en cada contestación cidadá que se produce e facémolo en primeira liña, convencidos de que é imposible unha transformación do país se non hai unha concienciación social que participe directamente. Non se trata de aproveitar ás mobilizacións, senón de facer política através delas ou defendéndose das posibles agresións. Fiar o cambio do país só a política institucional sería un grande erro, porque non é posible. A participación, a mobilización, a organización son os antecedentes das alternativas axeitadas.

## Un pacto co PSOE

**Semella que o BNG lle está a dar agora moita importancia a súa presenza en Madrid cando, lóxicamente, sempre apostou polo "governemos nós a nosa Terra".**

A nosa presenza en Madrid non modificou a forma de actual do PSOE e PP, pero si que aquí soubéramos cal é o seu comportamento a respecto do país con maior nitidez. Votan ali negando mesmo a viabilidade de proxectos aprobados no parlamento galego: o tren, a supertaxa, a cuota láctea... Este comportamento, á larga, vai a producir unha modificación na sociedade. Estaban afeitos a facer política exclusivamente partidaria, esquecéndose dos problemas de Galiza. No Congreso, Galiza non existía, pero non lle traía ningún custe político. Existe unha clara contradición entre o que é a realidade estatal e o discurso do BNG. Nós reivindicamos a capacidade de decisión propia. Pero esta non é a situación actual. Nunca negamos a importancia de ter presenza en todos os foros nos que se decide sobre temas que teñen relación con Galiza. Non só en Madrid, senón tamén en Bruxelas. Por outra banda, hai que ter en conta que, hoxe por hoxe, o parlamento estatal dispón dun poder lexislativo sobre un amplo campo competencial que nos afecta a nós. Se estamos no chamado *Estado das Auto-*


*nomias*, a batalla de Madrid é fundamental.

**O BNG puxo a meta de chegar ao Goberno nas próximas eleccións autonómicas. Parece claro que tería que pactar co PSOE. Como conxugar a política do PSOE a respecto de Galiza coas aspiracións programáticas do BNG?**

A chegada do BNG á Xunta pasa porque Fraga perda a maioría absoluta e porque sexamos quen de nuclear unha alternativa ao que significa o *fraguismo*. A sociedade galega percibe que a alternativa, o proxecto diferente, ao xeito de facer política do PP, representao o BNG. Estamos a traballar en ofrecerlle un programa viábel, executábel en catro ou oito anos no mesmo marco autonómico que nos vemos. É posible construír unha alternativa tendo como base este programa. Agardamos que o PSOE esteña pola labor. Non vai ser fácil, pero a ilusión dunha grande parte do electorado de que se abra unha nova etapa, pasa pola responsabilidade das forzas políticas, sobre todo do PSOE. Teremos que sentar a discutir esa nova maneira de entender o país e entender a política.

**Non parece doado que o PSOE asuma os mínimos galeguistas que pode propugnar o BNG, se ollamos a súa actuación a nivel de Estado, mesmo nos temas autonómicos.**

Penso que non vai mudar o PSOE a nivel estatal. PP e PSOE semella que mudaron os seus papeis cos cambios na Moncloa, agora é o PSOE o que está a negar o estado plurinacional. Nós estamos por levantar un modelo alternativo a Fraga, para o PSDG-PSOE sería un auténtico suicidio o seguir funcionando ao ditado de Madrid. Por outra banda, hai que ter en conta que o PSOE venceu o seu *xacobinismo* naqueles casos nos que a situación social lle demanda outro tipo de comportamentos, modificando as pautas para gobernar con nacionalistas, como ocorre en Euskadi, onde o PNV marca a dirección política do Goberno. A situación social de Galiza demándalle ao PSOE, de xeito inexcusábel, que se entenda co BNG para elaborar un proxecto alternativo ao que significa Fraga e o PP.



ANXO IGLESÍAS

## DE LAGE

◆ minerais ◆ ourives ◆

MINERAIS, FÓSSEIS, CONCHAS, GEMAS  
COLECCIONISMO DA NATUREZA

Rua do Vilar, 29 • Telf. (981) 58 28 33 • Compostela

## IBIERMUIDIEZ

Conxelados  
Conservas  
Bacallau

SANTIAGO  
Praza de Abastos, postos Nº 195 - 301 - 350

PADRÓN  
Praza de Abastos, posto Nº 2

BARRO (Po)  
Estación, 31 - Portela

• SERVICIO A DOMICILIO • • PAGAMENTO CON TARXETA •

## ENSINO

**Xosé Dobarro, director de instituto****'As subvencións ao ensino privado provocarán un caos á volta de poucos anos'**

⇨ PAULA CASTRO

A precária situación dos centros de secundaria e a falla dun financiamento directo está deixando sen recursos ao ensino público que se ve

abocado a un progresivo empobrecimento. Esta cada vez máis crítica situación está obrigando aos directores a mobilizarse e manter conversas directamente coa consellaría para intentar conseguir un aumento das partidas presupostárias.

Desde que foi nomeado director do instituto das Fontiñas en Santiago hai sete anos, Xosé Dobarro ven denunciando esta situación agora complicada cos novos planos de estudo, a reestruturación dos programas educativos e a planificación do corpo docente que ten que readaptarse para atender ás necesidades da ESO.

desde o punta de vista académico nen de profesorado. É imprescindible planificar as plantillas e en moitos casos remodelalas o que provoca un grande malestar entre os docentes porque non saben cal vai ser a súa situación unha vez se fagan as modificacións.

**Como afecta a aplicación da ESO á planificación dos centros de secundaria?**

**Cando fala de remodelación, refírese á obrigatoriedade de impartir materias afíns ou á posibilidade de que sobren profesores?**

Nestes momentos é moi difícil facer unha previsión de futuro porque o modelo de planificación dos centros está aínda sen definir nen

A remodelación farase segundo as características do corpo docente de cada centro. Hainos que xa teñen as súas plantillas

configuradas para os planos novos, sobre todo os centros de recente creación. Pero na maioría están adaptadas aos planos anteriores polo que fallan profesores de determinadas materias, como física, matemáticas, inglés ou francés e sobran de latín, grego ou filosofía. Isto vai supoñer que nos centros tradicionais a plantilla estea máis desaxustada e os profesores non saben aínda se van ter dereito a seguir ou non. O que si se está a producir é un profundo malestar entre os mestres que imparten as materias da ESO e os que imparten as de secundaria.

**En que medida se ven os centros públicos perxudicados polos orzamentos destinados á educación?**

O financiamento é unha das eternas polémicas que manteñen os centros coa administración. Os directores xa levamos con esa batalla varios anos. Non hai un financiamento directo e os centros están quedando sen recursos. Precísase un aumento das partidas tanto para mantemento como para obras menores. Cando menos deberíamos ter un presuposto suficiente para material de reposición, sillas, mesas, vídeos. Xa non dicimos para comprar máis material senón, cando menos, para manter o que temos. Pero as partidas para dotar aos centros co imprescindible son insuficientes polo que hai que facer públicas esas caréncias. Nos últimos anos a consellaría limitouse a dotar de material aos centros que se estaban criando.

**Diminúe coa falla de dotación a calidade de ensino?**

Depende moito do profesorado dos centros. No noso instituto súplase a precariedade de servizos coa boa vontade do profesorado e co esforzo da APA. Os cartos que transfírense a consellaría só chegan para pagar os recibos de luz, auga, teléfono e o material básico como papel. Pero, por exemplo, na ESO está previsto un bo servizo de biblioteca para propiciar unha autonomía de aprendizaxe do alumnado. En ningún instituto hai bibliotecario, e manexar os 5000 libros que hai acumulados non é tan fácil. Son os profesores, interesados en que os alumnos poidan acceder ao servizo de bibliotecas, os que se poñen a traballar. Por iso aquí a biblioteca funciona ben, pero carecemos doutros servizos necesarios e que están previstos na lei. Nós non temos equipa psicopedagóxica porque non houbo profesores que se atrevían con ese tema.



Cre que coa política orzamentaria téndese cara unha progresiva privatización do ensino? Hai quen di que subvencionar un ensino público pon en desventaxa ao ensino concertado. Afirmacións como esa son moi inxustas porque ao ensino privado acede quen o pode pagar, pero ademais eses centros están recibindo cartos do estado. Creo que dese xeito están dúas veces subvencionados. Pola contra, ao ensino público vai moita xente, uns porque o prefíren e outros porque non poden pagar. Para subvencionar o ensino privado detráense fondos procedentes do ensino público. Desta forma os centros privados ou concertados van ter mellores servizos. É unha competencia desleal que provocará un caos no sistema público á volta de 5 ou 6 anos. ♦

**Cre que coa política orzamentaria téndese cara unha progresiva privatización do ensino?**

**Cre que coa política orzamentaria téndese cara unha progresiva privatización do ensino?**

Hai quen di que subvencionar un ensino público pon en desventaxa ao ensino concertado. Afirmacións como esa son moi inxustas porque ao ensino privado acede quen o pode pagar, pero ademais eses centros están recibindo cartos do estado. Creo que dese xeito están dúas veces subvencionados. Pola contra, ao ensino público vai moita xente, uns porque o prefíren e outros porque non poden pagar. Para subvencionar o ensino privado detráense fondos procedentes do ensino público. Desta forma os centros privados ou concertados van ter mellores servizos. É unha competencia desleal que provocará un caos no sistema público á volta de 5 ou 6 anos. ♦

# FOLGA Xeral

NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

( 11 ) DE DECEMBRO

A conxelación salarial para o ano 1997 decretada en tódalas Administracións Públicas vén sendo contestada con sucesivas mobilizacións para forzar unha negociación satisfactoria. Sen embargo, esas mobilizacións demostráronse insuficientes para cambiar a posición dos Gobernos, estatal e galego. Así que na CIG pensamos que van facer falta máis folgas, máis contundencia e máis enerxía mobilizadora para logra-los obxectivos deste conflito:

- Desconxela-lo salario do persoal das Administracións Públicas, garantindo ó menos o mantemento do seu poder adquisitivo.
- Defender uns servizos públicos de calidade, denunciando os seus drásticos recortes orzamentarios.
- Propoñer unha política activa de creación de emprego, contribuíndo a ela coa supresión de límites á oferta de emprego público.
- Opoñerse á privatización de servizos e empresas públicas, orientando a súa xestión pública baixo os principios da gratuidade no uso, a accesibilidade e a eficiencia.

Por tanto, e sen descartar novas convocatorias pensando que un único día de folga quizais non consiga facer rectificar as decisións nin do Goberno estatal nin do galego, a CIG convoca Folga Xeral en tódalas Administracións Públicas de Galicia o próximo día 11 de decembro; sumándose así ó esforzo unitario imprescindible ante un inimigo común.

Convocamos a tódolos traballadores e a tódalas traballadoras das distintas Administracións a secundar masivamente esta xornada de loita, e a participar nas manifestacións que saíran ás 12 da mañá dos seguintes lugares:

A CORUÑA. Praza de Pontevedra.  
FERROL. Praza de España (Ambulatorio)  
LUGO. Ronda da Muralla (Casa sindical)  
OURENSE. Praza Maior.  
PONTEVEDRA. Praza da Ferrería.  
SANTIAGO. Alameda.  
VIGO. Vía Norte (Cruce con Urzáiz)

**CIG**

Confederación Intersindical Galega

Para a CIG. Para TODOS.  
É HORA DA FOLGA XERAL!

Área Pública

**E**mpezou a conta atrás. Nuns meses os que sempre teñen a razón decidirán cunha papeleta o acertado das enquisas de hoxe. É un feito recoñecido que nas campañas eleitorais diríxese unha porcentaxe mínima da intención de voto. A experiencia doutras ocasións trae á memoria esa cantidade inxente de abstencionistas, aos que se debería ter achegado o programa electoral con calma, con compromisos sérios e realistas, lonxe da rutina das campañas e da oratoria mitinera.

Neste tempo previo teñen especial importancia as testemuñas de cargo. Dispostos a dar fé das falacias de uns e os acertos de outros. San Caetano é o escenario destas declaracións en masa. Nos últimos días do tripartito chegaron a amontoarse cinco manifestacións distintas diante da cancela principal da sede da Xunta. Aquel sinal da derrota volve respirarse agora. Mulleres e homes de As Pontes, gandeiros, traballadores dos servizos públicos, estudantes, cidadáns de Caldas de Reis, de Padrón, da Emilia, maris-



24 horas

cadores... compoñen a evidencia, sustentan ese dado da perda de maiorías absolutas. Será verdade?

En Compostela voltan escoitarse as pelotas de goma, os gobernos civís retoman a súa función de ordear disolucións violentas, os bereberes asumen outra vez o papel histórico de ameaza para a civilización occidental e a familia recupera o sacrosanto lugar.

Non pode darse tregua. A Festa da Constitución que a disfruten eles. Imaxina a Cuiña sen maquetas para estrenar, a Pérez Varela sen premios que outorgar, a Diz Guedes sen tropa para mandar e a Manolita Besteiro sen Mujeres Rurales para subvencionar. Uns ningún.

Merece a pena dedicarlle as vinte e catro horas do día. A Inspección de Traballo non vai poder levantar acta de infracción laboral e pode que sexa a última batalla. Polo menos no século XX. ♦

## COMARCAS

Mentres 104 viciños son expropiados para ensanchar a Comarcal 550

## Os Xesuitas da Guarda beneficiados pola recalificación dunha estrada

O ensanchamento da estrada Comarcal 550 no treito que vai entre o monte Santa Tegra e a Pasaxe, no concello da Guarda, está a supor unha discriminación a favor dos Pais Xesuitas, que teñen varias propiedades ao final do tramo e que van ver como se recalifican, mentres o resto dos afectados veranse expropiados forzosamente.

A titularidade da estrada C-550 corresponde á Xunta, pero esta é unha obra que promove o concello e que se financia con cartos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER -60 millóns-, e da Deputación -15 millóns-, quedando pendentes outros dez millóns que inicialmente ía desembolsar a Xunta.

O plano do concello consistía en dobrar o ancho actual, pasando de oito a dezaseis metros, e para iso recorría á figura urbanística da urbanización da estrada, pero dividía a obra en dúas actuacións diferentes.

A primeira actuación extenderíase desde o Tegra ate o comezo do núcleo da Pasaxe -sobrepasando un quilómetro de lonxitude- e afectaría a 104 propietarios de



Vista xeral da Guarda.

fincas, que resultarían expropiados forzosamente e que recibirían pagamentos de 350, 500 ou 950 pesetas o metro cadrado, segundo os valores catastrais determinados hai máis de quince anos, obviando a calificación actual dos terreos, que marcan as normas de planeamento vixentes.

A segunda actuación correspondería aos terreos dos Pais Xesuitas no núcleo da Pasaxe e consistiría nun acordo entre o concello e os Xesuitas polo cal estes ceden o terreo -un cento

de metros lonxitudinais- a cambio dunha recalificación do terreo -para construír vivendas e mesmo un supermercado- e da reconstrución do muro. O acordo incluíría a reversión dos terreos aos Xesuitas se nun prazo de catro anos non se cumpre integralmente o texto do acordo.

Para a concelleira do BNG, Rosa Darriba, que asesorou aos afectados desde o comezo do conflito, hai dous meses, "trátase dunha discriminación entre os viciños e os Xesuitas, que saen moi ben

parados e que conquiren un plano específico para eles cunha recalificación duns terreos cos que antes non podían facer nada".

### Alegacións

Máis do oitenta por cento dos afectados formularon alegacións diante do concello, que ven de presentar unha modificación con peor fortuna que o plano anterior. O novo proxecto tería que ser examinado por un pleno extraordinario convocado para tratar o ensanchamento desta estrada a petición da oposición para o Xoves 5 de Decembro. O pleno celebrárase, pero o novo proxecto foi desbotado pola secretaria do concello, que considera que está mal redactado.

Desde hai dous meses as mobilizacións sucedense na Guarda. Toda a oposición municipal (PSOE, BNG e EU) apoia unhas reivindicacións viciñais que comezaron encabezadas polo BNG e que tanto o Partido Popular como os Independentes -ambas forzas integrantes do goberno municipal- están a ignorar. A pesar disto, algúns dos afectados próximos ao PP trataron, sen éxito, solucións aos seus casos particulares. ♦

Peche do BNG no concello para exixir que se traten nos plenos

## O alcalde popular de Marin non debate as mocións da oposición

A negativa do alcalde de Marin (PP) a tratar nos plenos as mocións presentadas polo grupo municipal do BNG, ou o costume de adialas, levou aos concelleiros desta formación a realizar un peche de protesta ao remate do pleno do 29 de Novembro.

O alcalde de Marin adia sistematicamente as mocións presentadas polo BNG e non lle dá o curso preceitativo: pedir informes, levalas a comisión e despois a pleno. Esta actitude reitérase máis as insistencias dos concelleiros nacionalistas para tratar as súas mocións.

Ante esta situación, rematado o último pleno ordinario do ano (celebrábase cada dous meses), o pasado Venres 29 de Novembro, os concelleiros nacionalistas pecháronse simbolicamente durante dúas horas no interior do concello e exhibiron unha pancarta que decía: "Democracia no concello. BNG". Hai constancia de que, a resultas desta protesta, o Goberno municipal do PP xa iniciou trámites para dar curso as mocións do BNG acumuladas, algunha delas desde hai máis de un ano. A pesar de todo, os nacionalistas prefiren

agardar ao vindeiro pleno para ver os resultados. "Senón tratan as mocións -explica o portavoz do Bloque, Antón Pousada-, continuaremos coas medidas de presións". O BNG non desbota outro tipo de medidas, como as xurídicas.

O estilo de gobernar do PP en Marin, desde chegar ao poder despois das últimas eleccións municipais e tras incorporarse directamente ao PP o concelleiro do PIE, é criticado pola oposición municipal (PSOE e BNG). Algúns plenos ordinarios non inclúen máis que a lei-

tura da acta anterior e rogos e preguntas e cando é tratada unha moción do BNG, as respostas chegan a ser en tono humorístico.

O de Marin non é o único caso no que un alcalde popular impede que se traten as mocións e interpelacións dos grupos da oposición. No concello de Pontevedra, no que vai de mandado da actual corporación municipal, o principal grupo da oposición, o BNG, só conseguiu que se debateran no pleno tres das máis de un cento de mocións presentadas. ♦

O Ministro Piqué afirma que mudar o trazado levaría tres anos

## Os viciños de Merza denuncian a Redesa e á Xunta na Fiscalía Anticorrupción

♦ G.M.F. / MERZA

Logo de protagonizar un peche de cuarenta e seis días no concello de Vila de Cruces, os viciños de Merza, afectados pola instalación dunha liña de alta tensión de Rede Eléctrica Española sobre a localidade, interpuñeron unha denuncia ante Fiscalía Especial Anticorrupción contra REDESA e contra a Administración galega polos pre-

suntos delitos de prevaricación, tráfico de influencias, falsidade de documentos e malversación.

Os viciños basan a acusación de tráfico de influencias no feito da Xunta estar supostamente en conexión con Redesa para facer pasar a liña de alta tensión pola localidade de Merza, prexudicando a un núcleo de poboación -máis ser tecnicamente máis- para beneficiar a unha pequena canteira.

A falsidade de documento argumentase en base a que é falso que a modificación do trazado orixinal supoña a quebra dunha "importante explotación mineira", e porque se omite que o lugar eleito para a variante é un núcleo habitado por preto de mil persoas e que o tendido sobrevoa un entorno paisaxístico de grande relevancia.

A prevaricación viría dos acor-

dos adoptados en prexuízo dos viciños e a malversación polos elevados custos da variante con respecto ao trazado orixinal.

O Ministro Piqué na visita á Galiza, a pasada semana, afirmou que os trámites para un novo trazado da liña de alta tensión aprazaría tres anos a súa posta en funcionamento, puxo así de manifesto as verdadeiras razóns da negativa ao cambio. ♦

### Cuarto aniversario do Mar Exeo sen cobrar as indemnizacións

Máis de dúas mil persoas participaron, o Sábado 30 de Novembro, na Coruña nunha manifestación para lembrar o sinistro do Mar Exeo, ocorrido na madrugada do tres de Decembro de 1992, e para reclamar o cobro das indemnizacións, aínda pendentes. O acto emarcábase nas cuartas Xornadas en Defensa do Mar, promovidas polas confrarías afectadas, que na actualidade enfréntanse con novo problema: que o Fondo Internacional de Compensación por Danos de Hidrocarburos nega a participación nas negociacións ao secretario da comisión de afectados. O BNG pediu, através dos seus deputados no Congreso, que o Estado faga un adianto a conta das indemnizacións e asuma a súa responsabilidade subsidiaria para non "facer deixación de funcións". ♦

### Ourense non paralisará as obras da Fundación San Rosendo

O concello de Ourense non paralisará as obras da residencia de estudantes da Fundación San Rosendo en terreos da Universidade -que se opón á obra- até que non sexa firme a sentenza do Tribunal Superior do Luns dous de Decembro que suspende a licéncia de obras, segundo anunciou o alcalde da cidade, Manuel Cabezas (PP). Por outra banda, Cabezas asegurou que agarda que o Tribunal Superior rexeite o recurso de súplica presentado contra o fallo e dixo que o concello seguirá adiante co recurso de casación ante o Tribunal Supremo pola suspensión xudicial do convenio asinado entre o concello e a Fundación para construír a residencia con cartos da Xunta. ♦



### Viciños do Corgo contra un acceso á autovía de 180°

Os viciños do municipio lugués do Corgo protestaron, o pasado Luns dous de Decembro, contra un acceso á autovía de Noroeste, ao paso da localidade, que inclúe unha curva de 180°. O acto consistiu en pechar o tránsito no devandito nó de comunicacións. Ademais dos retrasos nas vías de comunicación coa Meseta, o Ministerio de Fomento inclúe numerosos enlaces incompletos -coa posibilidade de incorporación nunha soa dirección- e elude moitos nós argumentando a proximidade doutros enlaces. ♦

## PESCA

CRONICA ILUSTRATIVA DUNHA SESION DO CONGRESO  
NAS SVALBARD TAMPOUCO...

SEVERINO XESTOSO

O Guillermo coñecía os atrancos cos que se atopaba a flota bacallaeira por falta de caladoiros onde poder faenar cun pouco de estabilidade. Contáranlle polo litoral unha e outra vez, o que fóra o pasado; decenas de parellas, de CASA MAR, COPENAVE e tantas outras, bous de PISBE, PEBSA e COPIBA, unha e mil historias que sempre remataban ca mesma frase, "hoxe, cando pescamos tres meses ao ano ben, xa podemos estar ledos". Por se fose pouco, nunha recente viaxe a Euskadi, Miguel Iriondo o Presidente de ARBAC (Asociación de Empresas de bacallau, especies afíns e asociadas) agasalláralo cun estudo sobre os problemas desta flota na actualidade.

Para o Guillermo estaba claro que iso do bacallau era cousa hoxe —como fóra onte— de dous: galegos e bascos. E pensou que podería facer algo, coa seguridade que logo do "éxito" da xuntanza de San Petersburgo (ou sexa da NAFO) todo sería máis doado. Así que se enterou da cantidade que capturaban os nosos pesqueiros nas xélicas augas situadas o Norte do paralelo 74º antes do famoso Tratado de Adesión. Repasou o Tratado de París de 1920 —ao que o Estado español se adherira en Novembro de 1925— que falaba dun tal arquipélago de Spitzberg, e mentres lembraba o Art-2 de dito Tratado (aquele que dicía: "Os navios e súbditos de todas as Altas Partes Contratantes serán igualmente admitidos ao exercicio do dereito de pesca e caza nas rexións a que se refire o Tratado e nas súas augas territoriais), foi redactando o borrador da Proposición non de Lei.

Xa dixemos, que o Guillermo sabía dunha cuota próxima as 15.000 Toneladas nas augas desas illas de nome tan extrano, antes de "sermos europeos" e sabía tamén que os pescadores dicían que os peixes daquelas augas nada tiñan que ver cos famosos *perqueñines* e non lle pareceu oportuno darlle a leria ao persoal, polo que non estudou nada das andanzas do holandés Willen Barents que estivo por ali no 1596 e tampouco quixo xustificar a nosa necesidade de bacallau, baseándose no dato que fala que entre os séculos XVI a XVIII se calculaban no Reino das Españas uns 130 días de abstinencia, xa se sabe —razonou— que daquela o Estado era super-confesional, pero agora despois da voda do Cascos, a cousa era diferente.

Así que rematadas todas estas disquisicións, escribiu a seguinte Proposición non de Lei, que entregou con data 2 de Outubro no Congreso dos Deputados:

"O Congreso dos Deputados insta ao Goberno a que tome as medidas necesarias para que a Unión Europea negocie un aumento dos cupos de captura de bacallau para a flota española nas augas das Illas Svalbard de maneira que se asegure a actividade desta flota nos seus niveis históricos". E agardou...

E aconteceu que os partidos maioritarios de ámbito estatal, quixeron lembrar que tamén tiñan deputados galegos aos que o asunto este do "gadus" do ártico interesáballes moito, por iso 40 días despois de que o Guillermo entregase a súa proposición, o P.P. baixo a xustificación de "mellora técnica" presentaba unha enmenda —segundo deles— de modificación, na que pedía un incremento de posibilidades para a flota bacallaeira tanto nas Organizacións Internacionais de xestión das pesqueirías como en terceiros países. Home, deberon pensar que falar dunha zona concreta era pouco, e o mellor era falar de todas a vez, é dicir, de nengunha. E como galegos somos todos, ese mesmo 12 de Novembro o PSOE presentaba tamen a súa enmenda, máis modesta ou non, segundo como se tome, xa que falaba da "defensa da actividade da flota pesqueira española" para rematar pedindo "ante a U.E. a mellora e ampliación das cuotas de bacallau".

E chegou o día da defensa das proposicións. O Guillermo falou e dixo cousas como estas: que a Unión Europea tampouco defende os nosos dereitos en relación a terceiros países, que se nota que a pesca pesa pouco na política do Goberno do Estado e da U.E., que as tripulacións dos bacallaeiros é o 90% galega, que a situación desa flota estaba ao límite para armadores e traballadores, que este era un problema político e un problema de mercados (e lembrou as exportacións de bacallau nóruego a Península Ibérica), que desde 1988 a nosa cuota sempre estivo por baixo da cuota histórica de antes da adhesión, e que o Goberno debiera presionar para conseguir cando menos esas 15.000 Toneladas para ir asegurando —cando menos— algo de futuro para esta flota.

Falou despois o representante do PSOE, o señor Blanco, que comenzo dicindo que compartía a preocupación do Guillermo pola flota bacallaeira, engadiu que estaba a esperar a presenza da Ministra para que —como o solicitara o seu grupo— explicara de que fa ísto da pesca, e voltou a coincidir co Guillermo niso de que o Goberno non demostraba demasiado interese. Fixo despois un pequeno percorrido histórico que rematou "compartindo" a preocupación no senso de que as posibilidades desa flota ían diminuíndo paulatinamente. Pero claro, eran xa moitos puntos en común, e tratar un punto concreto podería levar aparelados perigosos antecedentes, polo que mellor e "máis universal" era pedir a mellora e ampliación das cuotas de bacallau, sen restrinxirlo exclusivamente ás Illas Svalbard. E así solicitoulle ao Guillermo que o tivese en consideración na súa enmenda, aínda recoñecendo "... é certo que existe un problema específico en relación ás illas Svalbard...".

E chegoulle o turno ao señor Mantilla, o número un no Parlamento en pesca polo PP. Non levaba a falar dez segundos cando dixo que era certo que a flota bacallaeira tivera unhas reducións considerábeis. Está claro que a humildade debe ser unha das súas virtudes, porque —segundo o seu propio discurso— pasar de 128 parellas a 11, só e unha "redución considerábel" e non un desastre total. Claro que debeu darse conta enseguida, xa que a continuación engadiu: "Estamos ante unha situación gravísima e fai polo menos sorrir irónicamente a postura do portavoz do Grupo Socialista achacando neste caso ao Goberno actual a desdía, segundo parece, referente a flota pesqueira bacallaeira e en xeral". E veña, máis contra o PSOE, que se os bancos de Terrañoa, que se os informes científicos de Canadá, etc.

No médio, unha frase que eu lin en parte antes nalgún sitio: "podíase camiñar sobre as augas porque había tal cantidade de bacallau que así o permitía". E o Guillermo agardando que por fin falasen de Svalbard, xa que precisamente como Terrañoa quedaba noutro sitio, el non quixo falar no seu momento da familia Caboto, nin

do artigo XV do Tratado de Utrecht de 1713 no que se recoñecían os nosos dereitos históricos, pero non se nos deixaba pescar, nen do Meliton D. Domínguez ou do Euskalerria. Por fin chegou a hora e o señor Mantilla fixo un atinado estudo de cuotas e acordos nos últimos anos nas augas das illas de referencia, de onde sacou unha conclusión, "adecuada a dereito", pero que podía poñer os pelos de punta a moitos armadores de ser aplicada a outras augas e incluso a moitos repartos de cuotas dentro da propia U.E.


Schuman e demais europeístas convencidos, de seguro que quedarían ledos ao escoitar no Parlamento Español, falando da súa flota pesqueira, o que dixo o señor Mantilla: "... Polo tanto, hai un TAC fixado. Ese TAC é invariábel. Ou dito doutro xeito, se se varía ese TAC varían tamén as porcentaxes que lle corresponden a cada un dos países, xa que voltamos a repetir que o reparto foi consensuado por todos eles. De aí que non se pode pretender que España de maneira unilateral se adxudicase máis cuota para a súa flota porque iría en detrimento dos demais". A seguir, dixo que non podía aceptar, tal como estaba presentada, a proposición do Guillermo, "xa que non se pode instar a U.E. para que se incrementen as cuotas de España de xeito unilateral".

Estaba xa todo dito aínda que *Convergencia i Unió*, nun alarde político dos que xa nos ten acostumados, considerase "xustas as reivindicacións" do Guillermo, pero tamén agardaba "que coas emendas presentadas podería chegarse a un acordo" e polo tanto votarían en consecuencia. Pola súa parte o representante de *Izquierda Unida-Iniciativa per Catalunya*, señor Centella fixo honor ao seu apelido e deixou clara a súa postura con bastante brevedade: Apoiaban a proposición do Guillermo e que como dixeran o PSOE, agardaba tamén a comparecencia da Ministra para explicar "se este Goberno, ten ou non ten, política pesqueira".

Tocáballe pois rematar ao Guillermo, e foi moi claro, dixo que a demanda que presentou no só era a do seu partido "senón do sector interesado, e dicir, o sector bacallaeiro" e que non podía aceptar as outras enmendas xa que "diluían unha reivindicación en concreto".

O final é xa coñecido: os votos de P.P. e CIU rexeitaban a proposición, o PSOE abstíñase. En realidade, como dixeran durante a xuntanza o representante de I.U.: "O noso país non pode seguir devaluando a súa flota continuamente. Non podemos trasladar a xente da mar. Xeralmente este Goberno e os anteriores van dando marcha atrás e sempre estamos de derrota en derrota".

Xusto unha semana despois, o 20 deste mes, o Guillermo lía nun xornal, "Os armadores galegos consideran a todas luces insuficiente a cuota de 11.500 toneladas otorgadas a España en augas do mar de Barents e Svalbard e demandan a axuda de Bruxelas para paliar a situación". ♦

Major informa a Aznar  
do recorte da pesca  
na Grande Bretaña

Do encontro de José María Aznar co primeiro ministro británico John Major, mantido o pasado 27 de Novembro en Londres, o presidente do Goberno español trouxo unha mensaxe importante: os barcos que pescan no Reino Unido van ter novos atrancos. Major quer que os pesqueiros de propiedade estranxeira non entren na cota asignada á Grande Bretaña, decisión que os meios de comunicación ingleses recolleron cunha eufemística "obriga de que os pescadores españoles falen inglés". O primeiro ministro quer incluír nos acordos da Conferencia Intergubernamental de Pesca un bloqueio aos barcos galegos, que son os afectados dentro do Estado. Aznar non fixo pública a mensaxe de Major limitándose a facer titulares co contundente apoio prestado pola Grande Bretaña á política española en Cuba. ♦


O Goberno non construírá  
a regasificadora do Ferrol

O aplazamento da construción da planta regasificadora do Ferrol —acordado polo Goberno central e anunciado polo secretario de Estado para a Enerxía, Nemesio Fernández Cuesta en Bruxelas— significa que o proxecto non vai ir adiante e que deixará á Galiza a mercede do que decida o Goberno portugués e condicionada polos intereses de mercado alén do Miño. Isto significará que Galiza non poderá acumular existencias ou facer contratos de compra-venda a longo prazo, porque carecerá de capacidade de almacenamento, de modo que o prezo do gas no noso país necesariamente será máis caro. ♦

## A Central Leiteira

## Asturiana merca a Larsa

Lácteo Agrícola Rodríguez, S.A., *Larsa*, pasará de mans francesas á Central Leiteira Asturiana, *Clas*, que vai absorber a empresa galega, xestionada actualmente polo grupo francés *Bongrain*. *Larsa*, en lugar de ser recuperada para o patrimonio empresarial galego, e incorporada a un demandado polo sector, Grupo Lácteo Galego, pasará a unha cooperativa —que será unha empresa mercantil para realizar a operación— que controlará unha parte importante da produción leiteira galega, quedando comprometidas as súas posibilidades de crecemento, xa que as cotas de produción galegas poderían ir marchando para Asturias. ♦



A. IGESIAS

## Tira cos prezos mentres Agricultura non dá solucións

# Folga xeral na Límia

## contra o dumping da pataca europea

Toda a Límia secundou a folga xeral do Mércores catro de Decembro para demandar solucións á crise da pataca, cuxos prezos están afectados pola importación masiva de pataca europea subvencionada que se vende a prezos por baixo do custe. A crise dase cando se rexistrou unha caída na produción do trinta por cento da pataca na Galiza. O mesmo día, nas ruas de Xinzo, a Asemblea de Labregos convocou unha manifestación que resultou multitudinaria e que dioscorreu detrás dunha pancarta que dicía "Polo Futuro da Límia. Labregos da Comarca".

Todos os alcaldes da mancomunidade acordaron, nun pleno deste organismo celebrado a semana pasada, o apoio á convocatoria dos dous actos. Mesmo os rexidores do PP púñanse en contra da Consellería de Agricultura, que non dá outra solución que ofrecer a substitución da pataca polo trigo.

Malia a redución da produción de pataca rexistrada este ano na Límia —dun trinta por cento—, os labregos da comarca están a cobrar entre 9 e 13 pesetas

por cada quilo que venden, cando os custes de produción sitúanse en 17 pesetas. A razón é o dumping da pataca europea, xa que o mercado foi invadido por pataca procedente da Franza, Bélxica e Holanda, que obtén subvencións ilegais á exportación para conquistar vender a prezos por baixo do custe e invadir o mercado. Cos prezos tan baixos e cun mercado ateigado, a pataca galega cae en picado.

Á situación deste ano súmase a do pasado, cando a produción tampouco foi boa, aínda que daquela non se produciu unha invasión da pataca europea.

Ante esta tesitura, o Sindicato Labrego Galego insiste en reivindicar axudas inmediatas para paliar a crise actual e que as autoridades deteñan as importacións de contado. Os labregos no entenden como se limita a produción do leite pero se consinte a invasión do mercado da pataca.

Para o futuro, as reivindicacións sindicais céntranse nun plano para a comarca baseado en tres puntos: Un plano de regadío in-

tegral que aporte infraestruturas, ordene o territorio e os cultivos e que controle o regadío. O segundo punto sería facer funcionar o Consello Regulador Pataca de Galiza, criado provisoriamente hai seis anos, e dar entrada aos sindicatos en tanto non se celebran eleccións para a súa composición. Os sindicatos prefiren esta opción en lugar da designación arbitraria da súa composición por parte do Conselleiro, como sucede. O terceiro aspecto incidiría na necesidade de facer contratos homologados con prezos mínimos e máximos que garantan os dereitos dos labregos e dos consumidores.

O Sindicato Labrego Galego agarda que o seguimento masivo da folga xeral da Límia e a manifestación celebradas o catro de Decembro servan para que a Xunta acceda a sentarse a negociar unha saída á crise. "De momento a Consellería de Agricultura non entrou a valorar a nosa táboa reivindicativa, pero o máis grave é que tampouco ofreceu medidas alternativas", explicou Xosé Manuel Puga, secretario de organización do Sindicato Labrego Galego. ♦

### TEMPO SINDICAL

## 14 DE DECEMBRO EN COMPOSTELA

FERNANDO ACUÑA

Estamos a vivir días de mobilización. Traballadores de Endesa, estudantes, empregados e empregadas públicos, produtores de leite e de patacas... Todos, dun ou doutro xeito, agraviados polas políticas do Goberno central e da Xunta, realizan manifestacións, folgas e actos reivindicativos, en exercicio dun dereito democrático máis, en ocasións vulnerado por unha actuación das forzas policiais desmedida e chamativa. Desmedida pola desproporción da represión e polo saldo de vítimas entre os traballadores e cidadáns; chamativa pola regresión que significa a respecto de tempos anteriores e mesmo pola acusada diferéncia de trato entre o que ocorre aquí e o que acontece noutras latitudes, por exemplo nas recentes manifestacións e ocupacións de estradas dos traballadores da minería do Bierzo e de León.

O Delegado do Goberno central en Galiza e o Presidente da Xunta que se entusiasma no aplauso á represión, obrarian mellor atendendo diligentemente, dende as súas responsabilidades políticas, ás accións que os sectores sociais afectados reclaman moi razoadamente en todos e cada un dos casos. En realidade, esa é maneira de afrontar os conflitos, e non a pura e dura actuación dos antidistúrbios.

Tense significado dende o mundo empresarial a opinión de que as mobilizacións sociais dan mal cartel ao país e fan fuxir as inversións. A este respecto, o que realmente dá unha imaxe fatal, en termos de democracia, é a actuación represora, mesmo con vítimas de dous anos de idade, como aconteceu hai uns días en Pontevedra. Compárese esta situación coa vivida en doce días de folga de camioneiros en Francia, cunha afectación económica incommensurabelmente maior, e que cada quen tire conclusións.

O comun denominador das mobilizacións é o acentuamento da ofensiva neoliberal en contra da clase traballadora que se está a producir dende a chegada da dereita ao Goberno central. Efectivamente, as políticas desenvolvidas polo novo goberno, que temos comentado nestas páxinas máis dunha vez, corrom-

nean un proceso de deterioro e empobrecimento da clase traballadora, tanto no que respecta aos dereitos laborais como á súa situación económica. Agora, despois dunha reforma das pensións, inexplicablemente apoiada polos sindicatos centralistas, que significa recortes para os actuais e sobre todo para os futuros pensionistas —en particular para as mulleres—, que non asegura o futuro do sistema público, que avala ao goberno Aznar e que é unha baza propagandística máis para os sectores financeiros interesados na xestión privada dos billóns de pesetas que significan cada ano as pensións; despois desta reforma, decíamos, anúnciase para o próximo ano unha segunda edición da contrarreforma laboral de 1994, ora negociada, ora imposta polo goberno, que, se non o remediamos a tempo, vai conseguir facer máis fácil e barato o despido, tanto o individual como o colectivo.

Neste contexto, a CIG está a desenvolver unha campaña de mobilizacións que, baixo o enunciado de *Paemos as agresións á clase traballadora*, expresouse xa en manifestacións nas principais cidades galegas, e que terá continuidade o próximo día 14 de Decembro cunha grande manifestación en Santiago de Compostela, a capital da nosa nación, que sairá ás doce da mañá da Alameda para concluir na praza da Quintana. Porque estamos convencidos de que a ofensiva reaccionaria non se reconduce con sesións intensivas de negociacións-cesións, nas que se xoga no terreo defensivo de delimitar o alcance dos recortes de hoxe, aboando o terreo para posteriores cesións e retrocesos mañá. Porque é necesaria unha atitude ofensiva na que é obrigado o concurso directo dos traballadores e traballadoras, no debate, na reivindicación e, por suposto, na mobilización.

E nesas estamos. O día catorce, como anteriormente nas distintas comarcas, moitos miles de traballadores e traballadoras demostrarán que somos moitos os que non nos refuxiamos na resignación e na conformismo. ♦



A. IGLESIAS

## Capitalismo e familia

MANUEL CAO

Tradicionalmente, a familia foi unha das unidades básicas que a sociedade artellaba e que servía como punto de partida e de chegada no deseño e aplicación das políticas económicas. A familia como unidade de produción e de consumo é un dos componentes clave nos fluxos e interrelacións que se establecen en calquera economía. Do que sería a familia internamente a penas se ocupaba a economía quedando para o dereito canónico, civil ou consuetudinario o regulamento de case todas as relacións intrafamiliares incluídas as de tipo económico. Máis, agora, comprobamos que as relacións intrafamiliares empezan a ser reguladas autónomamente por leis similares ás de carácter económico. A familia clásica desapareceu desde o punto de vista financeiro e fiscal e os restos que quedan de regulamentos anteriores son claramente disfuncionais. Nos países europeos o colectivo de familias dun só membro medra cada vez máis. Os asuntos familiares son sempre moi conflictivos sendo a raíz de moitos actos violentos na sociedade actual. Fíxense, por exemplo, como o Parlamento de Cataluña acaba de meterse a regulamentar as relacións económicas intrafamiliares debido as distorsións producidas polo paso dunha sociedade de familias clásica cara unha sociedade de individuos.

Ao capitalismo neoliberal salvaxe interésalle e aposta polo individuo sendo a familia un resíduo, unha anomalía da superestrutura herdada. No capitalismo a lóxica racional é a do cálculo individual e egoísta. Non existen problemas en USA co aumento de divorcios e separacións que dan lugar a boas ganancias do colectivo de avogados sendo mesmo capaces de vender series televisivas de éxito con argumentos baseados nos conflitos inter e intrafamiliares. Nunha sociedade onde os dereitos e deberes dos sexos están equiparados legalmente a lóxica de comportamento de homes e mulleres é exactamente a mesma. Só unha anomalía dificulta pero non impide a total igualación: só a muller pode ter fillos. Iso significa un período mínimo dun ano no cal a muller non ten posibilidade de competir no mercado en igualdade de condicións co home. A existencia do servizo militar equiparaba, dalgún xeito, as condicións de partida dos dous sexos. Eliminado este a muller está en piores condicións para competir en calquera mercado. De feito, moitas mulleres son despedidas ao descubrirse que están embarazadas, outras esterilizanse para poder ser contratadas. Nótese que ao actuar deste xeito están renunciando a exercer o monopólio da reprodución que a natureza lle conferiu. O suposto sexismo das empresas, é unha falacia pois nada impide que mulleres empresarias contraten, por exemplo, só mulleres. En realidade, o sistema económico condena á muller e ao home ás mesmas condicións competitivas e nese campo han de xogar e xogan todos.

Nesta primeira reflexión baste dicir que o abandono do papel da muller mai de familia e a súa substitución polo ideal da muller traballadora equiparada ao home pode ter vantaxes pero tamén terá inconvenientes. Como individuo a muller só traballadora ha de ser protexida como traballadora, non como muller. Colectivamente, habería que buscar algún método para reproducirse. ♦

‘Ao capitalismo neoliberal salvaxe interésalle e aposta polo individuo sendo a familia un resíduo’

## MEIOS DE COMUNICACIÓN

## O nacionalismo ante o cerco informativo

♦ M. VEIGA

Desde hai algun tempo, todos os debates sectoriais do nacionalismo rematan ante o mesmo interrogante, ante o mesmo Rubicón, imposible de cruzar. Non se entoa xa consignan clásicas afinal dos actos e manifestacións, senón que todo o mundo se pregunta: Como superar o cerco informativo?

Adentrarse na materia en cuestión abre tantas dúbidas e enigmas, como llas abría nos séculos XIV e XV aos expertos navegantes da fachada atlántica peninsular a hipótese de perder de vista a costa. Máis alá, as augas remataban nun rompen-te abisal ou se cadra emerxían monstros das profundidades. Quen o sabía!

A evolución positiva da carpintería de ribeira nacionalista, a madurez da sociedade, impele a coñecer novos mundos, pero faltan cartas de navegación, algún que sufrague os gastos de barcos dispostos a adentrarse no oceano ignoto e falta tamén un chisco de audacia.

Desde que foron recoñecidas as liberdades formais de prensa e expresión, o nacionalismo xa percorreu todo o arco do abano: desde increpar virulentamente aos profesionais dos xornais no foro da Quintana, a convidar aos responsábeis dos medios de comunicación, a ceas en restaurante neutral. O resultado de ambas tácticas, curiosamente é o mesmo, é dicir: case nulo.

Os medios de comunicación teñen a súa economía: custos de persoal, custos das fontes, economías de escala, mercados locais, publicidade, subvencións (velaí un oportuno tema de tese para a universidade galega), e tamén a súa ideoloxía, non sempre nen mecanicamente subsidiaria do anterior

(que lle pregunten a Domingo Merino pola súa experiencia na etapa de alcalde da Coruña). Esas son as variábeis previas, coas que hai desde logo que contar. O problema está en que facer ante iso. É dicir: o nacionalismo encóntrase ante un punto de inflexión político. Velaí o dilema: galeguizar os medios ou construír medios propios. Unha mudanza estrutural no país supón a concreción de ambas posibilidades. Pero cal servirá de cebador? Cal das dúas determinará o cambio?

### Uns medios de comunicación propios

Os medios de comunicación non son moi diferentes do resto da sociedade e, se un se fixa, vése que o debate é ben similar ao que tivo como eixo a disxuntiva entre galeguizar os partidos estatais ou apostar por forzas propias. Tamén no sindicalismo sucedera algo parecido. Velaí a polémica histórica entre erguer unha nova central sindical ou sumarse ás comisións obreiras que monopolizaban a loita naquelas datas. Se o nacionalismo está onde está é porque apostou nos dous casos pola segunda alternativa, non sen grandes esforzos, incompreensións e custos pessoais. O que parecía utopía, tornouse factíbel.

A situación no campo dos medios de comunicación é aínda moi precaria. Hai menos publicacións en galego que antes do 36, se se exceptua o papel da TVG, de tal modo que o militante ou simpatizante nacionalista mírase cada mañán no espello do seu ninguneador, agarda a súa gracia e trema ante as súas insidias. Aínda hai tempo, con todo, para que en Galiza non se faga realidade aquel aforismo que tan ben definía ao PC da transición, segundo o cal cada vez que editorializaba *El País* temblaba o comité central. ♦

Polo uso do galego, despois de catro anos de negativas

## A Xunta concédelle unha axuda de 1 millón de pesetas a A Nosa Terra

A Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Comunicación Social ditou unha resolución pola que lle concede a *Promocións Culturais Galegas, S.A.*, empresa editora de *A Nosa Terra*, unha axuda de 1 millón de pesetas. Esta axuda otórgase pola promoción do uso do idioma galego, segundo a convocatória realizada no DOG do 19-09-96, que establecía 10.000 pesetas por cada número publicado, dos medios escritos non diários. A comisión da Xunta decidiu redondear a cifra.

Desde hai catro anos, *A Nosa Terra*, non recibía nengunha axuda da Administración Galega

por este concepto, sendo en 1990 a cantidade otorgada de 5 millóns de pesetas. *A Nosa Terra* recorrera ao Valedor do Povo e ao Parlamento Europeo denunciando esta discriminación que a Xunta baseaba en non ser unha publicación diária, segundo o decreto modificado expresamente en 1990. En 1995 a Xunta modificou de novo o decreto de convocatória das axudas, incluíndo expresamente publicacións non diárias escritas enteiramente en galego, pero á hora de as dotar presupostariamente, estas quedaron excluídas de novo, polo que *A Nosa Terra* interpuxo unha demanda. ♦



## Castelán obrigatorio en Telepizza

Sabela Costoia é unha moza da Coruña que, tras rematar unha carreira universitaria e estar preparando unhas oposicións, busca un traballo.

As súas experiencias nesta búsqueda non son moi positivas, agravadas pola súa condición de galego-falante. "A través dun xornal do día 24 de Novembro deste ano, *Telepizza* oferta traballos de pizzerías no seu local de Barrié de la Maza, 23, na Coruña. ao día seguinte entrego neste establecemento unha solicitude para o posto de traballo que posteriormente sería revisada pola encargada. Esta, ao observar que a solicitude estaba escrita en galego, infórmame sobre a obrigatoriedade de falar español na súa empresa. Ante a miña negativa e crítica á política de empresa, evidentemente discriminatória ao me negar o dereito -e que polo tanto teño que impor- de traballar no meu país na miña e única lingua, se me comunica que a solicitude fica invalidada", conta Sabela Costoia, que voltou ao local da empresa pola tarde para facer unha reclamación.

"Ante esta atitude tan belixerante co galego, de castigo aos seus usuarios, solicito por escrito os motivos polos cais a miña solicitude non é aceptada. Agora é cando *Telepizza* decide recoller a miña solicitude para evitar posibles accións legais, negándose o escrito e o nome dos encargados", conta Sabela que cre que a aceptación da solicitude era un xeito de evitar reclamacións e, despois, "tirala ao lixo".

Para Sabela "esta é unha proba máis da existencia dun conflito lingüístico grave e dunha discriminación que aínda existe, e fronte a cal hai que actuar esixindo e exercendo ese dereito con todas as consecuencias". Non é a primeira vez que lle pasa algo similar xa que leva un tempo buscando traballo e se lle pechan as portas en todos aqueles establecementos de atención ao público xa que moitos deles exixen o castellano no traballo. "Non me resigno a que o galego siga sendo unha lingua escrava dos prexuízos, nen a que o español sexa unha obriga na sociedade galega que nen sequera se discute", sinala Sabela Costoia. En *Telepizza* páganse 30.000 mil pesetas por once horas de traballo semanais. As horas extras, habituais, non se pagan. Sabela fai unha última recomendación. "Que se fagan as pizzas na casa e que se evite dese xeito que unha empresa que explota, manipula e coacciona ás súas traballadoras e traballadores triunfe". ♦



M. VEIGA

## Un século de tendeiros

O noso grande novelista —e fino sociólogo— Otero Pedraio escribiu que os tendeiros, andando o último tercio do século pasado, permanecían aínda en estado de "larva homildosa". Os tempos que viñan ían ser os da súa metamorfose e plenitude.

Pois ben, hoxe ese estamento social parece encontrarse no fin do seu ciclo. E non porque non tivese posibilidades de sobrevivir: velaí as cidades médias italianas plagadas de tendas, modernas e vistosas, senón porque algúns dos seus responsábeis albergan unha mentalidade suicida. Ven isto a conto das palabras do presidente da federación provincial de comerciantes pontevedreses, Antón Reguera, quen calificou de "morralla" ás persoas, negros, portugueses e xitanos na súa maioría, que practican a venda ambulante.

Reguera pediu mesmo a supresión do *mercadillo* vigués de Bouzas os Domingos, un lugar que lembra os *marché ao puce* (mercado de pulgas) que recomentan os guías parisiños. Paradoxicamente, Reguera non tivo inconveniente en aceptar a instalación dun novo hipermercado francés na Travesía de Vigo. Claro que non todos os tendeiros son racistas e nocivos para os seus propios negocios como Reguera, pero ben farián en demostralo escollendo outro presidente. ♦

## Xuizo a un mestre insubmisos na Coruña

O Martes 3 de Decembro foi xulgado na Coruña o profesor do instituto de Ensino Secundario de Carballo, Carlos Sánchez Crestar, ao que se lle pediu 2 anos 4 meses e un día e que podía ser inhabilitado para a función docente. Diferentes colectivos antimilitaristas da cidade convocaron unha folga nos centros de ensino medio contra os xuizos a insubmisos e en apoio de Sánchez Crestar, que é a afiliado da CNT. Outras centrais como a CIG amosaron a súa solidariedade con el e con todos os mestres que están a ser xulgados así como o rexeitamento á utilización de prestacionistas nos centros educativos. ♦

## Axuda para Cuba desde o Val Miñor

A asociación de amizade galego-cubana *Francisco Villamil* organiza unha campaña de axuda para Cuba no Val Miñor. Os membros da asociación sinalan os efectos do ciclón Lili que pasou pola illa en Outubro, deixando máis de 50.000 vivendas destruídas, 78.885 afectadas e 740.000 hectáreas de cultivos destruídas obrigando ao traslado de medio millón de persoas. A lista de material inclúe gafas graduadas, alimentos para nenos, xeringas, algodón, esparadrapo, tiritas, gasas, vendas, compresas, desinfectantes, aspirinas, antigripais, antibióticos e outros medicamentos en boas condicións. Na Guarda, pódense entregar no concello, no centro de saúde, na CIG e CCOO; en Oia, na farmacia e no centro de saúde; en Goián, no centro goiánés; en Tomiño, no centro de saúde e no de servizos sociais; no Rosal, no concello, na Liga de Amigos do Rosal e no centro de saúde, e en Tui, na Policía Local e na farmacia *Areses*. Quen queira aportar cartos pode facelo na conta do Banco de Galiza 0097-8977-65-0600063639. ♦

## Festival a prol da selección galega

Xa está en preparación o festival que se celebrará na Estrada en Xaneiro a prol da selección galega de fútbol no pavillón da Fundación de Exposicións e Congresos. *MCD*, do País Basco, *Os Diplomáticos*, da Coruña, *Skatalá*, de Barcelona e *Fus Quenlla*, da Estrada serán os grupos participantes. A organización corre a cargo da asociación do colectivo *Estadea*. ♦



O Xeneral Manglano con Sáenz de Santamaría e Sáenz de Tejada na tribuna que ía ser voada como comenzo do golpe militar.

XURKO S. LOBATO / ARQUIVO

Afirma que non se depuraron responsabilidades

## Felipe González reconece que en 1984 se tentou dar un golpe de Estado na Coruña

♦ A. EIRÉ

Unha semana antes de que saise da cadea Antón Tejero, o último implicado no golpe do 23-F, Felipe González reconecía nunha entrevista que en 1984 tentaran, de novo, dar un golpe de Estado, que comezara na Coruña o día da celebración das *Forzas Armadas*. O ex presidente do Goberno español tamén afirmaba que non se depuraron responsabilidades.

A nova do intento de golpe de Estado que se pretendía dar en 1984 saltara aos medios de comunicación días despois da parada militar celebrada na Coruña, pero foi desmentida oficialmente, propagando o rumor que era ETA a que intentaba un grande atentado contra o Rei e a cúpula militar. Non era precisamente ETA, senón membros do Exército, apoiados por unha trama civil non desmantelada en 1981, os que pretendían apoderarse dos resortes do Estado despois de eliminar á familia real, ao Goberno e á cúpula militar. A tribuna desde a que as autoridades presenciarian a parada militar celebrada na Coruña, situada no Obelisco, sería voada cunha potente carga explosiva colocada debaixo.

Afirmábase daquela que, días antes da celebración, os servizos secretos detectaron escuros movementos na cúpula militar e, logo, nun recoñecemento exhaustivo atoparon unha especie de túnel que se prolongaría até mesmo debaixo do sitial das autoridades, despois de lograr unha primeira confesión dun detido. Agora, Felipe González reconece aquel intento de golpe, que el califica de cruento, pero non quer especificar máis.

Non realiza as declaracións nun intento de sacar á luz escuras tramas que se moveron na chamada *Transición*, senón de exculpar ao xeneral Manglano e de loubar o seu papel e o do CESID, grácias aos que, afirma, se puido parar o golpe. González tamén reconece tranquilamente que se abortou o golpe máis que se fixo un arranxo interno, sen depurar nengunha responsabilidade.

Dicer a verdade

Polos mesmos días, Jordi Pujol afirmaba que "agora xa se pode dicer o que se queira". Reconecía, así, implícitamente que, durante estes últimos anos existiron moitos lados escuros aos que non chegou a luz da transparencia que lle deben as administracións públicas aos cidadáns.

Comentaba hai algun tempo un dirixente socialista que o grande erro do seu partido, máis alá dos sectores que se implicaron en dúbidas operacións, foi o non explicarlle á cidadanía os problemas cos que se ía encontrando na súa acción de Goberno e as dificultades que lle impedían superalos, entrando na dinámica dos segredos e sen recorrer "ao imenso caudal de 10 millóns de votos que poderían facer mudar o curso dos acontecementos". Tamén afirmaba que, o tentar resolvelos desde dentro, sen transparencia, foi o que os levou a que embulleiraran non só a súa xestión, senón tamén a propia imaxen partidaria.

O papel dos servizos secretos

españóis ao longo destes 25 últimos anos están aínda por escribir e os documentos do CESID só son migallas interesadas nunha guerra de presións e resituacións que se está a dar no Poder, e que agora situou na Xudicatura o dique de contención e, tamén, os aliviadoiros.

Duas situacións teñen significativa importancia neste contexto de sombras chinesas que se moven polos sumidoiros do Estado. O carácter militar da Guardia Civil que controla importantes resortes de poder, sen que se lograra aínda democratizala, por un lado. Polo outro, a entrada na OTAN e a súa configuración como *forza pacificadora*, pois así é como se presenta nas súas intervencións nos distintos conflitos. Unha *pacificación*, semellante ao das forzas armadas británicas en Irlanda do Norte, que oficialmente están ali non para ocupar ese país, senón para *interpoñerse* entre os belixerantes e *pacificar* o territorio. Ambos aspectos conxúganse hoxe mal, e por iso os intentos de *resituación interna* que se viu na obriga de impulsar González na última etapa no Goberno. ♦

B. LAXE

## Clima de negociación

Xavier Arzallus preguntábase a semana pasada, nun acto partidario, se o que molestaba de ETA ao Estado eran as súas accións ou as súas reivindicacións. Arzallus ten a virtude non só de medir as súas palabras (aínda que as presenten case sempre como provocacións) senón tamén de medir os momentos nos que as pronuncia. Aos poucos días o Goberno central reconecía algo xa sabido e anunciado desde estas mesmas páxinas: estase a negociar cos GRAPO. O bispo Setién aproveitaba o Nadal para demandar de novo unha saída negociada ao problema de Euskadi e, polos mesmos días, Margarita Robles, máxima responsábel de Interior na última etapa de Felipe González na Moncloa, pronunciábase de novo a prol de comezan as conversas con ETA. As condeas contra os empresarios que pagan impostos e rescate, voltáronse agora comprensión e axuda. Este clima era rachado desde algun sector do Goberno con tres feitos significativos. Anúnciase con gran parafernalia informativa que ETA pretendía atacar contra altos cárregos franceses. A nova, nos xornais galos, non sobrepasou o espazo dunha columna, só era a carta dun etarra, dician. Tamén se anunciou un novo "atentado selectivo en Barcelona" e, inmediatamente, deuse a réplica policial publicitando o *grande logro* de atopar un piso franco do Comando Madrid, cando este o tiña xa abandonado hai oito meses. Está visto que aínda hai sectores gobernantais que non están preparados para unha negociación con ETA que xa comezou. ♦

# 4º ANIVERSARIO

Fumos a semente



RÚA MARTÍN CÓDAX, 11  
VIGO

Hoxe somos esta vida

FELIZ ANO '97

Anarquista e autor da biografía de Durruti

# Abel Paz

'Só os indocumentados din que Durruti era un sanguinario'

✦ ARANTXA ESTÉVEZ

A ABEL PAZ, SEUDONIMO DE DIEGO CAMACHO, LEVOULLE DEZ ANOS RECONSTRUIR A BIOGRAFIA DE DURRUTI. REALIZOU O TRABALLO NO EXILIO DE PARIS, ONDE EN 1972 SE EDITOU POR PRIMEIRA VEZ *DURRUTI EN LA REVOLUCION ESPAÑOLA*, QUE ATÉ CINCO

ANOS DESPOIS NON SE PUIDO LER NO ESTADO ESPAÑOL. UNHA NOVA EDICION, A CARREGO DA FUNDACION ANSELMO LORENZO, TROUXO A ABEL PAZ A GALIZA, ONDE NON SO FALOU DE DURRUTI, TAMÉN DA MILITANCIA NA CNT, DO EXILIO E DO COMPROMISO HOXE.

Como realizou a investigación sobre a vida de Durruti?

Son dez anos de traballo. Ao principio non tiña que ser a biografía de Durruti senón unha breve historia da Guerra de España. Estaba na Franza curándome dunha lesión pulmonar que contrain nos cárceres franquistas. Comprobando o que se escribiera sobre a Guerra de España, vin que había un cliché imposto polo PC que daba unha visión dos anarquistas como bandidos e tolos. Estaban vendendo unha historia que, polo menos, non era a miña historia. Enton decidín escribir algo sobre a nosa experiencia pero avisáronme que ia perder o tempo se pensaba publicar na Franza xa que ia topar oposición. Déronme a idea de escribir a biografía de Durruti envolvéndoa nos acontecementos. Era un personaxe aprezado, incluso os partidos políticos non se atrevían a criticalo. A dificultade estribaba en que Durruti era como un militante obreiro, non era unha persoa que deixara escritos. Tiña que valerme de testemuñas directas, situadas no contexto. Ao estar na Franza, non podía consultar as hemerotecas españolas. A xente que pasaba a fronteira traíame información. Ao extranxeiro non podía ir porque non tiña nengunha bolsa. Atopei a un sobriño de Durruti, Manuel, que estaba en Alemaña, que me apresentou aos pais, que me deron datos sobre a infancia e a mocidade até a folga ferroviaria de 1917, que é cando se manifesta como militante activo do movemento libertario. Ai comeza o seu exilio.

Seguirle os pasos por América non foi difícil?

Hai unha serie de indocumentados que sacan datos do meu libro e os manexan como lles dá a gaña, como Cesar Vidal que o maltrata tratándoo de besta e de sanguinario. O caso é que contactei con xente que o coñecera cando pasou por Cuba, México, Chile, Peru, Arxentina e Uruguai. Todo este período está moi ben reconstruído no libro. Esa parte é moi movida, incluso os americanos levanme ofrecido cartos por facer unha película só desa parte. É presentado como un bandido, como un asaltador de bancos cando en realidade só atacou un. Axudou á Federación Obreira Arxentina, en México e coopera nas escolas. Polo seu activismo, non pasa desapercibido.

Qué pasou coa morte de Durruti? Quen o matou?

É a parte máis mórbida: a ningún lle interesa como vive senon como morre. Hai moita especulación: unha bala perdida ou un atentado. Pero a morte só po-



A. IGLESIAS

dia interesar aos fascistas e o Partido Comunista (no libro recóllese as diferentes versións). Durruti abraíaba á xente como o fixeron as Brigadas Internacionais. Para as tropas franquistas ese era o perigo. Enlazaba coa fé dun povo. Hai que ter en conta que co nivel cultural e coa economía que se estaba a erguer en 1936, o Estado español sería hoxe, sen guerra civil, unha Suíza. O levantamento non tería éxito sen os fascistas italianos e os nazis alemáns. O povo estaba disposto a non deixarse aplastar e niso tivo moito que ver a CNT e a espontaneidade das loitas.

Realidade e paixón

Por qué o seu carisma? Que aporta á CNT?

Durruti pesa e falarase del ao longo dos anos na historia, porque entra con bon pé. É unha especie de figura lexendária, aínda que como anarquista non me gusta esta palabra. Xa en León, en 1917, cando se opón á UGT en contra de que a folga remate, aprézase o seu talento. Hegel di que os homes providenciais son os que se atreven a dicir en voz alta o que o resto pensan en voz baixa. A atitude de Durruti resposta ao que os demais queren facer e non teñen a audacia necesaria. A xente non esquece facilmente ás persoas con paixón. Non é que a xente pensara que era un salvador senón que era precisa a súa existencia para non perder as forzas. Son momentos da historia nas que un home entra nela. A CNT, que tiña perto de un millón e medio de afiliados, quería facer a revolución social e a República, mal que ben, garan-

tia todas as conquistas sociais. Non había ninguén que pensara en quedarse en casa porque os militares significaban a barbárie.

Como foi a atitude de Durruti coas mulleres da fronte?

Na columna Durruti había moitas mulleres pero crioune unha situación de perigo de saúde. A muller ten a menstruación e necesita unha hixiene especial. O home podía lavarse en calquera sitio, pero a muller non e provocaba enfermidades. Nas trincheiras non se pode ter o hospital ao lado e decidiuse enviar ás que estaban enfermas a que se curasen e ao resto a liñas de retagarda. As que non estaban enfermas non entenderon a decisión pero cando se tomou esa determinación, a muller de Durruti estaba con el e tamén tivo que marchar.

Anarquismo, autonomía e exilio

Cre na vixencia de experiencias como a colectivización?

Sigo crendo que o anarquismo ten a solución a moitos problemas porque a autonomía do individuo aínda non existe. Non hai autonomía sen federalismo. Teño en mente a España de hoxe, un estado de autonomías sen autonomía. Fraga é un virrei que ten que ir a explicarse á Moncloa porque é o delegado do poder na Galiza. Son autónomos os concellos? É autónomo o individuo? A súa única función é pagar impostos. A actual situación crea loitas de poder entre comunidades. Solucionariase cun estado federal no que cada povo ten dereito a ser libre respetando aos povos da súa beira. Centralización

non pode aplastar ao individuo e os concellos teñen que xogar un papel importante. Pero non creo que sexa solidario que cada un falemos nunha lingua.

Pero os povos teñen dereito á súa lingua

Estamos dentro dunha entidade xeográfica na que aprendimos todos o mesmo idioma nas escolas. Entón, se fosemos racionais, a lingua materna na Galiza sería o galego, a cultural o castelano e as anexas, o euskera e o catalán.

Como foi a súa volta do exilio?

Ogallá non tivese volto, estaba moi ben na Franza. Sain do cárcere en 1952 porque non me deixaban vivir. Buscaba traballo, facía a proba de oficinista e pedíanme o certificado do último traballo. Como o único que tiñas era o certificado do cárcere, collíanche o enderezo e diciánche que xa te chamarían. Traballabamos recollendo papel ou na economía sumerxida sen pagar seguridade social. Moitos compañeiros atopáronse aos 70 anos sen ter cotizado. Eu tiven que explicar que a represión franquista non me permitira traballar legalmente. Nen te escoltan. Esta democracia non entende de os doce anos perdidos na cadea. Como se explica que haxa xente cobrando 32.000 pesetas e vivindo na puta miséria? Voltei en 1977. Neste tempo, editouse o libro de Durruti, a xente quería enterarse de todo e, por iso, se vendía moita literatura anarquista. Como baixou a CNT? Como chegou o PSOE ao poder? Por que o PC non cumpríu as expectativas? O consumo e a deshumanización poden explicalo. ♦

## Manifestación en Bilbo polo traslado dos presos

Milleiros de persoas manifestáronse polas ruas de Bilbo pedindo o traslado a Euskadi dos presos da ETA o Sábado 30. Portando as fotos dos 600 presos da organización, espallados polos cárceres do Estado, os manifestantes camiñaron en silencio na convocatória de *Senideak*, colectivo de familiares e amigos de presos. A central sindical maioritaria no País Vasco, ELA-STV, respaldaba esta manifestación, á que acudiron alcaldes e concelleiros do PNV e EA que, aínda que a título persoal, amosaron a vontade dos partidos políticos bascos do reagrupamento dos presos. O propio Xabier Arzallus estivo de acordo coa finalidade desta manifestación, que congregou a decenas de miles de persoas, entre as que se atopaban os membros de *Elkarri*, os secretarios de ELA e LAB, o cantautor Mikel Laboa, o coñecido televisivo Karlos Arguiñano e algúns dos xogadores do Athletic de Bilbao e da Real Sociedad. ♦

## Hasán presiona coa pesca para negociar a débeda con Aznar

Aínda que nos últimos meses do Goberno de Felipe González, a oposición popular obstaculizou a negociación da débeda con Marrocos, José María Aznar decidiu agora perdoar parte deses cartos a cambio de intervir no accionariado de empresas deste país. O acordo foi subscrito o Luns 2 de Decembro por Rodrigo Rato, ministro de Economía. A razón de fondo está nas presións que Hasán II exerce no tema da pesca, que pode afectar de novo á frota española. O presidente do Goberno e o da patronal CEOE, José María Cuevas, xa visitaran Marrocos en Maio co motivo de tender novos lazos empresariais. ♦

## Lizondo, fundador de UV, expulsado do partido

Vicente González Lizondo, presidente do Parlamento de València, xunto con outros dous membros de Unión Valenciana, o seu asesor, Manuel Campillos e o senador Vicente Ferrer, foi expulsado da



González Lizondo.

militancia da organización da que el foi un dos fundadores. A súa intención é non abandonar a presidencia das Cortes autonómicas pero PP e UV, que gobernan conxuntamente, estudan reformar o regulamento co que poderían obrigalo a renunciar á presidencia. A razón da expulsión do partido está no incumprimento dos estatutos por parte de González Lizondo, político polémico e que, incluso dentro da conservadora UV, constitúe un elemento de crispación. ♦



Eduardo VIII abdicou en 1936 para reservar unha opción británica nunha hipotética Europa nazi

## Londres desclasifica os protocolos do seu Rei fascista

♦ G. LUCA

A desclasificación da correspondencia e protocolos Eduardo VIII de Inglaterra, revelan que o Estado británico quería reservarse unha opción dentro dunha Europa gobernada polos nazis e veuse obrigado a apartar ao Rei abertamente fascista cando comprendeu que os aliados intervirían. Os documentos agora publicados indican que coa abdicación de Eduardo VIII, o poder reservábase de feito unha carta de compromiso cos nazis, de enorme valor para o caso dunha vitoria do Eixo.

Telegramas cifrados, cartas e protocolos do ministerio de Exteriores británico, desclasificados ao se cumpriren sesenta anos, confirman que a xerarquia do goberno dominante dentro do bloque capitalista acariñaba un ovo dentro da cesta nazi. Esta alternativa consideraba a vantaxe de tratar co Eixo o reparto do mundo que resultaría dun posible triunfo nazi sobre a Unión Soviética.

Os papeis de Estado que agora se dan a coñecer deixan en evidencia unha mentira oficial que baixo aparencia de melodrama defendeu o Goberno británico para protexer a continuidade da institución monárquica. Na realidade, a Coroa reservaba un pretendente a un mundo de dominio nazi e outro para o caso en que a preminencia fose norteamericana, como finalmente sucedeu. Unha vez resolta a discusión entre a fracción fascista representada por Stanley Baldwin e a que se conformaba coa idea dun horizonte democrático no que o dominio pasaría inevitablemente a mans da Casa Branca, estes últimos, representados por Churchill, resolveron ofrecer en holocausto a propia figura do rei Eduardo VIII e para iso inventaron un matrimonio de inconveniencia coa divorciada norteamericana Wallis Simpson para aducir que a igrexa Anglicana non pasaría por un monarca (cabeza visíbel da institución fundada por Henrique VIII) que reinase en pecado.

### A versión rosa

Esta versión rosa do rei que abdicou por amor a prol do seu irmán, forma parte desde 1936 de todas as enciclopedias do mundo. Na realidade, o rei dimisionario, co novo nome de duque de Windsor, mantivo unha corte exiliada explicitamente pro-hitleriana coa que o capitalismo británico se reservaba un interlocutor preferente para o caso de que o Reichstag dese descabezado o socialismo. O duque non agachaba a súa simpatía por Franco e Hitler e durante a Guerra de 1936

Despois de Eduardo VIII abdicar no seu irmán que foi coroado co nome de Xurxo VI, o goberno pro-fascista de James Baldwin dimitiu pero o conservador Neville Chamberlain mantivo durante a guerra de 1936 unha liña de apoio a Franco mentres defendía a non intervención. En plena guerra contra a República, Chamberlain fixo unha visita oficial a Roma (Setembro de 1938) na que foi condecorado


polo goberno fascista. Unha vez conxurada a invasión nazi, no verán de 1941, Churchill re-

tomou en Exipto a iniciativa para disputar aos alemáns o dominio sobre o petróleo de Oriente próximo. Nesta altura, o Estado británico procura mellorar a súa reserva de manobra de cara a unha previsíbel intervención norteamericana. Segundo a letra dos papeis do Duque de Windsor, Churchill veuse obrigado a asinar o fin do imperio británico en alta por ter reservado unha importante participación na empresa

fascista que prometía acabar co socialismo pola vía prusiana. Norteamérica alzouse co premio dunha industria europea danada pola guerra, a conseguinte colocación de excedentes e un plano de reconstrución, como continuación dun bombardeo selectivo do tecido fabril da Europa ocupada, que representou para Estados Unidos a etapa de crecemento máis importante da súa historia. ♦



Eduardo VIII



## AEROPORTO DE VIGO NOVO EDIFICIO TERMINAL

O investimento de 2.400 millóns de pesetas permitiu dotar ao Aeroporto de Vigo dun novo edificio terminal, con máis de 7.800 m<sup>2</sup>, que posibilita o tratamento de 1.680 pasaxeiros á hora, uns 800.000 pasaxeiros/ano.

Realizouse tamén a ampliación da plataforma de estacionamento de aeronaves e a nova vía de rodaxe cunha superficie de 50.000 m<sup>2</sup>. Obras que, xunto coa renovación e modernización doutras instalacións, permitirán atender, en condicións de alta calidade, os tránsitos previstos nos próximos dez anos. O obxectivo de todos estes traballos é ofrecer aos usuarios maior calidade de servizo e mellor confort.



Aena



Aeropuertos Españoles  
y Navegación Aérea



Ministerio de Fomento

*Tínamos un problema e xa está solucionado*  
*J. M. Asnar*

**Noticias:** Folga xeral na Límia, manifestación nas Pontes, estudantes mallados en Santiago. Tractorada contra a cuota láctea. Folga de funcionarios da Xunta. Pausa para publicidade: Galiza Pórtico da Glória.

**En Lugo** rompeu un depósito de auga e inundouse un edificio. Unha muller que estaba no ascensor viu como a auga lle entraba polas regandixas e ia subindo. A chea parou cando lle pasaba xa da cintura. Contouno ela mesma na rádio. Semella unha metáfora.

**El Correo Gallego** titula en portada: "La defensa de nuestro idioma protagoniza los Premios Galicia

## Ilegalidade nun curso da Consellería da Familia, Muller e Xuventude

O Venres 1 de Novembro, anunciábase nun xornal, un Curso de Orientación Profesional da Consellería da Familia, Muller e Xuventude en colaboración co Instituto da Muller, a impartirse en Ferrol. O requisito para solicitalo? Ser muller titulada superior ou médica na rama de humanidades (preferentemente pedagogía, psicoloxía ou socioloxía).

Entrego no Centro de Formación Ocupacional de Ferrol a solicitude, na que constan os seguintes datos:

—Persoais (nome e apelidos, DNI, enderezo, tlfno...)

—Académicos (riscar cun aspa nun cadro se es titulado medio ou superior, "mais sen pedir que especifiquemos qué tipo de titulación temos").

—Laborais (antigüidade no paro, traballos realizados e cargas familiares).

Dinme que o Curso vaise retrasar a redor de unha semana, "que vaia facendo un curriculum para entregalo na entrevista de selección á que me citaran por tlfno."

Tras unha semana en espera, decido chamar co curriculum xa listo e... cal non será a miña sorpresa cando me din que o curso xa comezou o 18 deste mes! De seguido, alegan que se lles rebordaron as solicitudes e a Consellería decidiu escoller á xente por "baremo", por suposto, sen avisar aos interesados e sen pedir o curriculum. Pido información



sobre o criterio de selección e só me din que estou na lista de preseleccionados, mais que non me colleron, que chame á Delegación da Coruña. Chamo. Para meu pasmo, dinme, nun tono asoballante, que non teño dereito a coñecer o baremo antes de rematar o proceso de selección. Solicítolle o tal baremo. Pontúa a titulación superior en pedagogía, psicoloxía ou socioloxía o tempo de desemprego, as cargas familiares, os cursos afíns e a experiencia profesional.

**Se estes "trifásicos" funcionan a nivel de cursos, qué podemos agardar dos traballos**

vostedes que foi a resposta? ¡Colgáronme o teléfono!

Se este fachendoso oscurantismo e estes "trifásicos" funcionan a nivel de cursos, qué podemos agardar dos traballos, os que "non estamos conectados á rede do clientelismo"? E estes son os que osan aprenderles democracia a certos países nas "Cumbres"?

Se solicitaches este curso e queres denunciar a ilegalidade do proceso de selección, faino escribindo a tódolos xornais, e ponte en contacto con:


IOLANDA TEIXEIRO REI (FERROL)

## Pensións suizas

Se hai algo que nestes tempos pode darlle grandeza a un país, é a honradez e a eficacia da súa administración pública. Veño de ler unha nova que me resulta conmovedora: o goberno suízo anda a buscar aos beneficiarios españois, os máis deles galegos, dun fondo acumulado de mil seiscentos millóns de pesetas, que corresponde a dereitos xubilatorios non reclamados. Trátase polo visto de traballadores temporais (na construción e na hostelería) que non chegaron a ser residentes fixos, así como de residentes que o foron por pouco tempo. De seguro que uns e outros consideraron que os seus aportes á previsión suíza, polo escasos ou discontinuos que foron, non lles darían dereito a nada. As cantidades que lles correspondan hanlles vir, xa que logo, como caídas do ceo.

Ainda eu non son nen de lonxe participante dese esquecido fondo de pensións, non podo menos que expresar a miña gratitude ao goberno suízo, louvando a súa honradez. Se a emigración é unha desgracia, éo moito menos, atenuada en boa parte a

## CANTINA MEXICANA



RUA MARTIN CODAX VIGO

## Por que baixou a natalidade?



Ana M. Parada

Por que subiu o nivel de vida e a xente pensa que ter un fillo supón unha carga económica que lle pode restar posibilidades. A xente non quer nenos porque é un gasto. A crise económica tamén é culpábel. Mellorou a calidade de vida pero a crise incide. Ademais, a xente casa menos. É un cúmulo de factores, uns levan aos outros. ♦



Luciano Álvarez Construtor

Non sei. O paro inflúe porque os xóvenes teñen medo de mañán quedar sen emprego e non poder soste á familia. A xente casa menos, pero iso non ten relación directa. Pódese ter fillos sen haber matrimonio porque relacións sexuais hainas igual, e pode haber fillos. Hai moitas mulleres que non queren casar pero si ter fillos. ♦



Celia C. Funcionaria

Por que a muller se incorporou ao traballo e ten falta de tempo e ás veces tamén de gañas. Ter un fillo é moi difícil hoxe en día. Eu son un exemplo. A xente volvéuse cómoda, dígoos por min mesma, tamén. Sempre estás dicindo que si, pero ao final non. Un fillo crea moito sacrificio persoal e a xente hoxe prefere vivir a vida. ♦



Remedios Reis Estudiante

Fraga fala moito da natalidade, pero tamén hai que ver que postos de traballo hai. Teño unha filla e non podo ter máis porque xa me vexo negra para mantela. Costa traballo alimentala e mercarle roupa e non hai seguridade de darlle uns estudos no futuro. Sen traballo non hai fillos. Antes de ter un fillo hai que pensalo moito. ♦



Raquel R. Empregada

Non hai traballo e se non hai diñeiro non podes manter unha familia e uns fillos. As mulleres saíron a traballar fóra porque hai necesidades que cubrir. Se as dúas partes da parella teñen que traballar, quen se fai cargo dos fillos, págase un kanguro? Para iso é preciso outro sobrosoldo. Estamos no mesmo problema económico. ♦

súa penalidade, cando o país receptor é digno e respectuoso coa man de obra que acolle.

Caso moi distinto é o da emigración nos anos cincuenta aos países americanos. Unha diferenza que, neste aspecto da previsión social, é como o día e a noite. No meu caso concreto, teño dezasete anos aportados no Uruguai que, á hora da xubilación, non me valen absolutamente para nada. Os trámites fanse, os papeis van alá, pero o resultado é nulo. O goberno uruguayo, que recibe pontualmente do español as pensións establecidas por convenio, dá por contra a cada por resposta ante o reclamo, por vía oficial, dos dereitos xerados en tantos anos de aportacións rigorosamente obrigatórias. E cando alguén se presenta en persoa a tramitar o asunto na Caixa de Xubilacións de Montevideo, o resultado é o mesmo, aínda que neste caso mediando a desculpa dalgún alto funcionario, en plan confidencial, dicindo que, por causa de ténense concedido outrora moitas pensións inxustas, non hai recursos arestora para as pensións xustas. Talmente así.

**As cantidades que les correspondan hanlles vir, xa que logo, como caídas do ceo**

Hai sobrados motivos, xa que logo, para saudar o bo facer dese grande Estado Helvético. E asemade vaia a miña noraboa para aqueles que, tendo traballo hai tempo na Suíza, reciben agora con todos os merecementos legais este beneficio. Un beneficio que, aínda por pouco que poida ser, significa moito por ser inagardado, e sobre todo polo seu carácter de reintegro social enteira-mente axustado a dereito. ♦

MANOEL RIVEIRO LOUREIRO  
(A CORUÑA)

## Cara o I Congreso das Comunidades de Montes Veciñais en Mancomun

Vai sendo notório que as Mancomunidades de Montes Veciñais do Val Miñor, Vigo maila futura Mancomunidade do Morrazo, todas elas da provincia de Pontevedra bañadas polo Atlántico, están a traballar na organización do primeiro Congreso das Comunidades de Montes Veciñais de ámbito galego, empresa nada fácil se temos en conta a incomunicación entre as aproximadamente dúas mil setecentas existentes en toda Galicia e que por lei, unha boa Lei, pese a quen pese (a 13/1989 de 10 de Outubro) recoñece naquelas a llexítima propiedade dos nosos montes comunais ostentando a titularidade dominial xuntamente co usufruto e aproveitamento deste ben colectivo, pero privativo dunha determinada veciñanza no marco das ain-

**Non se poderá legislar sen termos en conta**

*Alfried Krupp, membro dunha tradicional familia alemana de fabricantes de armas, financiou con un millón de marcos da época a espectacular campaña electoral que levou aos nazis ao poder. Outros contribuintes destacados foron Siemens, Bosch e Thyssen.*

da sen estatus xurídico recoñecido, como son as parróquias.

Deus mediante para a primavera vindeira, posibelmente no mosteiro de Poio deámonos cita moitas destas comunidades no primeiro congreso pensado e deseñado por elas mesmas para si mesmas. A reflexión está servida:

É o monte veciñal un ben común e social? A súa finalidade. Cal debe ser o papel da Administración? Os incendios forestais, extinción ou prevención? Os deslindes e amoxonamento maila defensa da integridade do noso monte: a Administración a primeira que incumpre a Lei como camiño de deterioro e abandono que lexítima a súa privatización? A indivisibilidade, inalienabilidade, imprescrición e inembargabilidade, pilares xurídicos irrenunciábeis...

Todo coas palabras intercomprensíbeis que dá a experiencia das comunidades, nada de técnicos directores que a miúdo teñen

### FE DE ERROS

No número anterior, a supresión dunha liña, causou a deturpación do sentido no artigo asinado por Manuel Cao. No cuarto párrafo e onde decía: "... diante da posibilidade de seguir enterrando recursos públicos en actividades nocivas, perigosas e apoio a sectores produtivos galegos...", debería dicir: "... diante da posibilidade de seguir enterrando recursos públicos en actividades nocivas, perigosas e irrendíbeis mentres o Goberno chora cada cadela e cada medida de apoio a sectores produtivos galegos...".

Por outra parte, na sección *En poleiro alleo*, reproducíase un fragmento do diálogo con José Saramago, publicado polo semanario portugués *Expresso* no apartado de "entrevistas imaginarias", circunstancia esta última que non se especificaba en *A Nosa Terra* e que inducía á confusión do lector. ♦

atribuída a súa representatividade, por iso é a voz delas as que queremos escoitar, para a partires da exposición dos problemas cotiás e da propia concienciación nun foro aberto de debate poder encamiñarnos cara a lexislación e política necesarias.

Non se poderá legislar sen termos en conta, xa que nas nosas mans está, xunto co mar, o ben público máis importante de Galicia, por isto veño de animar a todas elas coas súas xuntas rectiras á fronte a participar en calquera das vías posíbeis: como asistente, ponente, organizador e mesmo enviando comunicacións para ser lidas e tidas en conta no propio congreso. O punto de contacto é o local da Comunidade de Montes de Valadares. Estrada Xeral a Valadares, 233. Vigo 36314 Vigo (Pontevedra). Teléfono: (986) 46 86 84. Vémonos en Poio. ♦

BELARMINO BARREIRO ROSALES  
VICEPRESIDENTE DA XUNTA DE MM.VV. DE STA. Mª DE CELA (BUEU), E MEMBRO DO COMITÉ ORGANIZADOR DO CONGRESO

## Estimadas organizacións de mulleres

Leo ... "o contrato laboral do século XXI", un modelo de contratación áxil, coa suficiente capacidade de adaptación nun cenario enormemente cambiante, capaz de facilitar a incorporación ao mercado de estudantes que queiran pagarse a súa carreira, de mulleres que queiran compatibilizar as súas actividades e de xubilados que o desexen; non podemos derrochar recurso nengun." ... (El País, 23-XI-96). E espero. Espero as protestas airadas nos periódicos, as voces indignadas nas emisoras de radio, a chamada a dar unha resposta das organizacións criadas con esa finalidade: defender os intereses das mulleres, os dereitos das traballadoras. Hoxe é día 28 de Novembro, e aínda espero. Sospeito que inutilmente. É entón cando me pergunto onde están as Secretarías da Muller dos sindicatos, onde os colectivos de mulleres, as organizacións feministas. E, sobretudo, para que?

Sen pretender restarlle a importancia que teñen aos debates sobre xénero e rol, sobre igualdade ou diferenza, sobre o poder nas relacións, aps cursos de autoestima e defensa persoal, as campañas contra a publicidade sexista, a facer un día contra a violencia que sofremos as mulleres e pegar nos taxis carteis contra os *malditos agresores*, a vestirmos de luto contra o militarismo, e a unha longa lista de accións necesarias, non deixa de preocuparme e sorprendeme que, ante semellantes declaracións do Sr. Aznar, nos se teñan iniciado campañas e convocado mobilizacións para dar resposta a algo que vai máis alá do insulto. Ou é que o Movemento Feminista, como tantos outros colectivos está tamén *parado*? Ou é que derivou nunha serie de colectivos de mulleres feministas adicadas exclusivamente á discusión teórica dos problemas que nos afectan? Cando o Sr. Aznar fala de facer compatíbeis as nosas actividades co traballo, temos que

supor que, como dicía a miña ben pensante amiga Belén, estase a referir á nosa exclusiva actividade de mulleres de cambiar o tampón ou a compresa unha vez ao mes? De ser así, non se preocupe tanto o Sr. Aznar, que xa se encargan os fabricantes de compresas e tampóns de facilitarnos o labor e vendernos, na súa publicidade, a compatibilidade de ter a regra e traballar, viaxar, facer deporte e ir ao teatro sen riscos para as tapicerías das butacas. Mais non creo que o Sr. Aznar estivese a pensar nas mulleres menstruantes. Eu, que non son tan ben pensante como a miña amiga, teño a intuición

de Comunicación". Iso de chamarlle "nuestro idioma" e escribilo en castelán, ben merecía un estudo, non xa sociolingüístico, senón freudiano.

**Crack** é o mesmo que cocaina. A diferenza é que o consumen os negros. As penas por traficar

# AXENDA ALTERNATIVA GALEGA 97



**UNHA MOREA DE INFORMACIÓN AO SERVIZO DA GALIZA:**

Balanzos anuais por sectores aportados por diferentes organizacións  
Maior información global

Textos literarios e dados históricos no día a día  
50 páxinas máis  
Impresión a 2 tintas

E moito máis

# UNHA FERRAMENTA EN PERMANENTE TRANSFORMACIÓN

NOME \_\_\_\_\_ APELIDOS \_\_\_\_\_

ENDEREZO \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_

TLF. \_\_\_\_\_ POVOACIÓN \_\_\_\_\_

Solicita lle sexan enviados..... exemplar/es da Axenda Alternativa Galega 97, polo importe de 1.800 ptas cada exemplar, incluído xa o 10% de desconto.

PAGAMENTO

Ingreso do importe na conta de Caixa Galicia 2091 0550 82 3040002831, adxuntando con este Boletín, copia do resguardo de ingreso.

Envío de talón a nome de papelería.

Contrareembolso (gasto adicional de 300 ptas).

papelería

Apartado de correos 6.138 - 36200 Vigo

Tlf/Fax: 986. 46 07 63

**E DE AGASALLO: ALMANAQUE 97**

con *crack* son cinco veces máis elevadas. Un grande invento da clase branca para defender aos seus fillos nugalláns.

**Feito diferencial** (Pujol), Particularismo periférico (*El País*), VIII Rexión Militar (Exército), Comunidade Autónoma (Texto Constitucional e Estatuto), Esquina Verde (Guías turísticas), Sítio Distinto (Reixa), Corner de España (termo hortera acuñado no franquismo), Forzas Eléctricas do Noroeste (título nobiliar), Zona de choivas (Home do tempo), Eixo Atlántico (Unión Europea), Arco Atlántico (Concellos socialistas). **Quen somos**, onde estamos, de onde vimos? (Pregunta que se fan moitos galegos). ♦

—feminina— de que pretende facer do traballo doméstico a primeira e ineludible actividade da muller. Xa se sabe que o índice de paro incrementou en parte debido á incorporación da muller ao mercado laboral. Acabará o PP conseguindo que nos sintamos culpábeis de *roubarlle* os postos de traballo aos homes que non teñen actividade paralela? (Por certo, terán as Sras. Ministras xornadas laborais que lles permitan adicarse ao fogar como deben? Ou serán outras mulleres as que limpen merquen, pranchen e cocinan para elas? E, para seguir coa política do seu partido de apertar o cinto, serán mulleres filipinas, dominicanas, portuguesas ou norte-africanas as que integren o seu *servizo doméstico*?) Dóí ver como as organizacións supostamente na vangarda da "concienciación feminista" e da "loita sindical" responden co silencio a unhas manifestacións que van afectar á maioría da poboación e como as canles que deberían facer ouvir as voces das mulleres fican mudas. E xa se sabe: quen cala outorga. ♦

R. M. PINTOS  
(VIGO)

### Repressom à mocidade independentista

As Juntas Galegas pola Amnistía denuncian perante os medios de comunicación a repressom e o acoso policial ao que están a ser submetidos moitos moços e moças independentistas, aos que se persigue, se intimida, e se lhes

fazem interrogatórios irregulares.

As JUGA denuncian e condenan a guerra suja, rastrera e covarde que a policía está a levar a cabo contra a mocidade independentista. Estam-se a dar casos de chamadas aos domicilios de moças e moços citándoo-os para interrogatórios nas dependências policiais, onde se lhes pregunta polas súas simpatías políticas e se lhes trata de tirar información sobre militantes de organizacións independentistas como AMI, JUGA ou Estudantes Independentistas. Estes interrogat

### A Policía está a aproveitar-se do desconhezemento das leis a este respecto por parte da gente moça

rios nom se lhes están a fazer a pessoas venceladas a estas organizacións, se nom a gente moça que acude por simpatía a actos independentistas.

A Policía está a aproveitar-se do desconhezemento das leis a este respecto por parte da gente moça, para intimidá-los a eles e ás súas familias que, desconcertadas polo bombardeo e as pressions que reciben da Brigada de Información da Policía Nacional, solapam o acoso policial com castigos na casa.

Há que salientar que esta represom a están a sofrer nomeadamente moços e moças vencelados á penha de fútbol Grei Xentalla e ás NG Brigadak.

Asemade denunciámos a impunidade das agresions fascistas que tamén se están a dar contra simpatizantes da AMI por parte de membros da organización nazi-criminal-mafiosa Bases Autónomas, capitaneados polo conchizado fascista Ventureira "O Legionário" do que tamén se sabe a súa colaboración com a policía.

Por último expressamos a nosa solidariedade com Ana Hortas, unha moça militante de Estudantes Independentistas á que a familia trasladou a un centro de orfos da Guarda Civil em Madrid contra a súa vontade e em castigo pola súa actividade sindical, e condenamos aos funcionarios da delegación na Coruña da Conselharía de Familia, Mulher e Juventude por negar-lhe a ajuda que precisava e á que tinha dereito quando acudiu, limitándoo-se a

insultá-la e a justificar os maos tratos recibidos na casa. ♦

JUNTAS GALEGAS POLA AMNISTIA

### Paiños

A Manuel Rivas porque nos deleita coas súas historias nas que tamén fala de mariñeiros e paiños.

Como a luz de San Telmo páxaros de gran misterio que pegadiños ó barco na popa vos aguantades movéndovos sin reposo ¡Canto segredo gardades! nunca tocades o mar nin no barco descansades no sei si sodes da auga ou de lonxanos paraxes mais ben penso eu que sodes almas en pena do mar que viñeras a dicirnos, cas vosas inquedas alas a galerna vai chegar recollede os aparellos o mal tempo aquí está ídevos gardar a terra si vos da tempo a chegar

¿Quen sodes vos paxariños? Xa estamos a capear non sei onde vos metedes que misterio vos traerá. Páxaros de mal agoiro din moitos que sodes vos mais eu penso paxariños que ben poiderades ser espíritos dos amigos que non voltamos a ver, seguro estou paxariños que o último que ollaron foi a vosoutros voar e xunto con vos están do horizonte para alá. ♦

SERAFIN MOURELLE BUGALLO  
(A CORUÑA)

### A ALDEA GLOBAL

está aberta ás vosas colaboracións, débense incluír o nome e apelidos.  
Os textos non deben exceder as 45 liñas.

Envíos a:  
A ALDEA GLOBAL  
A NOSA TERRA

Apart. 1.371 36200 Vigo  
ou através do Fax:  
(986) 22 31 01



## A ARTE POLOS OLLOS



### Textos e vídeos para facer máis doada a comprensión



#### ■ POSTIMPRESIONISMO

Fomenta o interese pola arte, desde un tratamento ameno, e en potenciar a sensibilidade como espectadores da pintura e como artistas en potencia.



#### ■ O CUBISMO

Presenta, dunha maneira visual e didáctica, todas as características do movemento pictórico que tanto revolucionou a concepción artística no século XX.



#### ■ OS PÓRTICOS ROMÁNICOS DA CATEDRAL DE SANTIAGO

Descrición dos tres pórticos da basílica compostelana que inicialmente se construíron no século XII: o Norte, desaparecido no século XVIII, o Sur, chamado das Praterías, e o Occidental ou Pórtico da Gloria.



#### ■ ARTE RENACENTISTA

Chegado o século XVI, os intelectuais galegos súmanse moi cedo aos novos gostos humanistas. Desde a cidade de Santiago, a arte renacentista penetrou en toda Galicia traída por artistas de fóra, europeos e salmantinos especialmente.

### 'Falta xente facendo canción de autor galega'

## Emilio Cao



♦ CARME VIDAL

A mestizaxe musical e literaria é o signo do último traballo de Emilio Cao. En "Simbad en Galicia" harmoniza as aportacións de músicos da máis diversas procedencias -participantes en *Dhais*, *Os Raparigos*, *Berrogüetto* ou *Siniestro Total*- e volve máis unha vez á literatura para tirar letras de textos de Suso de Toro, Anxo Ballesteros ou, outravolta, Manuel Antón. Cando a canción de autor volta a estar na moda, este músico que apostou pola profesionalización hai vinte anos e conseguiu vivir grácias á súa propia diversificación, agarda que as cancións galegas teñan, cando menos, a forza para impedir que sexa de novo e só a música en español a que soe nas emisoras galegas.

Con *Simbad en Galicia* vostede semella recoller aínda máis influencias de músicas distintas.

Este é un disco de cancións, participo en todas pero non é un traballo monográfico como foi o anterior. Retomo a imaxe do Simbad de Cunqueiro no que por unha parte está o mito de país e por outra a personaxe que recorre o mundo e vai collendo cousas doutras culturas tendo sempre claro o punto de partida que é Galiza. Isto é o que quería reflexar: do mesmo xeito que teño claras as miñas raíces, coa mesma intensidade sintome aberto a influencias que me fagan sentir.

Explicase así a colaboración con músicos de moi distinta procedencia?

Todos os que facemos música temos unhas coordenadas propias pero que se van conformando no tempo e con moi distintos puntos de inflexión. Eu non veño da música tradicional senón do rock

and roll que é máis xeracional e que está presente na miña música, aínda que tamén tiveron fortes contactos co pop e a música tradicional formando parte de grupos con xente que agora está no folk ou no jazz. Síntome como un barman que fai cócteles e non teño ningún reparo tanto en escoitar textos de xente variada como asumir influxos musicais distintos. Neste disco hai xente que aporta cousas desde a estricteza da música tradicional como Xan Silvar do cuarteto de gaiteros de Ferrol, *Os Raparigos* até o baixista de *Siniestro Total* que poderían ser os polos máis distantes.

Recorre de novo a textos da literatura galega.

Canto un texto de Suso de Toro creado exclusivamente para o disco, outro de Manuel Antonio, a quen lle adiquei o traballo anterior, de Anxo Ballesteros e tamén de fóra coa letra de Dario Fo da obra de teatro *Parella Aberta* que dirixira Eduardo Alonso.

Para vostede a nosa literatura é unha boa fonte para letras de cancións, por que hai na Galiza tan pouca xente que cante?

Non son as letras as que faltan senón xente que faga cancións. Se se analiza o panorama do país vese que hai moitos grupos instrumentais pero moi pouca xente que faga cancións e teña continuidade. Eu, pola contra, sobre todo compositor de cancións aínda que tamén faga te-

mas instrumentais.

Córrese entón o perigo de que nesta volta da canción de autor a única que soe sexa a española?

O que está a acontecer é unha mostra da forza que ten a cultura española en todo o Estado e tamén na Galiza. Tamén é sinal de que hai pouca xente facendo cancións porque se houbese máis daríase un maior dinamismo e unha oferta máis diversificada. Por outra banda as multinacionais exercen unha presión moi grande e collen directamente a cota de audiencia. Podo dicir tamén que do meu disco anterior "Cartas mariñas" fixen unha entrevista na *Rádio Galega* de cinco minutos e puxeron unha canción cando hai oito anos na televisión vasca fixemos un especial de unha hora grabado na abadía de San Telmo. Eses son os baremos.

No anterior disco a *Rádio Galega* entrevistoume cinco minutos e puxeron unha canción cando, hai oito anos, na televisión vasca fixeron todo un programa especial.

Por que está a adicar un maior esforzo a promoción neste seu sexto traballo?

Asumo moito máis que se levo un tempo longo para producir un disco debe adicarlle tamén esforzos para procurar estar nos medios e que a xente se entere da súa existencia e poda acceder a el. Por iso presentamos o disco en Madrid, en Lugo, en Compostela e iremos a Vigo. Estamos tamén preparando unha estratexia de cara ao verán con concertos ao ar libre para acceder a un público maioritario. Este é un disco de acceso máis pronto, aínda que non premeditado. É un traba-

llo máis aberto, con cousas que se poden escoitar na rádio e poden enganchar á xente.

Hai críticos que din que entra de cheo na *new age*. É unha estratexia para ampliar mercado?

Non me preocupan esas afirmacións, coido que a industria discográfica pon etiquetas como técnica de mercado. Antes cabreabame moito que me encasillaran nun determinado tipo de música, agora xa non. A cousa era se é celta ou non, diciase non é celta porque hai instrumentos eléctricos ou é *new age* porque hai teclados. Na presentación en Madrid nos carteis aparecía como música celta, hai anos incomodárame pero agora penso que é unha boa maneira para dar a coñecer o que fago a xente que pasa pola Gran Vía e non ten nen idea do que se fai aquí. En cambio, ao mellor aquí é interesante falar en *new age*.

Cal é o secreto para resistir como vostede vinte anos sendo profesional da música na Galiza?

Puiden subsistir grácias a unha grande diversificación con temporadas nas que non facía concertos pero estaba compoñendo para o teatro, tocando en Portugal ou de xira por Alemaña. Cando vives nun país pequeno é moi importante a diversificación neste tipo de traballos e non depender só dos concertos e as vendas. Desde que din un puñetazo na casa dos meus pais e dixen que non quería estudar Dereito e marchei a Holanda non me teño arrepentido de apostar pola música. Tiña a sensación de que puña toda a miña vida nunha carta pero sabía que non había nada que me enchera tanto, era tan simple coma iso. Foi en grande medida o que me deu forzas para seguir en épocas difíciles nas que non había moito traballo. ♦

VITOR VAQUEIRO

Nos primeiros días do ano que anda *La Fe S.A.*, empresa de seguros afincada na cidade de Vigo, comezou a debullar un programa de galeguización das súas actividades. A reflexión partiu duns feitos tan evidentes como incontestábeis e alicerzaba-se nos seguintes principios: a empresa é galega e traballa na Galiza; o seu accionariado compoñe-no galegas e galegos; o idioma de seu -e alén diso, maioritario- na Galiza é o galego. Atendendo a estes simples principios, parecía-lle lóxica a conclusión que deles emergullaba: o idioma a empregar sería, xa que logo, a nosa lingua. Na pasada primavera comezaron a ver-se os primeiros froitos. A compañía retirou -máila o custo económico- as tarxetas de sócios redixidas en español e substituí-nas por unhas na que só o noso idioma aparecía.

Desde o meu punto de vista, a decisión da empresa non se basea nuns criterios oportunistas, senón de lealdade lingüística e compromiso co país, posto que *La Fe*, posúe un plano de longo alcance que abranxe moito máis do que a simple substitución de tarxetas, pólizas e publicidade. O plano achase estruturado en cinco fases: a primeira, inteiramente rematada xa, consiste na galeguización externa da súa actividade no que se refire á relación cos seus sócios-accionistas. A segunda, que agora se desenvolve, procura a impartición de cursos de iniciación e aperfeizamento do galego, nos seus niveis orais e escritos, aos seus traballadores e traballadoras. A esta seguirá un terceiro período cuxo obxectivo último é que o galego sexa a lingua de relación normal en todos e cada un dos centros de traballo da compañía. A cuarta xeira procurará que o idioma utilizado, no nivel escrito, polos seus empregados sexa a lingua galega. A quinta e derradeira pretende que todas as comunicacións privadas da empresa co exterior, quer dirixidas a particulares, quer a institucións públicas sexa, tamén, o galego. Dito en poucas palabras, a empresa camiña cara a normalización do galego na súa actividade. *La Fe* apostou por facer normal o que, desde hai un milénio, foi e é normal para millóns de galegos e galegas e conta acadar estes obxectivos nun prazo breve: serán só dous, tres como moito, anos.

Que se pode engadir?. Palabras como parabéns e noraboa semellan insuficientes, perante o alcance da decisión tomada, porque -case me esquece o dado- *La Fe* posúe ao pé de 85.000 asociados. Quero só desexar que outras empresas sigan o seu camiño. Son xa anos abondo, séculos abondo, de vergoña, de extirpación do noso, de renuncia forzada, de aculturación, de pensar que só o beneficio é o que manda.

Eu son sócio da *Fe*, mais se non o fose mañá mesmo voaría a "afiliar-me". ♦

## ■ Espin Records, distribución alternativa de discos

Desde o Centro Blas Espín, de Camariñas, xurden dúas iniciativas: por un lado, unha distribuidora alternativa de música, e, por outro, unha produtora de concertos de rocks. *Espin Records* nace coa idea de configurar un catálogo de música rock galega para distribuír dentro e fóra do país. Neste catálogo están incluídos grupos como *Sobrekarga*, *Zenar*, *Los Suaves*, *Los Motores*, *Korosi Dansas*, *Crazy Cabuxa*, *tomstones*, *Rebelde rojito* etc e tamén bandas de fóra da Galiza, entre as que se atopan *Badana*, *Doctor Divago*, *Henteligens*, *Toxic Squeak*, *Pesadilla Electrónica* etc. A proposta da distribuidora irase ampliando, non só en cantidade, senón a outros terreos como a literatura. *Prograrock* é a outra parte da iniciativa, a que pretende organizar concertos, colóquios, exposicións etc e servir de soporte para as bandas do catálogo. "Buscamos que se consolide a categoría de artistas aos nosos músicos, que empregan moitas horas a ensaiar duramente nos garaxes ou na súa casa, facendo cultura e arte nos pentagramas", di Xosé Manuel Lema, director de *Blas Espin*. Para os interesados/as nas dúas iniciativas, hai un teléfono, o 981-737249, e un telefax, o 981-730454. ♦

## ■ Feira de arte contemporánea no Porto

Desde o 5 até o 10 de Decembro celébranse en Porto a Feira de Arte Contemporánea (FAC) e

## ■ Luz Pozo Garza ingresa na Academia Galega

O Venres 29 a escritora Luz Pozo Garza entrou a ocupar o sillón U da Academia Galega. Cunha prolífica obra poética, Luz Pozo é unha das superviventes da súa xeración. Nacida en Ribadeo,

en 1922, comezou escribendo en castellano para adoptar ao galego como lingua exclusiva na súa obra *Anfora*, *O paxaro na boca*, *Verbas derradeiras* e *Prometo a flor de loto* son algúns dos seus poemarios

ainda que tamén destaca por ter dirixido publicacións adicadas á creación poética. O seu ingreso na Academia coincide coa saída do seu último libro *Vida secreta de Rosalia*. ♦

o Forum Atlántico de Arte Contemporánea. O pasado ano estes actos dividíronse entre Santiago e Lisboa, sendo a primeira vez, nesta edición, que se celebren no Porto. Durante estes días, entregarase o premio *Eixo Atlántico* de arte e presentárase a bienal de Unión Fenosa. Por outra parte, o día 7 haberá dúas mesas redondas: a primeira, sobre novos centros de arte, ten como convidados a Glória Moure, do CGAC, Margarida Veiga e António Franco; a segunda ten como eixo a institución privada e o coleccionismo. O día 8 debatiranse o desenvolvemento rexional e as artes plásticas ademais do mecenato. As visitas á feira e os concertos completan o programa. ♦

## ■ Brión celebra as xornadas do Premio Blanco Amor

A entrega do Premio Blanco Amor, que recaiu en Xavier Lorenzo Tomé, terá lugar o 21 de Decembro pero xa desde finais de Novembro o concello de Brión, organizador do certame, ven desenvolvendo actividades paralelas. Desde finais de Novembro está aberta unha exposición nos dous coléxios da vila sobre os premios Blanco Amor e a obra

do autor que lles dá nome, organizando as equipas de normalización lingüística un concurso literario. O Teatro Kaos representa até o 13 de Decembro *As aventuras de Juan Pantera*, obra de títeres de Eduardo Blanco Amor. Tamén até o 21 os textos poéticos deste escritor son recitados na estrada dos Anxeles no programa *Poemas na rúa* e, ademais, hai intención de proxectar *La parranda*, película española que se fixo partindo do texto de *A esmorga*. ♦

## ■ A revitalización do teatro, na tese de doutoramento de Laura Tato

O venres 29 de Novembro foi lida na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña a Tese de Doutoramento *O teatro galego e os coros populares (1915-1931)*, realizada por Laura Tato Fontañá baixo a dirección de Manuel Ferreiro. A tese é a primeira realizada e presentada por unha persoa licenciada na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. O acto estivo cargado de emotividade por tratarse dunha investigación realizada por unha muller que se licenciou en Filoloxía Galego-Portuguesa, estudos



Laura Tato.

desaparecidos da Universidade da Coruña e pendentos de reimplantación nun futuro próximo.

Alén do descubrimento de máis de 30 obras teatrais inéditas ou descoñecidas, nesta tese revisase en profundidade a historia teatral galega no período 1915-1931. Ademais do protagonismo senlleiro dos coros populares nesa etapa afróntase a dialéctica entre costumismo e renovación así como os contactos co teatro portugués da época e o labor fundamental do galeguismo e o nacionalismo no impulso do teatro como elemento concienciador e liberador da sociedade.

A tese obtivo o *cum laude* dun tribunal presidido por Xosé M<sup>o</sup> Dobarro, e formado por Luciana Stegnano, Basilio Losada, Xesus Alonso Montero e Carlos Paulo M. Pereiro. ♦

## ■ Apresentado o libro de Fernán-Vello que gañou o Martín Codax

*As certezas do clima* é o título do libro que se apresentou o Xoves 28 en Vigo e co que o poeta Miguel Anxo Fernán-Vello gañou o premio das adegas *Martín Codax*. Representantes desta empresa e Xosé María Álvarez Cáccamo, autor do limiar do libro, estiveron presentes no acto, durante o cal se fixo un cántico á poesía. Álvarez Cáccamo sitúa os novos poemas de Fernán-Vello na "lenta nudez" do escritor e engade que "representan o momento de

máis aguda lucidez e tensión emotiva no total da súa obra". ♦

## ■ Unha comisión en Tui busca a memoria do 36

Recuperar a memoria histórica e rehabilitar aos represaliados e fusilados que o levantamento militar de 1936 provocou no Baixo Miño é o obxectivo que se propoñen os membros dunha comisión formada en Tui. O historiador Bieito Alonso é o voceiro e forman parte dela Mario Rodríguez, fillo dun fusilado, várioss concelleiros do BNG da zona e viciños, chegando ás vintecinco persoas. Unha das súas primeiras actuacións quere conminar aos concellos a que retiren a simbología franquista das ruas. ♦

## ■ Homenaxe a Pardo de Cela en Mondoñedo

Galiza Nova organiza unha xornada ao redor do Mariscal Pardo de Cela o Domingo 15 de Decembro en Mondoñedo, que comezará cunha ofrenda floral na praza da Catedral, seguida dun xantar de confraternidade ás dúas da tarde, un roteiro pola zona ás catro e media e unha charla colóquio ás sete e media sobre *A nación galega e o tempo de Pardo de Cela*. Participan nesta charla Camilo Nogueira, membro do Consello Nacional do BNG, e Francisco Rodríguez, deputado no Parlamento español. Acompaña esta xornada da edición dun pequeno caderno sobre Pardo de Cela, no que se relata a vida deste personaxe, executado en 1483. ♦


## ■ Lueiro, escritor comunista

Un escritor comunista, consciente de que só no comunismo pode darse a liberdade. Así falou Xosé Luis Méndez Ferrín de Manuel Lueiro Rei, na mesa redonda que un fado de amigos do escritor de Terra de Montes organizara en O Grove para presentar a versión en galego da novela *Manso* (traducida por María Xesus Alves). Luis Cochón deu conta da ameaza do anarquista Angel María de Lera de dimitir do xuri do Premio de *Novela Ciudad de Oviedo* do ano 66 cando o presidente quixo recusar o traballo de Lueiro polo seu explícito anti-franquismo. Xesus Alonso Montero dixo que Lueiro fora intransigente para combater o vicio e o engano e compañeiro coas palabras e as ideas. Máis de trescentas persoas seguiron a homenaxe a Lueiro, na que interviron tamén Hermínio Barreiro, Francisco López Chesquí, G. Luca de Tena, Basilio Losada, Modesto Hermida e Olegario Sotelo entre outros. ♦

## centenario do cine en Galiza

Da historia do cine en Pontevedra 1897 - 1936

Xosé Enrique Acuña



DE PRÓXIMA APARICIÓN

O Cine en Galiza

Xosé Nogueira

Carlos Velo: cine e exilio

Miguel Anxo Fernández



## Leituras

Gromos  
despois  
da tormenta

**Titulos:** Parado na tormenta e Gromos do pensamento.

**Autores:** Suso de Toro e Domingo García Sabell.

**Editorial:** Galaxia.

Din, e eu acredito, que unha das máis maravillosas cousas do verán son esas tormentas que che impregnan de forte arrecendo a terra todo o ser. E ha de ser precisamente por iso, porque che poñen diante dos fuciños iso de que ti es parte da terra. E tamén daría para cavilar de qué terra é parte un. Sendo, asemade, bendita a auga que permita agromar o formarse novos froitos. Máis bendita aínda porque lubrifica algunhas neuronas e a atrofia cerebral, a que nos somete a inercia deste vivir mundano e irresponsábel do trascendente, espabilase. Cando menos arreméttelle unha boa sacudida ao pragmatismo cotián e lembranos que somos capaces de pensar, e que hai moito no que paga a pena deter, sequer algúns intrínsecos, ese privilexio? que nos distingue no reino animal.

Era o 25 de Xullo deste ano cando Xosé M<sup>a</sup> de Castro Erroteta apon-taba nestas mesmas páxinas (nº 736) un xuízo cabal a propósito de *Parado na tormenta*: "podese ou non estar dacordo con el, mais coído que ninguén negará a Suso a seriedade e rigorosidade das súas propostas" mesmo nas máis irreverentes e provocativas. Tan cabal como imperativo cando un entende o ensaio como un exercicio de reflexión, apañados iriamos se pre-



Suso de Toro.

tendese ler palabra de Deus, inmutábel e infalíbel. Tamén as mesmas páxinas informaban do necesidade que andaba a literatura galega de discursos reflexivos, cousa ben patente nos primeiros números de ANT deste ano.

O conto é que Suso de Toro estre-meceu moito intelecto, e máis que deberá aínda, e, con máis ou menos fondura, fixo pensar, que sempre é saudábel. Limpou moitas sudas desde frescura e sinceridade, cunha escrita actual, directa e enmarcada nun proxecto de reflexión aberto, amplo e de sólida estrutura. Poderase, ou non, concordar cos supostos e conclusións de aquel nº 23 da colección *Agra Aberta*. Colección que eu entendía aberta ao mundo da reflexión sobre todo literaria.

Eis agora os *Gromos*, título co que Galaxia enceta unha nova colección, unha colección de ensaio. E o mesmo se ha de dicir para este novo título de Domingo García Sabell: podese, ou non, estar dacordo. Pero non deixa de parecer-nos máis adecuada a obra do Suso



Domingo García Sabell.

que esta, e máis se se quere que a colección trunfe. Non hai nada que obxectar ao estilo dos *Gromos*, que para tal se pintan cores. Escóllase entre o academicista dos *Gromos*, pexado pola súa natureza xomalística e un desmedido afán pola cita erudita, ou pola frescura, actualidade e dinamismo de *Parado*. A unha elección ou a outra nada hai que apañer, todo vai en gustos. E como aquí estamos precisamente escribindo a nosa opinión e tamén temos preferencias, non calemos.

Unha colección nova é algo que se agradece, vai abrindo portas novas que ouren esta cada vez máis ampla estancia que habitamos. Pero, querendo buscar non atopo nestes *Gromos* máis que atmosfera vella. Esta colección de

Querendo buscar non atopo nestes *Gromos* máis que atmosfera vella

artigos publicados entre o 1-6-94 e o 7-4-96 quero entendela como unha seródia homenaxe a xente das Irmandades e de Nós en canto ten de esforzo por europeizar (universalizar) o pensamento, e moi nomeadamente a literatura galega. O que pasa é que chega algo a destempo. Non é que non sexa preciso mirar pola fiestra, pero no día de hoxe —e máis tendo en conta a actual conxuntura política— non se me figura ninguén que nos vexa fóra de occidente. E, para máis abondar, desde entón a literatura galega non só se ten posto ao día, senón que está nun nivel que o ilustre académico non debeu albiscar. Polo menos faríao se practicara algo máis na procura das "raiceiras" que tanto o preocupan e tan pouco, fagamos un inciso, ten demostrado estimar.

Mensaxe final e sen negar utilidade a ambos, ten esta raiceiras ben diferentes. Como exercicio de reflexión e abstracción mirando cara atrás, sen buscar nada profundo e orixinal, téñanse estes *Gromos*, que cavilar é sempre ben. Como reflexión fonda e actual, comprometida e sincera, sen precisar amparo bibliográfico que dea altura e quede ben, temos a *Parado na tormenta*. E continuo a pensar que o texto do Suso era ben máis adecuado que este para inaugurar colección. Por moi grande que sexa o mandado de artigos de García Sabell, xa a propia natureza xornalística eiva maiores logros, que o espazo é limitado. Por outro lado non podo calar que me fai pensar ben máis un dos pequenos artigos de Carlos Casares, no mesmo xornal, que dúcias dos de García Sabell. Hai menos estratósfera e moita máis vivencia. ♦

XOSÉ M. EIRÉ

## conta de libros

O Lobo guerrilleiro  
de Bento da Cruz

A historia de maquis que en 1992 o escritor portugués Bento da Cruz titulou *O Lobo guerrilleiro* ven de ser traducida ao galego por Moncha Fuentes Arias e publicada por Xerais. A obra deste autor, fundamental na historia máis recente da literatura portuguesa, está situada na terra arrainana do Barroso que el reconverte en Gos-trofrio. O impacto da resistencia antifranquista en terras portuguesas está presente neste libro, no que se retrata a sociedade rural das Terras do Barroso. ♦

Primeiros versos  
de Carlos Santiago

Edicións Positivas pon na rúa o libro de versos *Metalurxia*, de Carlos Santiago, descoñecido até agora. Os editores falan de "reconversión poética" nun libro que busca a anovación estética no formal e no contido. Propostas como "todo poeta é un fascista. Todo fascista é un poeta. A corrosión reduce a resistencia" enchen versos de ruptura e de desengado. ♦



## O colar do rei

Para lectores e lectoras a partir de nove anos, Edebé-Rodeira publica *O colar do rei*, de Olinda Cordukes. Keir é un mozo, que permanece na illa de Bioncan, secuestrado por unha vella de mal carácter e con sonda de meiga. Nesta illa descubrirá aos forois, seres monstruosos que se alimentan de sangue humano. A autora vive actualmente en Barcelona onde é tradutora do xaponés, aínda que naceu en Sidney, viviu en España e viaxou por Asia perfeccionando estudos no Xapón. Xavier Senín é o tradutor do libro. ♦

Cinco autores  
discapacitados amosan  
o seu universo


Txalaparta publica un libro de cinco autores unidos polo feito de ser navarros e sufrir algunha discapacidade: Alfonso Carlos Recalde, en cadeira de rodas, Juan José Ochandorena, parapléxico, Conchita Navarro, con Wilson e Parkinson, Pedro Egea, con esclerose e Armando de Ponga, con enfermidade de Esteinert. *No ser una silla*. La cara oculta del mundo de grandes discapacitados é o seu testimonio, cheo de orientacións, instrucións e información para quen sofre ou simplemente para os ignorantes sobre os incapacitados. ♦

O pobo da noite  
de MANUEL RIVAS

Antoloxía poética de Manuel Rivas + C.D.  
con poemas do autor e acompañamento  
de guitarra de César C. Morán



XERAIS



## RECITAIS:

Día 13: Centro Galego de Arte Contemporánea. Santiago

Día 19: Pub Dublín. A Coruña

Día 20: Club Faro de Vigo

## Cinema

Ewan McGregor, protagoniza *Trainspotting*.

## O camiño das drogas fronte á alienación

**Título:** *Trainspotting*.  
**Director:** Danny Boyle.  
**Nacionalidade:** Escocesa.

O cepticismo é o punto de partida para desenvolver unha historia, en clave de humor, que narra as peripécias dun grupo de amigos-fillos do proletariado escocés-que se moven arredor do mundo das drogas, xogando perigosamente cunha opción que non é menos lexítima e válida que moitas outras. Esta é a teoría de defende o filme. Pero na viaxe, só saen triunfantes dous estereotipos, o do céptico e o dos cínicos.

Un feble, un optimista, un pesimista, un psicópata e un céptico encarnan as varias actitudes posibles ante un mundo hostil que só conduce en dúas direccións: ás drogas ou á supervivencia como membro das clases medias-baixas sen máis obxectivo que fundar unha familia e ter un televisor.

O protagonista, o céptico, loita por seguir adiante entrando e saíndo da adición no meio da busca dun obxectivo que é fuxir do horizonte que a sociedade lle ofe-

rece a un da súa clase. Nesta viaxe, abandona as drogas e volve a elas, abraza a delincuencia e chega a probar sorte como empregado dunha axencia inmobiliaria. Pero, ao cabo, entrégase ao cinismo e remata por roubar aos seus propios amigos, aos que sempre se refire como simples amiguetes.

O feble e o pesimista corren a mesma sorte. Logran enganarse pero non rematan de dar o paso que os vai quitar da marxinalidade; o primeiro por medo, o segundo por coherencia co seu espírito tráxico.

O optimista encarna o tipo de persoa que remata por caer nas drogas despois de confiar en exceso nas súas forzas e, finalmente, traizoado pola fortuna, morre vítima da sida no meio dunha situación grotesca.

O psicópata encarna ao persoa que nunca será vítima das drogas

Lúcida reflexión en torno a unha sociedade alienada e colonizada, a escocesa, e sobre unha mocidade que madura e que busca nas drogas unha válvula de escape

pero que resulta máis perigoso que os demais porque o seu obxectivo na vida é el mesmo. Agresivo e teimudo, non deixa de ser un delincuente de pouca monta que corre a mesma sorte que o feble e o optimista. O seu destino é ser roubado polo céptico despois de protagonizar mediocres correrías.

No meio están os cínicos, representados por un pequeno traficante de drogas de bon corazón e polos anónimos propietarios da inmobiliaria na que durante unha tempoda traballa o protagonista, que se desenvolve como peixes na auga dun mundo de piratas no que os protagonistas son vítimas e actores.

E ao fio das desventuras dos protagonistas, aparece a lúcida reflexión en torno a unha sociedade alienada e colonizada, a escocesa, que busca pero que non atopa, e sobre unha mocidade que abandona esa etapa vital comprobando como o mundo muda —ou cámbia ela—, como as pautas de comportamento evolucionan e quedan desmarcados.

En suma, unha obra ben fiada, que aborda os problemas da alienación desde o punto de vista das drogas, con boas interpretacións nun filme de factura independente que logra evitar o tópico sen caer na apoloxía da drogadicción. ♦

H. VIXANDE

## Televisión



Anxel Vence foi un dos galardoados.

## Os Oscar da comunicación

**Programa:** Gala dos Premios da Comunicación 1996.  
**Emisora:** TVG.

Despedíranse xa Gayoso, El Fari e Ana Kiro, que secundaban desta vez, entre outros, ao popular comunicador no seu fortín de *Dona-Dana*, a proba de zapping. E a TVG aproveitou o tirón da audiencia desta noite de Luar para encadear coa cerimonia anual da entrega dos Premios Galicia de Comunicación, un acto todo cheo de autoridades autonómicas, onde estas, presididas polo máximo mandatario galego, expenden diversos premios aos que mellor se portaron ao longo do ano. No eido da comunicación, queremos dicir. Acto breve, dificilmente estrábel para convertilo en espectáculo televisivo de relevo, o que máis chamou a atención na cerimonia desta edición (tamén confeso non ter en mente cal foi a coreografía de anos precedentes) foi o leit motiv musical que presidiu a subida ao estrado dos galardonados, dos egrégios entregadores de estatuíñas, e a proxección dos vídeos introductorios, coma nos Oscar. A banda sonora tiña, en efecto, claras re-

sonancias fílmicas evocadoras da cerimonia hollywoodense, sensación apontalada coa entrega de cadansua estatuíña con figura humana. Ao non dar un primeiro plano das figuríñas non sabemos se os seus rasgos faciais se asemellaban aos de Pérez Varela, como as cinematográficas a un anónimo tío Oscar que lles deu nome. A referencia ao cine, por certo, tamén estivo presente ao ilustrar o premio ao mellor labor en prensa coas imaxes de Robert Redford e Dustin Hoffman en *Todos os homes do presidente*, onde revivían o caso Watergate. Inmellorábel modelo de independencia informativa. Como aquí, vamos.

De entre a colección de excelentes sres/a (o do "a" é pola excelentísima consellería de familia, xuventude, etc....) o primeiro en desfilir pola palestra foi o *factotum* do tinglado, Pérez Varela, entregándolle o primeiro "Oscar" ao sr. Lorenzo, director xeral de Antena-3.

Nun tipo de premios coma este non podía faltar "un gallego de la diáspora", triunfante na capital e de quen sentinos orgullosos aquí. Emocionase moito a TVG/Xunta, que tanto monta, con estas celebridades do momento que dispoñen de partida de nacemento na Galiza. Este fixo o seu discurso de agradecemento en galego, aínda que coa inevitábel coletilla de disculpase pola perda nos Madriles dunha práctica e falar a nosa lingua que, é de supor despois de ouvílo, nunca debeu ter. Outros que o sucederon no estrado xa se expresaron directamente en castelán, sen máis historias nen disculpas.

Como modesta suxerencia, mantendo a banda sonora e as estatuíñas, podían tamén entregar os cartos do premio en man, en feixes atados cunha goma

O omnipresente Ghaleb Jaber non soubo ben a que aterse, ou

## PRESENTACIÓN

EN

## A CORUÑA

DA

COLECCIÓN O FARDEL DA MEMORIA

*Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda, de Xerardo Álvarez Gallego*  
*O señor Afranio, de Antón Alonso Ríos*

XOVES 12 DE DECEMBRO AS 20,30 HORAS

NO SALON DE ACTOS DE FENOSA (FERNANDO MACIAS 2)

COA INTERVENCIÓN DE

ISAAC DIAZ PARDO

BIETO ALONSO FERNANDEZ

CESAREO SANCHEZ IGLESIAS

XAN CARBALLA

## PRESENTACIÓN

## O povo oculto

de Ramón Muñiz

## SANTIAGO

Galería Sargadelos.

Martes, 10 de Decembro ás 20 h.

Coa intervención de:

Ramón Muñiz

Eduardo Rego

Xosé Manuel Boán

Cesareo Sánchez Iglesias





## Televisión

non quixo romper o harmónico empate lingüístico entre os cinco premiados, polo que dixo unha frase en galego e outra en castelán sucesivamente. A señora que recolleu o último premio debeu pensar que entre tanto excelentísimo como fa anunciando a presentadora, e tanta señora de excelentísimo e tal, non quedaba fino expresarse na lingua vernácula, cuxa defensa foi tan esgrimida en distintas intervencións.

Entre elas, a do conselleiro-delegado de Radio Voz, quen ademais de reclamar máis licencias radiofónicas, salientou como na súa emisora é onde máis se emprega a lingua galega. Advertiu tamén dos perigos da colonización mediática sobre o noso Fisterre informativo, ou frase semellante. Esta vibrante reivindicación do autóctono fíxoa en castelán (non diremos o de *en perfecto castelán* porque por riba, aínda que estes conselleiros-delegados o crean, de perfecto nada. Amén de comerse algunha liña do discurso, para grande apuro do interfecto).



O Conselleiro de Cultura Pérez Varela.

Pechou o brillante acto (lease con voz de locutor de NODO) o excelentísimo señor presidente da Xunta, cun discurso lido de corrido, que escomezou, para redondear a faena lingüística da cuadrilla precedente, coas seguintes verbas: "Un año máis... (sic)". Tras desta inesperada referencia ovina, realizou tamén encendida defensa da función crítica do informador e diversas premisas éticas, cumpridas as cales, e escribindo ben e con boa letra, pódese optar a un premio Galicia destes.

Como modesta suxerencia, mantendo a banda sonora e as estatuíñas con ou sen efixie de conselleiro do ramo, o ano vindeiro podían incrementar o dinamismo do acto. Co que lle gusta ás nosas autoridades entregar personalmente lotes da parcelaría ou indemnizacións multitudinárias, estilo Lendoiro, ou chaves de pisos tamén en man, con referencia precisa aos alicatados ou bon remate final (fixoo Fraga hai pouco), aquí podían tamén entregar os cartos do premio en man, en feixes atados cunha goma, que abultan máis que os cheques. Quedaría máis propio, máis televisivo, estilo *Un, dos, tres*, máis popular aínda. ♦

GONZALO VILAS

## Arte

## A elegancia ferida


Autor: Carlos González Vilar.  
Galería: Tórculo (Madrid).  
Data: Novembro e Decembro.

O gravador ourensano presenta boa parte da súa obra producida nos dous últimos anos. Unha dúzia de gravados de medio formato, con planchas arredor dos 50x70 cms. e seis debuxos ao gouache executados sobre soportes de papel esta m p a d o conforman o corpo da exposición. O traballo plástico que aquí se resume, dá continuidade ao prolongado discurso abstracto do autor e neste caso enriquecese coa entrada de elementos rotundamente figurativos. Dous temas vexetais tratados con sutileza oriental sosteñen a composición das obras máis logradas.

Trátase dunha obra sólida, dunha elegante racionalidade, que aborda problemas centrais da expresión contemporánea.

A proposta gráfica de Carlos González Villar logra unha notable eficacia visual ao manifestar con claridade o permanente conflito da norma e o acontecemento. Trátase, daquela, dunha obra sólida, ben fundamentada e dunha elegante racionalidade, que aborda problemas centrais da expresión contemporánea. Porén, non se deixa escapar a xenerosa emotividade que comunica este artista de corazón quente.

O conxunto do amosado polo artista transmite a disonancia dun equilibrio inestábel, máis que a un punto de chegada enfrontámonos a un porto de saída con múltiples camiños para futuros desenvollos. A súa caligrafía recolle apretados ideogramas



Sen título. Augaforte, augatinta, barniz brando e augatinta ao sucre.

primitivos ou indixenistas, signos esquematizados da dóce paisaxe galega e enérxicos sinais cabalísticos. Este complexo alfabeto tómao como figura contra un fondo sereo, sempre entonado en gamas de terras, grises ou lenes azuis.

A proposta gráfica de Carlos González Villar logra unha notable eficacia visual ao manifestar con claridade o permanente conflito da norma e o acontecemento. Trátase, daquela, dunha obra sólida, ben fundamentada e dunha elegante racionalidade, que aborda problemas centrais da expresión contemporánea. Porén, non se deixa escapar a xenerosa emotividade que comunica este artista de corazón quente.

Un asunto singular que tamén se indica através dos seus debuxos, é a apaixonada xestualidade de pintor que discorre en paralelo á contida práctica de gravador. Nos debuxos hai un deixarse levar da materia plástica, unha procura do relevo violento e unha forte presenza do non dominado, que dá outra das facetas deste poliédrico creador, do que só co pasar dos anos imos coñecendo os seus múltiples valores. Desde esta tribuna reclamámoslle unha ampla mostra na que ofereza todo o seu quefacer de escultor, pintor e, como non, gravador.

Outro aspecto a destacar da exposición é a desinibición coa que se apresentou, diríase montada coa soltura dun neno que

alegremente clava os seus papeis sen se conceder unha dúbida. Porque non se detecta a tensión por manter o estilo de autor ou a tan frecuente e aborrida "marca da casa". Un xesto de naturalidade que se agradece.

Finalmente, da andaina vital do artista abundan uns dados. Que naceu en La Plata (Arxentina) de ascendencia galega, que ali adquiriu unha elevada formación na disciplina artística e que de ali trouxo unha grande dór, que o tempo non mitiga, nen a xustiza resolve. Que desde hai anos vive nos Chaos de Amoeiro (Ourense) e que aquí pinta o que ve, sabe e lembra. ♦

FERNANDO FERRO

AS CERAMICAS DO  
CASTRO DE SARGADELOS  
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O  
LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA  
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

## OPINIÓN

## MARÍA CASARES, DIVINAS PALABRAS



LINO BRAXE

É necesario que os actores galegos fagamos para colocar no sitio que lle corresponde na historia da nosa escena o talento e a gloria que a figura de María Casares posue

Hai uns días deixábanos María Casares, a magnífica actriz galega que acadara o mais alto posto na escena francesa. Así o amosaba o titular dun xornal francés ao día seguinte do seu falecemento. "María Casares: Morreu o teatro". Sen dúbida o público e a profesión teatral francesa xamais esquecerá a súa Lady Macbeth, nen o seu Rei Lear, nen a súa Deirdre. Sen embargo, nós que pouco sabemos da muller que con mais emoción e limpeza soubo transmitir ao seus incondicionais espectadores parisiños, as personaxes de Calderón, Molière ou Shakespeare.

Así como foi necesario para a arte e para as letras deste país recuperar a vida de tantos criados exiliados en pasadas décadas, tamén é necesario que os actores galegos fagamos outro tanto para colocar no sitio que lle corresponde na historia da nosa escena o talento e a gloria que a figura de María Casares posue.

Un talento e unha gloria da que fomos privados. Ninguén sabe que tería sido de María Casares de non ter estoupado a guerra civil, o que si sabemos é que ela non marchou a Franza co desexo de trunfar en París, senón que marchou para salvar a vida, para sufrir un cruel exilio do que a súa alma xamais se recuperaría. Parte da súa familia foi pasada polas armas, outra incitada ao suicidio e o seu pai don Santiago Casares Quiroga obrigado a fuxir do país.

Era lóxico que María, anos mais tarde, apoiasse á Resistencia Francesa na súa loita contra a barbarie nazi, e que puxese a súa casa ao ser-

vicio de todos aqueles que por París pasaran con crencias libertarias. María Casares, divinas palabras.

Loitadora pola vida e pola democracia, através da súa figura evocamos e tocamos unha época rica e viva na escena europea. Polo seu sangue chegan ate nós escritores como Sartre, Anouilh, Cocteau, e actores como Margarita Xirgu ou Gerard Philipe, pero sobre todo Albert Camus. Un Albert Camus sobre o que a propia María Casares escribiu o seguinte parágrafo:

"Camus non foi só un compañeiro senón o artífice da miña mellor educación en profundidade. Cando descubrin o seu xénio, esforzeime en reunirme, en comulgar co seu espírito, coa súa cotidianidade... Camus era o mellor sinónimo de home e vida. Camus era a vida, a fraternidade. Agarraba o mundo e o carregaba sobre o seu lombo. Importáballo todo e amáboo todo".

A Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia vai nomear a María Casares Socia de Honra, e para o ano vindeiro prepara unha homenaxe á actriz. Trátase dunha cuestión de sensibilidade e intelixencia. É un irrenunciable camiño para a profesión teatral deste país. Agardemos que mentres o recorremos aquela muller delgada, atormentada e vital, de ollos verdes como a paisaxe da súa terra, guie co agarimo dunha aboa os pasos das nosas interpretacións. ♦

LINO BRAXE, escritor e actor, é presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia

## XABIER VÁZQUEZ IGLESIAS

## O COMPROMISO DUN EMIGRANTE AFORTUNADO

Cando comezaba o derradeiro ano do século pasado nacía na casa do Laxas en Vilar de Cabalos o que seguramente foi o veciño máis destacado do concello de Taboada na época contemporánea, persoeiro que hoxe se perde na memoria dos veciños maiores, mentres os máis novos descoñecen a súa obra. Xabier Vázquez Iglesias, fillo duns modestos labregos, emigrou de moi novo á República Arxentina exercendo diversos oficios até criar unha importante sociedade con ramificacións no comercio, a industria, as finanzas e as inmobiliarias. Como emigrante con sorte non esqueceu aos seus compatriotas menos favorecidos, nen negou a protección económica que a cultura galega no exilio precisaba.

Vázquez Iglesias destacou no mundo dos negocios e as finanzas, reunindo unha facenda de relevo que lle permitiu poder dedicar unha parte dese capital a obras en beneficio da comunidade. Comerciante de automóveis, camiións e omnibus, importador das firmas norte-americanas Nash e Mak, e participante nunha sociedade que se encargaba da montaxe destes autos, a súa fama fixo que fose coñecido como o Ford Centro e Sudamericano. Estas actividades daban emprego a máis de medio milleiro de traballadores, moitos deles galegos, destacando os da propia bisbarra de orixe. Colaborou tamén na industrialización da Arxentina, labores aos que non son alleas as súas boas relacións co réxime do xeneral Perón. Na banca acadou a presidencia do Directorio do Banco Español de Río de la Plata -polo que recibiu unha grande homenaxe-, participando noutras actividades mercantís, chegando a ser conselleiro do Banco Central en España.

A necesidade fixo solidarios aos galegos emigrados, polo que o Centro Galego de Buenos Aires fundado no ano 1907 evolucionou cara unha entidade mutualista, prestando a axuda social da que carecían os emigrantes, sen descuidar os aspectos culturais e políticos na cidade en que estaba a maior concentración de galegos no exterior. A ditadura franquista incrementou a presenza galega,

XOSÉ MANUEL  
VAZQUEZ

Xabier Vázquez era orixinario de Taboada.

con centos de refuxiados políticos que fixaron alí a residencia, exiliados que continuaron cun labor político e cultural non permitido na súa terra de orixe. Xabier Vázquez Iglesias foi presidente do Centro Galego de 1950 a 1954, anos de intensa actividade da colonia galega na Arxentina. Coñecido nas sociedades de emigrantes, xa fora presidente do Centro Lucense, na súa etapa multiplícase a edición de libros que estudian a realidade galega, fomentanse as xornadas e conferencias sobre cultura, economía e política, e amplíanse os premios dos concursos anuais. Ademais fixo a doazón de cen mil pesos arxentinos para a realización dunha quinta de saúde no sanatorio do Centro Galego (A. Vilanova Rguez., en *Los gallegos en la Argentina*, recolleu estes datos aínda que baixo o erróneo nome de Xosé Vázquez Iglesias).

En Novembro de 1954 as agrupacións galegas denuncian diante da UNESCO a persecución do idioma galego por parte do franquismo, entregando a unha delegación deste organismo que participaba nunha xuntanza en Montevideo o folleto *Denuncia diante a UNESCO da persecución do idioma galego pol-o Estado Español*, á que se une o Centro Galego en nome dos seus cen mil asociados e o Centro Lucense, facendo chegar individualmente os seus respectivos comunicados. Naquela época houbo intentos de introducir elementos próximos ao réxime dictatorial español na propia entidade, que como a maioría das agrupacións de emigrantes mantíñase fiel á causa republicana, mais o labor de Vázquez Iglesias é salvado e loubado pola sempre vixiante *A Nosa Terra* da época.

Logo dos catro anos na cabeceira da poderosa entidade, no 1955 foi proclamado presidente da agrupación *Galicia* -que xuntamente con *Celta* e *A Terra* forman o Centro Galego-. Como despedida do cargo de máxima responsabilidade do Centro Galego recibiu unha cea de homenaxe na que participaron máis de mil douscentos comensais, e na que entre outros falou Eduardo Blanco Amor "pra se referir a importancia que ten pra

colectividade, o feito de que homes de empresa, se acheguen a ela co ánimo de sumar a súa aportación os patrióticos fins que se degoiran" (ANT, nº 494, Buenos Aires, maio de 1955).

O mecenado de Vázquez Iglesias fixo posíbel a realización da crónica da cultura e da comunidade galega na Arxentina, dando conta ademais das novidades chegadas de Galiza. Referímonos á audición radial *Galicia Emigrante*, complemento da revista do mesmo nome, que dirixida por Luis Seoane comezou a emitirse o 10 de Outubro de 1954 polas ondas de *Radio Libertad* todos os Domingos durante media hora. Sostida exclusivamente pola publicidade da firma comercial Vázquez Iglesias, "que quixo dar impulso a unha voz galega libre pra exaltar á terra lonxínca" -en palabras do director sobre o patrocinador no quinto cabodano da emisión (L. Braxe e X. Seoane, *Galicia emigrante. (1954-1971)*-, nela tiña cabida "todo o diferencial galego" segundo a propia publicidade dun programa que perduraría dezasete anos. O taboadés axudou a manter outras publicacións culturais, e o seu nome mesmo aparece ó final da excelsa obra de Castelao *As cruces de pedra na Galiza*, entre os que axudaron a custear a edición.

Cómpre, para rematar, facermos unha reflexión desde os nosos días. Os mozos de Taboada non coñecen a obra e os méritos deste home que foi natural da súa mesma demarcación territorial, mentres os políticos de turno prefiren manter as rúas da vila dedicadas a ensalzar a individuos ligados a un goberno totalitario, a lembrar a un empresario veciño que deu exemplo polo seu compromiso cos desfavorecidos e como protector da cultura galega. Unha anotación para a axenda: O 31 de Xaneiro de 1967 falecía en Mar del Plata o emigrante galego Xabier Vázquez Iglesias, o trinta cabodano podería ser unha data apropiada para corrixir esta omisión recuperando a memoria histórica daqueles persoeiros pendentes de recoñecemento polos descendentes da comunidade á que serviron. ♦

# GALICIA, PÓRTICO DA GLORIA



## Turismo Rural

Central de Reservas  
981 / 54 25 27 - 54 25 28

Chámenos e enviaremoslle a Guía completa de Aloxamentos Rurais de Galicia. Unha viaxe inolvidábel polo PÓRTICO DA GLORIA para disfrutar da maneira máis natural.

 **TURGALICIA**  
Secretaría Xeral para o Turismo

## O GAITEIRO SOLITARIO

MANUEL RIVAS

## Anda a porra lixeira

En Francia houbo unha longa folga de camioneiros o mes pasado que tivo case paralizado o país, coas incomodidades e costes que son de supor. Non houbo nin unha soa carga policial. O asunto solucionouse cunha laboriosa negociación, tensa pero civilizadamente, arredor dunha mesa. Algúns españois en tránsito mostraban a súa estrañeza porque os xendarmes "non interviñan". Non se decataban estes alporizados celtsiberos, mal acostumbrados como estamos, que a primeira norma policial dun goberno sensato é a seguinte: "Nunca causes máis dano do que se pretende evitar". O que poderíamos engadirlle: "Non utilices a brutalidade

cos cidadáns que tes que protexer e que che pagan cos seus impostos".

Os xendarmes, coma as policías británica ou holandesa, por exemplo, cóidanse moito antes de darlle un pau aos seus convecións traballadores cando se manifestan pacificamente, por moito tráfico que corten.

Do que estamos vendo, se a folga francesa depende do sentido da "orde pública" que se está a impoñer en Galicia, a estas alturas estaríamos ante unha nova edición da Guerra das Galias. Dito doutra maneira. Se un prefecto francés tivera actuado como se actuou

en Pontedeume, poñendo un pobo patas arriba por mor un corte de tráfico, e causando feridas a unha nena de dous anos, a tal autoridade estaría agora buscando emprego de extra nunha de Tarantino ou pescando fanecas en Córcega.

Primeiro foi Povisa, en Vigo. Despois Pontedeume, cos obreiros de Endesa. Esta semana Santiago cos mozos estudantes que non pedían precisamente máis vagóns para o tren nocturno da movida senón máis fondos para a educación pública. Son casos sucesivos dun uso innecesario de forza que están a extender unha desagradable sensación

de mal de aire, que era como denominaban os nosos vellos ás doenzas da perda de sentido. Anda a porra en demasia lixeira por Galicia e moito me temo que iso é un espello da alma gobernante. Esta contundencia con xentes do pobo é, en realidade, unha mostra de inseguridade propia e de desconfianza innata cara ese pobo. Para ter *autoritas* hai que ter escola democrática e saber contar polo menos deica dez.

Gobernadores da Pax galega: "Primero carguen, luego verigüen". ¿Qué queren que lles diga? Teño morriña, teño saudade... dos que viñan de Majadahonda. ♦



## Claudio Rodríguez Fer

'A lírica medieval animou a escribir sobre erotismo nos últimos anos'

Que está a ler?

O último libro é unha antoloxía de poetisas norteamericanas vivas, nunha edición de Noël Vallis. Nestes momentos, o que teño entre máns é *Cadernos de xeopoética*, en francés, dirixidos polo escritor escocés afincado na Bretaña, Kenneth White. Conecto moito con esta publicación, que é unha cartografía literaria. Tamén veño de ler o último libro de Luz Pozo Garza, *Vida secreta de Rosalía* (Espiral Maior), que é excelente.

Fai algunha recomendación?

O que me gustaría dicir, sen que pareza un consello, é que os lectores, incluíndome eu, lean libremente, sen prexuízos, presións, amiguismos, intereses ou calquera tipo de segregación.

Vostede teima na poesía erótica. Pódese falar dun xénero galego de erotismo?

Non elexin cultivar o xénero xa que foi como se a poesía erótica me escollera a min desde a mocidade. A miña motivación principal foi o erotismo asociado ao amor pero tamén a outros temas políticos e sociais que están presentes na miña obra. Era un caso illado aínda que a xente foise animando á escrita erótica. Por razóns de moda, moitos autores non seguiron e vestiron a súa poesía doutras ropaxes. Eu continuo a sentirme a gusto co pulo do erotismo. A nosa literatura xa está desenvolvida de abondo para que haxa mostras en todos os xéneros e temáticas. E, aínda que na contemporaneidade non hai un grande desenvolvemento, a liberdade estilística das cantigas de escarño e maldizer e as de amigo animaron a moitos poetas de hoxe. Ademais escribemos en direccións diverxentes, cunha variedade moi enriquecedora.

Estudou a Ánxel Fole, ao que se lle adican as Letras Galegas en 1997. Como define a súa escrita en poucas palabras?

Un narrador que soubo sintonizar técnica e tematicamente coa tradición oral. A clave é que é un narrador para un pobo. ♦

Poeta e ensaísta (Lugo 1956).

Obras máis importantes: *Poemas de amor sen morte*; *Tigres de ternura*; *A boca violeta*; *Lugo blues*; *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*; *Poesía galega: crítica e metodoloxía* e *A literatura galega durante a Guerra Civil*.

## CAMIÑO VELLO. CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

## A pedra das casadeiras

Entre nós tamén houbo e hai traxedias de amor, tan dignas e arrepiantes como foron as de Calixto e Melibea ou Romeu e Xulieta, porque aquí tamén existiron e existen persoas que, pola razón que sexa, queren mandar en corazóns alleos e opóñense á felicidade dos demais para que prime o seu capricho persoal, aínda que este sexa contra os propios fillos, tal a que se conta en torno á Pedra dos Namorados, de Arcos.

Esta longa e voluminosa pedra xa era, desde tempos inmemoriais, un lugar no que se concentraban ás mozas casadeiras para saber da sorte que lles agardaba en canto ao asunto de casar. As mozas, aínda agora, teñen por costume lanzar tres pedriñas á cima, e se estas aguantan aló sen caer, depositadas como se unha man invisible as pousara, é augurio de que, quen as botou, casa nese ano.

Pero esta pedra tamén foi, aló polo século XV, o escenario que a fantasía popular escolleu para situar unha das maiores traxedias de amor da nosa literatura oral.

Os protagonistas daquel triste episodio eran, dona Alda, filla de don Álvaro de Sarmiento, Señor do Castelo de Sobroso, e Tristán de Abarca, propietario dunhas terras lindantes, que don Álvaro desexaba para engadir ás súas, pero das que o de Abarca non se quería desprender.

Quixo a casualidade que un día se encontraran Alda e Tristán, e que ese encontro, presenciado pola mesmísima Afrodita, se enchesse de tanto amor e que ámbolos dous se prendaran tanto o un do outro, que coidaron que aquela xuntanza era o designio dalgunha divindade que quería, con ese sentimento apaixonado e apaixonante, solucionar, de



paso, a ambición de don Álvaro.

Pero mal sabían os namorados, que inocentemente querían propoñer a unión dos seus corazóns e terras, que o vello de Sobroso non quería engadidos, senón ganancias e conquistas. Mal sabían os coitados que en don Álvaro, home de guerras e afeito á pelexa ata impoñer o seu parecer, aniñaba iso que se dá en chamar ambición e non ven sendo máis que un tremendo complexo de inferioridade; ou como di algún clásico, "ela é a merda da riqueza"; e rexeitou aquela proposta como quen repudia do diño. Nin á filla lle permitiría volver a encontrarse con aquel "cazadotes".

Baixo o acubillo desta laxa, quixo a tradición situar os clandestinos encontros da incomprendida parella, que cada serán, atopábanse nas soidades desta fermosa paraxe para desafogar as súas coitas e o seu sentimento.

Advertido don Álvaro dos furtivos encontros de Alda e Tristán, foi el, secretamente, ao encontro do desventurado amante, que na vez do caloroso abrazo con que agardaba ser recibido, encontrou a fría espada do vello que, sen mediar palabra, alí mesmo lle deu morte e guindou co seu corpo ó barranco de detrás da pedra.

A infeliz namorada agardou aquel día e ao seguinte e ao outro, ao amigo que non daba chegado; e ao cabo de tres días, cando a inocente moza, desesperada de desamor, co son dunhas campás que tocaban a morto, aparecéuselle Tristán, máis triste que o seu nome, e sen articular palabra.

Ela, fa rifarlle por tela abandonada sen explicación, cando el, con esa voz que só poden ter os defuntos, díxolle:

—Esas campás están tocando por min.

A figura do amante esvaíuse e Alda regresou ao castelo de Sobroso, onde, desconsolada, pechouse nos seus aposentos, e deixouse morrer.

Só despois daquelas mortes, comprendeu o Señor de Sobroso a inutilidade da vida dos ambiciosos, e retirouse á soidade dun convento.

Aquí acaba a lenda, pero continúa o mito, pois como a ningún é quen para saber que vai pasar despois do casoiro, a sabedoría popular outorgoulle a esta laxa un método para validar a fidelidade do matrimonio, e é dando tres voltas arredor dela sen caer, co que a pedra dos namorados se converte en algo menos poético e máis prosaico, na Pedra das Casadeiras.

E é que, ou por fas ou por nefas, sempre algo ou alguén ten que estar a decidir por nós, e aínda dos máis íntimos hai que rexeitar un pouco. ♦

A morte de Eliseo Alonso deixa ao leitor o pouso dunha obra feita con rigor e agarimo. A destacar os

Contos do Miño (1955) que Blanco Amor calificara de maxistrais. Están en Edicións Xerais. ♦



Mofa e Befa atacan de novo coa obra *Para ser exactos* en BURELA e CARBALLO

## Burela

### EXPOSICIÓN

#### MIGUEL MACIAS

Pinturas de Miguel Macias durante o mes de Decembro na Zaranda.

#### J. GONZALEZ ASENJO

Expón pintura na sala de arte do concello do 2 ao 15 de Decembro.

### TEATRO

#### PARA SER EXACTOS

A segunda entrega do espectáculo cómico de Mofa e Befa, *Para ser exactos*, o Xoves 12 ás 10,30 da noite na Zaranda.

## Carballo

### ACTOS

#### 20 ANOS DE LUMIEIRA

A Agrupación Cultural Lumieira celebra os seus 20 anos cunha semana de actos do 9 ao 14 de Decembro. O Luns 9 ás 20,30 na Casa da Xuventude presentan un libro coa memoria de actividades da agrupación.

O Martes 10 ás 20,30 no Cine Rega, a parella teatral *Mofa e Befa* presentan a comedia *Para ser exactos*. O Mércores resérvese para os Encontros entre asociacións da comarca, e o Xoves apréséntase o libro editado por Espiral Maior, de Xan Fraga Rodríguez que recolle a historia de Carballo en fotos. O grupo folk Xocaloma actúa o Venres ás 21 h. no Cine Rega, e o Sábado unha cea de confraternidade con escritores, magos e outros colaboradores da agrupación, pecha a semana ás 22 na Casa Rey. Para máis información preguntar por Manuel Pan no (981) 75 45 86.

## A Coruña

### ACTOS

#### 20 ANOS DA ALEXANDRE BOVEDA

Seguen os actos de celebración do 20 aniversario da Asociación Alexandre Bóveda. O día 12, no local da asociación, presentárase o libro de Xerardo Álvarez Gallego *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*; e o 13 *Historia medieval de Galiza*, coa presenza de Camilo Nogueira e Francisco Rodríguez.

### EXPOSICIÓN

#### MERCADO DE ARTE

O Mércores 11 abre no Pazo de Congressos o Supermercado da Arte de American Prints, con obra de máis de 30 artistas. Entre eles Peteiro, Laureano Vi-

## Carteleira

C.X. LÓPEZ-PAZOS

**TRAINSPOTTING.** As peripécias de cinco mozos escoceses aditos á heroína. Humor, cinismo crítico e uns toques surrealistas.

**O CORVO.** Segunda entrega da historia de cómic dun vengador que volta da morte. Entretida grácias aos efectos especiais, á música e ao *mao*: Iggy Pop.

**A CAMIONETA.** Dous amigos en paro deciden vender hamburguesas nunha furgoneta. Steven Frears queda por baixo do seu anterior *Café Irlandés*, pero por riba da maioría dos produtos de Hollywood.

**AMERICAN BUFFALO.** Filme de perdedores ou o anti soño americano. Mamer ensaia unha liña (teatral) parecida á súa anterior *Glenarry e Glen Ross*, pero neste caso a abundancia de texto non está xustificada polo contido.

**OS MEUS DOBLES, A MIÑA MULLER E MÁIS EU.** Un capataz da construción con moito traballo acepta a suxerencia dun científico para construír outro suxeito idéntico a el. O guionista non sabe conducir a historia que decae despois dun cuarto de hora prometedor.

**O FUNERAL.** Unha familia italiana nos Estados Unidos da crise. Cine negro, con bos interpretes. Supera de longo a outros filmes máis pretenciosos.

**O DERRADEIRO HOME.** Dous bandas de traficantes de alcol enfréntanse na nada acolledora cidade fronteiriza de Jericó. Un aproveitado pistoleiro (Bruce Willis) pásalle información aos dous contendentes a fin de obter o seu diñeiro. A idea non era má, pero o guionista abusa dos tópicos, entanto que Willis demostra que é menos expresivo que o cano da súa pistola.

**SANGUE E VIÑO.** Jack Nicholson e Michel Caine interpretan a dous ladróns de xoias de Florida. Caine demostra, coma sempre, o grande actor que é, aínda que non chega para salvar esta historia, sen pretensións.

**BEAUTIFUL GIRLS.** Guía para parellas con dúbidas sobre o matrimonio. Crítica dos varons que só pensan nas *top-model* e loubanza das mulleres normais, con excepción das adúlteras.

**TAXI.** Cadro sobre o advenimento do fascismo na clase media española. Demasiado forzada. Centrada en Madrid. ♦



Na galería Marisa Marimón de OURENSE continua *Unha película de pel II* na que participa M<sup>a</sup> J. Gómez Redondo da que vemos *Autoretrato a través da mirada de Ricardo*

a través dun mundo subterráneo a historia da antiga federación balcánica.

## MALINA

Un filme inédito na Galiza (*Malina*. Alemaña 1991. Cor 125'), dirixido por Werner Schoeter, premiado no seu momento no Festival de Cannes. No *Cine club Padre Feijoo*, Casa da Xuventude, o Xoves 5 ás 20,30 e ás 23 h.

### FOTOGRAFIA

#### DIALOGOS COA VIDA

A Fundación la Caixa arte-lloa a mostra que recolle parte da obra de Robert Doisneau. Inagúrouse co Outono Fotográfico, e non pecha até o día 11 no Museo Municipal.

## UNHA PELICULA NA PEL II

Catro autores Alicia Martín, María Gómez, Manuel Vilariño e Manuel Casimiro, expoñen a súa serie fotográfica na *Marisa Marimón*. Até o 15 de Decembro, de 12 a 14 e de 18 a 21 h.

## Pontevedra

### CINEMA

#### ULTIMATUM A TERRA

Encadrada no Ciclo da Historia do Cinema do *Cine club Pontevedra*. Pódese ver o Mércores 11 ás 20,15 e ás 23,15 h. na sala de Caja Madrid. Maior información no (986) 85 95 84.

### EXPOSICIÓN

#### XAMINORIOS ORMEADOS DE BRILLO

Na fala tradicional dos canteiros pontevedreses ou *Camións brillantes*, é a mostra de Enrique Velasco, da Escola de Canteiros de Poio. Até o 22 de Decembro na sala de Caja Madrid, 22 esculturas que rebelan os seus novedosos plantexamentos. Abre de Luns a Venres de 19 a 21,30 h, e Sábados de 12 a 14 e de 19 a 21,30 h. Domingos de 12 a 14 h.

#### GRAVADOS DE GOYA

O Teatro Principal expón até o 15 de Decembro a serie de 80 gravados *Os desastres da guerra* de Goya pertencentes á primeira tirada (1863).

### HOMENAXE

#### ANIVERSARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

A Asociación Cultural Maio Longo celebra o 65 aniversario

dal, M<sup>a</sup> Penas ou Monteso. Pódese visitar até o 3 de Xaneiro de 1997, de Luns a Sábado, de 10,30 a 14 h. e de 16,30 a 21 h. Domingos de 11 a 14 h.

## A CORUÑA, ONTE E HOXE

Mostra fotográfica aberta na sala municipal Durán Loriga. Até o 8 de Decembro.

## SALON DE OUTONO DE PINTURA

A Real Academia Galega de Belas Artes (Praza do pintor Sotomayor) xa abriu o I Salón de Outono de Pintura.

## ARTURO SOUTO

Pinturas na sala de Caixa Galicia, até o día 20.

## OUT OF PRINT

Percorrido polo gravado británico desde 1946 a 1976. Até o 6 de Xaneiro na Fundación Barrié.

## TONO CARBAJO E JESUS OTERO

Os dous gañadores das bolsas de creación artística no estranxeiro, de Unión Fenosa, expoñen até finais de Decembro no Museo de Arte Contemporánea.

### MÚSICA

#### SINFONICA DE GALIZA

O Xoves 12 ás 8,30 da noite no Pazo de Congressos, co frautista Jaime Martín, e o director Uriel Segal. No programa levan obra de Mendelssohn, Rodrigo e Sibelius.

## THE NEW ORLEANS SPIRITUALETTES

Dentro do ciclo *Swing en Outono*, o Luns 16 ás 8 da noite no Centro de Estudos Caixa Galicia (Ronda de Nelle, 31).



### TEATRO

#### COMO EN IRLANDA

Os últimos pases da tempada da montaxe do Centro Dramático Galego dirixida por Quico Cadaval e sobre textos de Vilar Ponte e John M. Synge, até o día 8 deste mes ás 20,30 no teatro Rosalia Castro.

## Ferrol

### EXPOSICIÓN

#### FEITURA'96

O Ateneo Ferrolán (Madalena, 202) expón até o día 12, a escolma sobre as obras presentadas ao seu certame de artes plásticas.

### MÚSICA

#### CHILHOOD

Punk suave catalán, o Xoves 5 no Kallejón.

### TEATRO

#### A VODA DOS MOIMANTES

Coa *Compañía Marías*, o 13 de Decembro no Teatro Jofre.

## Lugo

### EXPOSICIÓN

#### ARTURO CIFUNTES

Cadros na galería Apolo. Pecha o 9 de Decembro.

## Ourense


### CINEMA

#### UNDERGROUND

O Xoves 12 ás 20,30 na Casa da Xuventude, o *Cine club Padre Feijoo* pasa *Underground* (Franza-Alemaña-Hungria, 1995. Cor 162'). Dirixida polo iugoslavo Emir Kusturica, trata



Vida, paixón e morte de Alexandre Boveda será presentado na CORUÑA o próximo día 12



As culturas da América prehistórica están representadas por diversas pezas no Auditorio de Galicia, Museo do Povo Galego e San Domingos de Bonaval en SANTIAGO. Á esquerda, Xipe Tótec, azteca, Tenochtilán, México

Supermercado da Arte no Pazo de Congressos da CORUÑA. Á esquerda pintura de Ceesepe



Vitor Casas, director d'A Nosa Terra, é un dos fusilados no 36 que agora reciben homenaxe en PONTEVEDRA

rio da fundación do Partido Galeguista, xunto cunha homenaxe ás moitas persoas inocentes fusiladas na sublevación militar que deu cozo á Guerra civil, e en especial aos mortos o 12 de Novembro de 1936 en Pontevedra. "A finalidade é romper o muro de silencio que aínda hoxe, 60 anos despois, cobre a memoria de homes bons e xenerosos como o capitán Xoán Rico, os médicos Amancio Caamaño Cimadevila, Telmo Bernárdez e Luís Poza Pastrana, o impresor Ramiro Paz, os mestres Paulo Novás, Benigno Rei Pavón e Xermán Adrio Mañá, o avogado Xosé Adrio Barreiro, e o xornalista Vitor Casas. Despois da homenaxe popular a Alexandre Bóveda o 17 de Agosto na Caíra, Maio Longo quere render homenaxe ás vítimas da represión rememorando a inxustiza e o crime que supuxo a súa morte ante un pelotón de fusilamento". A homenaxe xa comezou o pasado Martes 3, cunha charla e colóquio de Xusto Beramendi O Partido Galeguista 1931-1936. Iste Martes 10, ás 20 h. no Instituto Valle-Inclán, celebran unha mesa redonda sobre *A represión do 36 en Pontevedra* con Bieito Alonso (historiador), Luís Lamela (autor do libro *Inmolados galegos*) e Alberto Romasante (biógrafo de Vitor Casas).

#### MÚSICA

##### RED RICHARDS

Jazz o Sábado 14 de Decembro no auditorio de Caixa Pontevedra. A entrada é libre. Maior información no (986) 86 39 29.

##### JOAQUÍN PALOMARES E MICHEL WAGEMANS

A Sociedade Filarmónica de Pontevedra organiza o concerto de Joaquín Palomares e Michel Wagemans, os días 10, 12 e 13 ás 20,30 no Teatro Principal.

##### SINFONICA DE GALIZA

Dirixida por Uriel Segal, e co solista Jaime Martín na frauta. O Venres 13 ás 8,30 da noite no Principal.

#### Porriño

##### EXPOSICIÓNS

##### VICTOR TEIXEIRO

Pinturas no Centro Cultural municipal, até o día 13.

## Convocatorias

### CERTAME POÉTICO XOAN DE REQUEIXO

O *Círculo Recreativo Cultural de Chantada* convoca o I Certame Literario de Poesía Xoán de Requeixo, que premiará tres poemas de tema e métrica libre. Recollen textos inéditos, por cuadruplicado e baixo lema ou pseudónimo e plica, até o 15 de Decembro no Círculo Recreativo: Praza do Bó Xesus, 1. Os premios: 1º de 15.000 pta, 2º de 10.000 pta, e 3º mención de honra. Maior información no (982) 44 00 70.

### PRÉMIO DE NARRACIONS XUVENIS

A *Biblioteca Nova 33* co patrocinio da *Fundación Caixa Galicia* convoca o *X Premio de Narracións Xuvenis Rúa Nova*, dotado cun primeiro premio de 250.000 pta. O concurso está aberto a menores 18 anos (o día 1 de Abril de 1997) que presenten traballos (por

quintuplicado e cos dados persoais: nome, enderezo, teléfono e fotocopia do DNI ou do libro de familia) dunha extensión mínima de 25 e máxima de 125 fólíos mecanografiados a dobre espazo. O prazo remata o 1 de Marzo de 1997 na Biblioteca Nova 33 (Rúa Nova, 33-2º, 15705 Santiago. Apartado de Correos 637. 15780 Santiago), ou en calquer das oficinas de Obra social de Caixa Galicia. Informan no (981) 58 44 36.

### BOLSAS DE COLABORACION PARA BIBLIOTECA

O Concello de Vigo aprobou o 15 de Novembro, as bases da convocatoria de 2 bolsas de colaboración para a Biblioteca Central, 1 para a Penzol, e outra para a Casa das Artes. O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días a partir da publicación da convocatoria no BOP. Para maior in-

formación pódese perguntar no Rexistro Xeral do Concello. Teléfono (986) 81 01 27.

### AIDA

Aida Operama Spectacular, baseada na ópera de Verdi, estrearáse en Galiza o vindeiro 21 de Febreiro no coliseum da Coruña. As entradas xa están a venda desde 5.000 pta. Aseguran que a representación que dirixe Guiseppe Raffa, ocupará máis de 20.000 persoas. O Venres 6 ás 10 da mañá no propio Coliseum, fan escolma de 400 figurantes aberta a todos os interesados maiores de 18 anos.

### PRÉMIO LITERARIO PASTOR DIAZ

O Concello de Viveiro convoca o terceiro premio literario Pastor Díaz, aberto a relatos de máis de 100 fólíos a

dobre espazo, até o 31 de Decembro. O gañador levará 500.000 pta. Para maior información hai que dirixirse ao Concello de Viveiro: Praza Maior, 1. Teléfono (982) 56 01 28.

### PRÉMIO LITERARIO ÁNDEL FOLE

A Fundación Caixa Galicia e o xornal *El Progreso* convocan a décimo primeira edición do certame Ánxel Fole (cun premio único de 1.000.000 pta), desta volta adicado á figura e obra de José Crecente Vega. Os traballos han ser inéditos, cunha extensión máxima de 100 fólíos mecanografiados a dobre espazo por unha só cara. E teñen que chegar por cuadruplicado e baixo plica antes do 31 de Marzo de 1997 en calquer departamento de Obra social da Caixa Galicia, ou no xornal *El Progreso* (Progreso, 12. 27001 Lugo). O teléfono de Obra social de Caixa Galicia en Lugo é: (982) 22 40 12. ♦

## Santiago

### DANZA

#### PETRUS

A compañía de madrileña 10&10 Danza presenta dúas coreografías os días 19, 20 e 21 ás 10 da noite na sala Galán: *Petrus* de Mónica Runde, e *Jack y el ornitorrinco* de Pedro Berdâyes.

### EXPOSICIÓNS

#### OLLADAS AO PAIRO

Manuel Vázquez, expón a súa serie abstracta *Olladas ao pairo*, na galería Sargadelos até o 31 de Decembro. Abre de 10,30 a 14 e de 16,30 a 20,30 h.

#### J.M. FENOLLERA

A Casa da Parra ofrece un percorrido por 30 obras do pintor José María Fenollera (1851-1918), que residiu en Santiago.

#### AMÉRICA PREHISPANA

Unha escolma sobre 3.000 anos de varias culturas americanas. A América prehispana abre no Auditorio de Galiza, Museo do Povo Galego e Igrexa de San Domingos de Bonaval, de Martes a Domingo de 12 a 20 h, até o 28 de Febreiro do ano que vén. Luns pecha.

#### SANTIAGO RUSIÑOL

Obra do pintor catalán do



Olladas ao pairo é o título da exposición de Manuel Vázquez na galería Sargadelos de SANTIAGO.

primeiro tercio do século, até o 20 de Decembro na sala de mostras de Caixa Galicia.

#### AOS 10 ANOS DA MORTE DE JOSÉ MARTINEZ

Edicións do Castro e a galería Sargadelos expoñen unha mostra fotográfica e bibliográfica sobre a *Editorial Ruedo Ibérico*, para relebrar ao seu fundador José Martínez aos 10 anos do seu pasamento.

#### DOMINGO FELIZ

Obra de seis famosos fotógrafos franceses, até o 13 de Decembro no Coléxio de Fonseca.

#### A CAIDA DA FOLLA

O escultor Manolo Paz mostra catro pezas de grande formato onde experimenta co granito e a pizarra. Até o 8 na galería Trinta.

#### MEDARDO ROSSO

O CGAC presenta a primeira mostra no estado das esculturas de Eduardo Rosso, considerado xunto a Rodin pai da escultura contemporánea. Máis de trinta pezas que amosan o seu estilo ademais da seriedade dos seus procedementos de creación polo que expoñen varias versións das mesma obra. De Martes a Sábado de 11 a 20 h, e Domingos e festivos de 11 a 14 h.

#### CAMPUS STELLAE

Arnulf Rainer expón a súa montaxe *Campo de estrelas* no primeiro andar do CGAC. Até o 8 de Decembro. Abre de Martes a Sábado de 11 a 20 h, e Domingos e festivos de 11 a 14 h.

#### TRES DEBUXOS

Obra de Perejaume até o día 8 no Dobre Espacio do CGAC. De Martes a Sábado de 11 a 20 h, e Domingos e festivos de 11 a 14 h.

#### GALICIA. NAS ORIXES DUNHA CULTURA

Mostra etnográfica aberta no Museo do Povo Galego até finais de ano.

### MÚSICA

#### THE KING'S CONSORT

O Xoves 12 ás 21 h. no Auditorio de Galiza, a formación de Robert King, interpreta obra de Haendel.

#### CONCERTO DIDACTICO

Coa Real Filharmonía de Galiza o Mércores 11 ás 11 da mañá no Auditorio de Galiza. No programa levan música de Falla, e de director a Maximino Zumalave.

### TEATRO

#### FESTIVAL DE OPERA DE PETO

Do 9 ao 14 ás 22,20 da noite no Teatro Principal.

Luns 9 e Martes 10, actúa a soprano Irene Martínez co pianista Manuel García. Mércores e Xoves, Rosa Mates (soprano), Josep Ferrer (baixo), Mª Eugenia Gassull (piano) e Frances Sánchez (actor mudo), interpretan *La serva padrona* de Giovanni Paisello. *Annis horribilis* (*Piccola ópera portabile*) de Chévere ocupa as dúas últimas xornadas, Venres 13 e Sábado 14.

### O REGRESO

*Elsinor Teatro* da Coruña interpreta o texto de Manuel Lourenzo, *O regreso*, e non *A estratexia do narco* como anunciaba o Lecer da semana pasada. Os días 12, 13 e 14 ás 10 da noite na sala Galán.

## Tui

### EXPOSICIÓNS

#### XABIER POUSA E JUAN OLIVEIRA

Escultura e pintura na galería Trisquel e Medúlio (Paseo da Corredoira, 13). De Luns a Venres de 18,30 a 21,30 h. Sábados de 10,30 a 13,30 e de 17 a 21,30 h. Domingos de 11,30 a 14 h.

## Vigo

### CINEMA

#### BLUE IN THE FACE

Dirixida por Paul Auster e Wayne Wang (USA 1995). O *Cine club Lumière* artella o pase do Mércores 11 ás 20,30 h. no Cine Salesianos. A entrada val 400 pta. Información no (986) 22 09 10.

### EXPOSICIÓNS

#### LABERINTOS

Pinturas de Santiago Pascual Buyé, até o 18 de Decembro na galería Ad hoc. Abre de Luns a Venres de 18 a 21,30 h. Sábados de 12 a 14 h.

#### OS HORREOS NA ARQUITECTURA POPULAR

Xosé Aljón expón até o 20 de Decembro na Universidade Popular, as súas maquetas de hórreos. Abre de Luns a Venres de 17 a 21 h.

#### EN BRONCE

Cuqui Piñeiro expón esculturas en bronce, até o

16 de Decembro, na sala do BBV (Colón, 17-A, 4ª Planta). Abre de Luns a Venres de 19,30 a 21,30 h.

### LIBROS

O Coléxio Público de Bembrive, expón até o día 10 unha mostra de novidades que aportan varias editoriais. A oferta vai desde atlas a libros de aventuras para cativos. Abre de 6 a 8.

### LEOPOLDO NOVOA

O pintor expón 20 obras de recente creación na galería Abel Lepina, até o 14 de Decembro. Abre de Luns a Sábado de 11,30 a 13,30 e de 19,30 a 21,30 h.

### VII FOTOBENAL

Aínda até o 8 deste mes na Casa das Artes. As tradicionais *Vigovisións* recollen este ano o traballo sobre a cidade de Luis González Palma, Karen Knorr, Pedro Meyer, Paloma Navares, Joachim Schimid, Ruth Thorne e Manuel Vilarinho. Noutro apartado, *Sen fonteiras* varios autores rachan co vello concepto bidimensional da fotografía, trátase dos traballos tridimensionais de Mª Elena Álvarez, Magnus Barthás, Daniel Canogar, Bárbara Claus, Alfredo Jaar, Ana Teresa Ortega, Pedro Meyer, Paloma Navares, Wojciech Prazmowski e Eva Quintas. Tamén expoñen o resultado das bolsas da fotobenal, outorgadas aos fotógrafos galegos Xosé Lois Abalo, Xurxo Estévez, Xurxo Lobato e Rubén R. de Torres. Unha sección adicada aos norteamericanos Aziz e Cucher, e outra a Raniero Fernández (na sala de exposicións do centro Caixavigo), fotógrafo galego afeccionado cunha intensa actividade nas décadas dos cincuenta e sesenta, completan a mostra.

### COLECCION LAXEIRO

O terceiro andar da Casa das Artes acolle de xeito permanente, a colección legada polo nomeado pintor ao Concello de Vigo. Os días de semana abren de 11 a 14 e de 17 a 21 h. Sábados só á mañá, e Domingos á tarde.

### MÚSICA

#### BOIKOT, KTULO E LOS MOTORES

O Xoves 5 ás 8,30 da noite no Nova Olimpia.

**A NOSA TERRA**

**O ESCUDO DA GALIZA DESEÑADO POR CASTELAO EN INSIGNIA OU CHAVEIRO**

**Chaveiro:**  
Prezo 500 pta + 160 pta de gastos de envío

**Insignia:**  
Prezo 200 pta  
Pagamento a meio de selos de correos ou ingreso na conta de Caixa Galicia 2091 0501 683040001024  
Solicita a cantidade que desexas ao Apdo. 1371, 36200 de Vigo.

Ruth Thorne-Thomsen participa este ano na Fotobiennial no apartado Vigovisións

## THE SIXTEEN

Coro e orquestra, o Martes 17 ás 8,30 da noite no centro Caixavigo. Dirixe Harry Christophers, con Lynda Russell (soprano), Catherine Wyn-Rogers (contralto), Mark Padmore (tenor) e Michael George (baixo), para interpretar o Concerto de Branderburgo e a cantata Magnificat de J. S. Bach.

### TEATRO

#### A DO LIBRO

Ou *As aventuras de Perello de Chora-que-logo-bebes*, do 2 ao 5 de Decembro no centro Caixavigo.

## Vilalba

### EXPOSICIÓNS

#### MORADORES DE GALIZA

O Museu de Prehistoria e Arqueoloxia de Vilalba, ofrece até o 20 de Decembro, unha mostra adicada á presenza do home na Galiza desde hai dous millóns e medio de anos.



## Matosinhos

### FORUM DE ARTE CONTEMPORANEA

Do 5 ao 10 en Matosinhos, no recinto de Exponor, celébranse dúas mostras artísticas que recollen representación galega e portuguesa:

o Forum Atlántico de Arte Contemporánea e a Feria de Arte Contemporánea.

## Porto


### NU MEIO

O Ballet Teatro Compan-

hia do Porto continúa o Ciclo de Danza de Outono os días 5 e 6 con José Navas que ofrece *White waiting*; Nu meio e *O nariz do meu pai* son as dúas propostas do grupo *A Torneira* para os días 20 e 21. Os espectáculo son no auditorio do Ballet Teatro. ♦

## Encrucillada

XOAN COSTA



### Horizontais:

2. A el está dedicado o *Sempre en Galiza* 4. Fillo de Abraham 9. Acaudalado, adifneirado 12. Forma parte dunha expresión que significa "encima de" 14. Cualificación escolar entre suficiente e notábel 16. Conxunto de temas dun asunto xeral 18. Batraquio moi frecuente en pozas, lagoas e regos 20. Dese aquilo que é necesario 21. Impresión desagradábel causada por algo que repugna 23. Desprazarse ata o sitio 24. Conxunción que presenta dúas cousas ou posibilidades entre as que hai que escoller 26. En números romanos, tres 27. Forma popular de afnda 29. Conxunto de regras necesarias para facer ben algunha cousa 31. Rio da provincia de Ourense 33. Ao revés, emiten un son 34. Atar facendo nós.

### Verticais:

1. Cidade do baixo Miño 3. Árbore americana 5. Igrexa episcopal 6. A Nosa Terra, en siglas 7. De sabor agre 8. Inxiro alimento 10. Ave zancuda 11. Pronunciar o "s" con articulación igual ou semellante ao "c" 13. Lingua do Lacio 15. Conducían ata aquí 17. Empregan demasiado tempo en facer unha cousa 19. Collerá coa man 22. Menciono 25. Utilizar 27. Ao revés, adverbio de afirmación 28. O pai do pai ou da nai 30. Ao revés, igrexa episcopal 32. Desprazábase a un lugar.

## Caldo de letras


O L L O M O L S M X N S  
U S E H C D R M F A F S  
T F P M G O U E P C K L  
F T S A R A B E L A C G  
C P A K G Q L M A R I A  
Q Û I N Q U I L L A N S  
Y F D F X I E U H N C A  
N X D O R A N T H D L K  
E Q E E S A R K T A D U  
P Ñ C F K U S I D I O K  
N E T S E O R O N N Q Z  
C Y M M A L B A R A T E

Unha dúcea de grupos cómicos galegos.

### SOLUCIÓNS A ENCRUCILLADA

1. TUI 3. ANONA 5. SE 6. ANT 7. ACEDO 8. COMO 10. IBIS 11. TRAIAN 17. TARDAN CECEO 13. LATIN 15. 25. USAR 27. IS 28. 19. ASIRA 22. CITO AVO 30. ES 32. IA.

### SOLUCIÓNS AO CALDO DE LETRAS



Verticals  
2. BOVEDA 4. ISAAC 9. RICO 12. ENCOL 14. BEN 16. TEMATICA 18. RA 20. DOTASE 21. ASCO 23. IR 24. OU 26. III 27. INDA 29. ARTES 31. AVIA 33. NAOS 34. ANOAR.

Horizontais

## Anúncios de balde

■ **Ex-garda civil represaliado polo exercicio** español por ter utilizado a lingua nacional propia, e por non decir que chove cando están a mexar por nós; apela a vosa solidariedade. Os interesados poderedes dirixirvos ao teléfono (981) 75 76 78 de Carballo, e perguntar por Ricardo Deus Viña; ou na conta de Caixa Galiza: 2091.0023.14.3000015162.

■ **Impártense clases de EXB a domicilio e fanse "Curriculum vitae"**. Razón: Oscar M. Rey. Carballeira, 24. 36630 Cambados. Pontevedra.

■ **Persoa interesada en vender cerámica**. Chamar ao (986) 28 05 17.

■ **Véndese ordenador novo 386 DX40**, con ou sin impresora, caixa rexistadora ECR-012, teléfono-fax Velico Fax-012, equipa de música en conxunto ou por separado composto de: mesa de cabos, casete de 2 pletinas, 1 plato, dous compactos, dúas caixas e un amplificador. Se queres botar unha ollada ao material ou consultar prezos, atopámonos no teléfono (986) 22 69 76, ou na R/Mª Berdiales, 25. Vigo.

■ **Oferécense cantantes, feminino e masculino, máis armónica para grupo de blues, jazz, folk e outros**. Abstense pachanga. Teléfono (986) 31 03 78 e 908-98 44 59. María e Nucha. Millor en horas de comida.

■ **Electricidade e mantemento xeral**. Prezos económicos e seriedade. Xerardo 907 - 72 80 23 Vigo.

■ **Se queres recibir de balde o boletim "Lengües Vives"** sobre a actualidade lingüística do Sul-oste europeo, escribe ao apartado 5224 - 08080 Barcelona. Países Cataláns.

■ **Galiza Nova en Madrid**. A organización xuvenil do BNG está na capital do Estado. As persoas que queirades contactar connosco, escribede a este enderezo: Verja 58 - 1º 28026 Madrid.

■ **Clases particulares de matemáticas**. EXB, BUP, COU, ESO, FP e primeiro de carreira. Pexigo de Abaixo, 33-2º esq. Compostela.

■ **Extraviadas dúas gaitas o Mércos 16 de Outubro en Vigo**, (unha delas facilmente recoñecible por ter unha cabeza de cabuxa tallada en buxo e co fol de pelexo). Pertenceu a Manuel Amigo (gaiteiro de Dhais). No caso de saber algo delas chamar ao (981) 57 01 78, de 10 a 14 e de 17 a 20 h. Gratificarase.

■ **Medullo, Distribuidora alternativa da Marinha lucense**. Se tendes material para distribuir, escribenos e falamos. Para pedidos mandade un selo de 19 pta. Medullo, Apdo. 19, 27740 Mondonhedo.

■ **Vendo 90 accións de A Nosa Terra**, a 4.000 pta cada unha por preciar urxentemente o diñeiro. Teléfono (986) 26 40 57.

■ **Rapaza de 21 anos busca traballo**. Con BUP e estudos de FP (Marítimo-pesqueira). Teléfono (986) 20 15 29, de 12,30 a 1,30.

■ **AnimaEis Obradoiro de Animación, busca debuxantes interesados en aprender, practicar e traballar en debuxos animados**. Contacto: Escola de Imaxe e Son. Someso, 6. 15008 A Coruña. Pablo Aienza 909-87 26 20, de 10 a 12 da noite.

■ **Mércase baixo ou batería a bon prezo**. Chamar ás 3, e perguntar por Andrés: (986) 29 41 83.

■ **O Movimento Defensa da Lingua Nacional Nº 3 a quem o desexar**. Inclúe material para se autofinanciar: libros, camisolas, bandeiras, autocollantes, etc. Encomendas no apartado 570 de Ferrol. Envío gratuito.

■ **Véndese dormitorio completo** seminovo en bon estado: cama, dúas mesiñas, espello, cómoda, silla e armario de 6 portas. Razón no telf. (986) 47 31 08.

■ **Danse clases de gaita e percusión galega en Cangas**, no local de CRC Xiria, rua Pablo Iglesias. Perguntar por Xulio no (986) 32 87 13 ou 909-82 57 59.

■ **Estudante de fotografía busca información para realizar o proxecto de fin de carreira**: o tema escollido é a fotografía no cinema. Necesito participar na rodaxe dalgun documental, curtametraxe... Como foto fixa ou auxiliar de operador. Xan Manuel Seoane Ventin. Teresa Jesús Jorret, 9-4º. 36004 Pontevedra. Teléfono (986) 84 33 15.

■ **Milhomes grupo gai da Corunha está á vossa disposición para cualquier información ou sugestión** no apartado 24. A Corunha 15080. Solicítai-nos o Nº de Outubro na nosa *Ghaiseta* que vem de sair do prelo no que falamos da última COFLHEE, de Sitges e de homofobia e incluí a nosa propia banda desenhada. E já sabes nom dubides de pór-te em contacto com nós, serás bem-vindo.

■ **Oferécense monitora con 8 anos de experiencia para clases de baile galego en Vigo e comarca**. Telf 20 00 58

■ **Kañacore. Programa de música combativa en Cuac! (FM 103.4)**. Venres noite, 8 a 9. Envíanos o teu material (non só musical) para difundirlo ao máximo. Apartado 4669.

15080 A Coruña. Resposta segura.

■ **"Portugueses de merda! Estas duras palabras eram dirigidas por algum membro do público contra os integrantes do MDL (Movimento Defesa da Lingua)"** Inteira-te do acontecido no encerramento do congresso do ILG pola *Gralha*. Distribúese já o número 13. É gratuito. Apartado 678. 32080 Ourense.

■ **Licenciado dá aulas particulares de lingua e literatura galega e española, latín, francés, portugués, catalán, historia e toda clase de comentario de textos**. BUP, FP, COU, ESO. Teléfonos (986) 20 11 70/20 23 51.

■ **Quique. Electricidade e reparacións**. Teléfono (986) 43 02 69.

■ **Licenciada en filoloxia hispánica dá clases particulares de ESO, BUP e COU**. Interesados contactar co apartado 709. 15080 A Coruña.

■ **Grande oferta de discos e cassetes**. Prezos interesantes. Teléfono (986) 41 34 96. Vigo.

■ **A Asociación de Divulgación e Estudo de Pequenos Estados, precisa colaboradores con coñecimentos de inglés, italiano e árabe**, para a tradución de correspondencia e publicacións enviadas polos pequenos Estados do mundo. A asociación non dispón de fondos para cubrir ditos traballos. Teléfono (986) 20 30 05.

■ **A Assembleia da Mocidade Independentista vem de reeditar os isqueiros Lume contra Espanha**. Se os queredes, enviade sete selos de trinta á caixa dos correos 561. 36080 Ponte Vedra. Ou ingresar a mesma quantía na conta 2091-0500-10-3000087782 de Caixa Galicía.

■ **Axuda ao Terceiro Mundo (ATEM)**. Nova asociación solidária. Gran Vía 112. Local 17. Galerías Castañal. Vigo. Tfno. 986-470357. Proximas campañas de axuda a Cuba e Colombia. Colaboracións no Banco de Santander. Axencia 8. Entidade 970. Conta 59550.

■ **Se desexas receber o Nº 1 de Abrente, voceiro de Primeira Liña (MLN)**: "Por un partido marxista revolucionario. Por unha organización de liberación nacional". Podemos as mulleres estar onde se toman as decisións? ...escreve para o apartado 760 de Santiago de Compostela, incluíndo o teu enderezo e un selo de 35 pta.

■ **Nativa dá clases de francés a calquer nivel**. Interesados contactar co teléfono 22 80 33 ou co apartado de correos 709, 15080 da Coruña. ♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do lecer pregámosvos nolas fegades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, Apdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., (986) 22 24 05 ou por Fax (986) 22 31 01

A colección *O Fardel da Memória* recupera a traxectoria do cineasta ourensán

## Carlos Velo, o cine galego imaxinado

✦ X.C.

Afirmar neste 1996 que non existiu cine galego só é verdadeira en parte. Durante un século houbo esforzos e intentos nos campos da ficción, os noticiarios, a exhibición e o erguemento dunha industria propia. Desde Xosé Gil e os irmáns Barreiro a Xosé Suárez, de Toni Román a Chano Piñeiro chegou a argallarse unha esperanza cabal. Carlos Velo estaba chamado a ser o grande director que dera luz a esa cinematografía propia. Pero a data do 1936 marcou a frustración que desde o exilio só puido alumear como ilusión e tamén roteiro para o futuro. O próximo 14 de Decembro sairá o libro *Carlos Velo. Cine e exilio* (Edicións A Nosa Terra) que abonda na apaixonante biografía do criador ourensán.



Despois de Antón Alonso Ríos e Alexandre Bóveda, a colección *O Fardel da Memória* de Edicións A Nosa Terra, dá a coñecer unha das múltiples figuras que só o exilio puido embazar. Da man do crítico de cine Miguel Anxo Fernández, o libro aborda non só una apaixonante biografía, nutrida de múltiples conversas e documentos que Velo deixou cando fixo contacto coas xentes da Xociviga no Carballiño, senón que recupera traballos literarios e reflexións dun galego que acadou a fama en México, pero que sempre tivo o corazón e o pensamento na Galiza.

Carlos Velo naceu o 15 de Novembro do 1909 en Cartelle. Aos dez anos vai facer o bacharelato a Ourense e xa mozo entra en contacto co galeguismo através dos irmáns Lourenzo, de Cuevillas e Vicente Risco. Tamén coñeceu o choque cultural através do idioma, "cheguei á cidade sen saber falar o castelán e no coléxio as rapazas ríanse de min e decían que non sabía falar español". Faise mestre e comeza a súa afección ao cine simultaneamente "formabamos grupo co fillo do fotógrafo Pacheco e cun ra-

paz que tiña moitos cartos, Toni Román. Traballabamos cunha cámara de 9 mm. e íamos descubrindo cousas extraordinarias que agora son normais". Despois foi a Madrid e trocou a vontade de seu pai, que o quería médico, pola súa grande paixón, a Biología. E tamén en Madrid decidiu o seu camiño político, de republicano de esquerdas e nacionalista galego. Chegou a ser neses anos de efervescencia comisario xeral de todas as FUE (Federación Universitaria Española) cofundando o cine clube da organización estudantil.

Neses anos de fervor, viaxando a París, trabando amizade con Buñuel, tendo a oportunidade de coñecer o cine de vangarda e realizando os seus primeiros documentais, Velo xa se confirma como o grande criador que había ser. "A primeira película que tiven nas mans —contáballe Velo nos anos 80 a Miguel Anxo Fernández— foi *O acourazado Potemkim*. Conteille os fotogramas un por un. Como era o director do cineclub puiden ter a película comigo tres días na casa e quixen saber como demo estaba feito isto. Foi unha reve-

lación tan extraordinaria que aí decidiuse a miña vocación".

Despois ven o golpe militar, a fuxida dun paseo seguro no monte Furriolo, onde tanto sangue verteron militares e falanxistas, a peripécia polas frentes de guerra e os campos de concentración na Franza. Finalmente chega a México onde comeza outra vida, "o nacer de novo mirando á matria", como titula M.A. Fernández.

### Intelectual de prisma múltiple

Home dunha época singular, Carlos Velo destellou en todas as súas actividades. Está considerado polos historiadores do cine, xunto a Mantilla, como un dos primeiros documentalistas do Estado. Despois dunha traxectoria neste eido, en 1936 comezou o rodaxe de *Galicia* "un título mítico nunha utópica filmografía galega" que finalmente ficou perdido, "foi nas Xociviga do ano 1985 onde tivemos ocasión de visionar en soporte vídeo, traídos desde México polo propio Velo, arredor de cincuenta anos despois, dez minutos da

metraje de *Galicia*, a primeira gran acta audiovisual levanta no país que, seguramente de non acontecer o drama da guerra, como tiña manifestado lúcida e reiteradamente Luis Seoane, sería o ponto e partida para un cine nacional galego xunto con *Mariñeiros* de Xosé Suárez".

O ronsel de películas de Carlos Velo completouse en México. Desde o formidabel *Torero* ás múltiples curtametraxes e documentais. Permaneceu sempre ideando novos proxectos e tivo tempo a participar na vida política dos exiliados nacionalistas. Fundador da revista *Vieiros*, animador do Padroado da Cultura Galega en México, Carlos Velo tamén está entre os fundadores da UPG coerente cunha traxectoria política fiel ao seu país e á militancia de esquerdas.

"Morreu Velo en México capital, o 1 de Marzo de 1988 —escribe o seu biógrafo. As súas cinzas foron espalladas polo Atlántico conforme ao seu desexo seguro como estaba o cineasta e intelectual galego de que as correntes do océano levaríanas até a súa benquerida Fisterra céltica".

## A mentira da publicidade

XOSÉ RAMON POUSA

A verdadeira arte da publicidade consiste en vender o imposible e, pese ao que poida creerse, o normal é que o consiga. Pero, para acadar tales logros, a ciencia publicitaria non lle queda máis remedio que mentir. Míntenos co sorriso, co vestido, coa cosmética, mesmo co idioma... A forza de tanta mentira interesada, dá a impresión de que publicitarse en español, mesmo en medios inteiramente realizados en galego, como a TVG, dá o resultado apetecido polos fenómenos da creatividade e forma parte desa estratexia publicitaria de chamar a atención sobre algo que non a pode ofrecer por si mesmo. Non doutro xeito podería entenderse este absurdo ao que asistimos.

Fago esta reflexión á volta da entrega duns meritórios premios á publicidade en galego outorgados polo Consello Asesor da RTVE, cuio xurado apenas tivo que perder tempo nas súas deliberacións, ante as poucas candidaturas apresentadas. Que publicitar no noso idioma sexa motivo de premio, cando debería ser principal argumento da lóxica comercial, nunha sociedade que coñece e emprega maioritariamente o galego, expresa perfectamente a paranoia que nos traemos os galegos.

Sen publicidade comercial non é posíbel sostener un sistema de medios de comunicación capaz de servir con certa independencia aos intereses da sociedade e ao mesmo tempo contribuir ao desenvolvemento económico. Impulsar o galego nos contidos comunicacionais non pode excluir á linguaxe da publicidade. Por iso estes premios serven para chamar a atención sobre a cativa presenza do galego na publicidade comercial. Demostrar a súa efectividade non pode ser difícil.

## VOLVER AO REGO

Esteban Méndez e Gutiérrez tan cómodos fumando Marlboro no tresillo de cretona da Moncloa. Entre unha partida e outra de *monopoly* firmaban o recorte das pensións e o novo PER. Nesas andaban cando chamaron polo mancoiro uns sindicalistas de base que antes, cando as folgas xerais contra os socialistas, eran de Agustín Moreno e de Redondo, pero que teñen fillos e xa se sabe. Contaron que obreiros do carbón do Bierzo estiveran a piques de lle medir o lombo. "As bases piden un sinal", dixeron. "Que sinal?, preguntaron Méndez e Gutiérrez a coro. "Pois un sinal de que aínda seguimos representando aos currantes", responderon os outros. E velaí porque se convocou a folga de funcionarios, para salvar a cara e poder volver axiña á partida de *monopoly*.

## OFERTA EN VÓS

### → IDA E VOLTA ←

Buenos Aires.....	115.000 ptas.	Amsterdam .....	50.500 ptas.
Buenos Aires.....	106.000 ptas.	Bogotá.....	109.900 ptas.
Buenos Aires*.....	122.000 ptas.	Asunción.....	123.000 ptas.
*(Con hotel en Amsterdam)			
São Paulo/Río.....	97.500 ptas.	Montevideo.....	120.000 ptas.
São Paulo/Río.....	97.500 ptas.	Bologna.....	51.000 ptas.
Toronto.....	86.000 ptas.	Frankfurt.....	51.000 ptas.
New York.....	76.000 ptas.	Cairo.....	77.000 ptas.
London.....	33.000 ptas.	Macau.....	125.000 ptas.
Santiago de Chile.....	115.000 ptas.	Zurich / Geneve.....	51.000 ptas.
Paris.....	33.000 ptas.	Johannesburg.....	143.000 ptas.
Lima.....	115.000 ptas.	Montreal.....	85.000 ptas.
Oslo / Stockholm.....	70.000 ptas.	Miami.....	95.000 ptas.
Milano / Roma.....	51.000 ptas.	México.....	115.000 ptas.
		Nairobi.....	117.500 ptas.

### → SÓ IDA

Buenos Aires.....	77.000 ptas.	London.....	26.000 ptas.
São Paulo / Rio.....	68.000 ptas.	Milano.....	42.700 ptas.
Amsterdam.....	39.500 ptas.	Dublin.....	39.500 ptas.
Paris.....	28.000 ptas.	Montreal.....	59.000 ptas.
Geneve.....	43.000 ptas.	Hamburg.....	42.500 ptas.
Frankfurt.....	45.700 ptas.	Dusseldorf.....	42.000 ptas.
Zurich.....	37.800 ptas.	Edinburgh.....	39.500 ptas.
Colonia.....	50.500 ptas.	Glasgow.....	39.900 ptas.
Stuttgart.....	40.900 ptas.	Norwich.....	39.900 ptas.

MINHÓ EXPRESSO  
VIAGENS

SAIDA DO PORTO

TELF. (07 - 35151) 82 48 93 - FAX 23 798  
VALENÇA DO MINHÓ

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo